

↗ Memoria Cidade da Cultura de Galicia 2022



↗ Memoria Cidade da Cultura de Galicia 2022

↗ ÍNDICE

- 01 / Edificio Fontán / páxina 16
- 02 / Actividade cultural / páxina 26
- 03 / Emprender no Gaiás / páxina 121
- 04 / Biblioteca de Galicia / páxina 131
- 05 / Arquivo de Galicia / páxina 147
- 06 / Eventos / páxina 163
- 07 / As Torres Hejduk / páxina 183
- 08 / Comunidade / páxina 185

2022 EN CIFRAS

Visitas

1.017.976

Visitas ao complexo

+265.541

Derivadas da vacinación contra a Covid-19

+7M

Visitantes desde a apertura da Cidade da Cultura en 2011

354.544

Accesos á páxina web cidadedacultura.gal

Programación cultural

211

Actividades culturais

+1,5M

Participantes no programa cultural do Gaiás desde a súa apertura, con 2.000 actividades organizadas

190.112

Participantes no programa cultural do Gaiás

148.569

Asistentes en actividades na Cidade da Cultura

40.446

Asistentes en actividades fora do Gaiás

1.097

Asistentes en liña

Exposicións

30

Exposicións organizadas en 2022

9

Grandes mostras no
Museo Centro Gaiás

12

Noutros espazos da
Cidade da Cultura

9

Itinerancias
noutras cidades

Eventos

384

Eventos acollidos en 2022 de
institucións, empresas e organizacións sociais

36.320

Persoas asistentes

Comunidade

100.081

Persoas seguidoras
en redes sociais

+ 5.000

Persoas socias do Club Gaiás

A posta en marcha do edificio Fontán foi un dos fitos destacados do ano 2022 na Cidade da Cultura: só un ano despois do remate das obras, son xa 130 persoas -entre persoal técnico e investigador- as que traballan nas súas institucións residentes e as instalacións e equipamentos do Fontán acolleron xa máis dun centenar de eventos con máis de 11.000 asistentes.

Ademais, o Gaiás despediu 2022 superando o millón de visitas e coa cifra récord dunha trintena de exposicións organizadas nun mesmo ano, un máximo que se acadou precisamente durante a celebración do décimo aniversario do Museo Gaiás. Co obxectivo de levar os seus contidos máis alá de Santiago de Compostela e ampliar o público que pode acceder a eles, as mostras exhibíronse non só nos espazos da Cidade da Cultura, senón tamén nunha decena de centros e museos doutras localidades.

↗ Triplícase o número de visitas á Cidade da Cultura desde a súa apertura

↗ Posta en marcha do edificio Fontán





Fortalecemento do programa cultural

O balance cultural de 2022 pechouse cun total de 200 actividades e máis de 190.000 asistentes, datos que acreditan como o número de participantes no programa cultural do Gaiás se duplicou na última década.

A oferta cultural de 2022 veu marcada pola internacionalización, con colaboracións con prestixiosos museos como o Vítro Design Museum —un dos museos de deseño máis relevantes do mundo— na exposición *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño 1924-2020*, e ata unha ducia de institucións museísticas de oito países europeos no proxecto expositivo *Camiños creativos*, que amosou obras da Galería Uffizi (Palazzo Pitti) de Florencia, a Thyssen-Bornemisza Art Contemporary de Viena, o LIMA de

Amsterdam, o Kunsten Museum of Modern Art de Aalborg (Dinamarca), o Museo Fabre de Montpellier, ou os británicos The Courtauld Gallery, Holburne Museum ou a British Library -entre outros-.

A dixitalización foi outra das claves do ano, con propostas como instalación de realidade virtual *O Galiverso empeza aquí* e o oscarizado proxecto inmersivo *Carne y Arena*. Esta vangardista experiencia dirixida polo cineasta mexicano Alejandro G. Iñárritu explora a experiencia das persoas migrantes e refuxiadas e chegou ao Gaiás en 2022, sendo a primeira vez que se podía ver na Península Ibérica e tras pasar por cidades como Milán, Ámsterdam, Montreal, Dallas, Washington D. C., Denver ou Cidade de México.

↗ Duplícase nunha década o número de participantes no programa cultural

↗ Récord expositivo: 30 mostras nun ano



Descentralización

Seguindo os obxectivos fixados no seu II Plan Estratégico, o Gaiás impulsou un programa de itinerancias co fin de levar os seus contidos a outros centros culturais principalmente de dentro de Galicia, pero tamén de fóra. Neste eido, *Cidades no tempo* foi a principal aposta, unha proposta loxisticamente complexa que supón a organización dunha mostra en cada unha das sete principais urbes galegas e que botou a andar en 2022 con *Santiago no tempo* e *Ferrol no tempo*.

O programa de itinerancias fixo posible achegar a varias cidades exposicións do Gaiás como *Galicia futura* —que puido verse en A Coruña e Lugo—, *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* —con itinerancias en Vigo e Tui— ou

Xacobeo. As pegadas do Camiño —exhibida na Biblioteca Nacional de España, en Madrid—.

Ademais, este programa de itinerancias permitiu pór o foco dun xeito especial na figura de Laxeiro no ano que a Real Academia Galega de Belas Artes dedicou a un dos principais pintores galegos do século XX. A exposición *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires 1950-1970)*, inaugurada en Lalín —localidade natal do pintor—, viaxou á Real Academia de Bellas Artes de San Fernando (Madrid) antes de ser exhibida no Museo Gaiás e posteriormente, xa no arranque de 2023, en París.

↗ Descentralización do Gaiás: itinerancias expositivas en 9 cidades, incluíndo París e Madrid



Apoio á creación

Outra das prioridades de 2022 foi o apoio á creación, a través do programa de *Residencias Artísticas do Gaiás (REGA)*. Máis dunha vintena de proxectos beneficiáronse desta iniciativa, que por vez primeira incluíu unha convocatoria pública coa adxudicación de axudas de 8.000 euros para promover que se desenvolvan proxectos artísticos aproveitando os recursos técnicos e espazos da Cidade da Cultura.



Xacobeo

Ao longo deste Ano Santo bienal, o Gaiás contribuíu de xeito moi significativo ao programa do Xacobeo 21-22, principalmente a través da organización da súa oferta expositiva, producindo mostras polas que pasaron máis de 200.000 persoas e con títulos como *Xacobeo. As pegadas do Camiño*, *O Camiño Portugués*, *Lembranzas de mar e pedra*, *A Vía da Prata*. *Aires do Sur*, a triloxia formada por *Galicia*, un

relato no mundo, *Galicia*, *de Nós a nós* e *Galicia futura* ou o proxecto *Cidades no tempo*, con sete sedes, nas principais cidades galegas.

Eventos no Gaiás

O incremento da actividade no Gaiás reflíctese non só no seu programa cultural, senón tamén na súa capacidade para atraer eventos. De feito, en 2022, os seus espazos acolleron arredor de 400, con preto de 37.000 participantes.

As cifras refírense a congresos, presentacións, foros ou xuntanzas organizadas por empresas, organizacións sociais e institucións.



Responsabilidade social

Por outra banda, un ano máis cabe salientar como o equipamento e a capacidade das instalacións da Cidade da Cultura serve á Xunta de Galicia para dar resposta a demandas sociais especiais. Así, o edificio CINC foi o lugar designado para acoller o xuízo do Alvia, unha das causas máis complexas da historia xudicial galega, entre outros factores, polo elevado número de partes que participan.

Nesta liña, o Gaiás tamén colaborou de novo co Sergas ofrecendo a Sala Eisenman como centro de vacinación, espazo polo que pasaron 265.000 persoas e que rematou de cumprir esta función en novembro de 2022. Estas cifras quedan excluídas do cómputo global de persoas participantes nas actividades do Gaiás.





Espazos verdes

A Xunta continuou en 2022 a mellorar os atractivos dos espazos exteriores do complexo e fíxoo coa creación dunha pista de BMX na zona sur e dun labirinto, construído a xeito de instalación artística, dándolle unha segunda vida a placas de formigón sobrantes da estrutura do Teatro da Música, onde se atopa hoxe o Edificio Fontán.

Ambas instalacións súmanse ás esculturas de artistas como Francisco Leiro ou Manolo Paz, e á rede de sendas e miradoiros cos que se busca pór en valor as máis de 40 hectáreas verdes do Gaiás, onde medran máis de 12.000 árbores, no que supón un dos bosques de especies autóctonas máis grandes á beira da AP-9.

01/ EDIFICIO FONTÁN:

EDUCACIÓN, PATRIMONIO, INVESTIGACIÓN

O ano 2022 marcou a posta en marcha a pleno rendemento da actividade do edificio Fontán, unha instalación destinada a dar resposta a unha dobre necesidade de Galicia: por unha banda, avanzar na integración das tres universidades galegas –ao acoller servizos que dan apoio a todos os campus da comunidade– e, por outra banda, potenciar a investigación de excelencia nos estudos sobre o patrimonio, situando na nosa autonomía un dos centros nacionais de referencia neste eido –en colaboración co CSIC–.

Neste exercicio abríronse tamén novas liñas de traballo –como o proxecto que culminará coa creación do primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia– ao tempo que se apostou por avanzar na mellora da accesibilidade, sostibilidade e eficiencia enerxética do complexo. Actuacións dirixidas a continuar a ampliar e consolidar as instalacións para o lecer e o ocio ao aire libre –coa posta en funcionamento dunha pista de BMX ou o reforzo das áreas verdes e naturais englobadas no Bosque de Galicia– foron tamén outras das prioridades.





Posta en funcionamento do edificio Fontán

Un dos fitos da Cidade da Cultura neste exercicio foi a posta en funcionamento do edificio Fontán, tras a súa inauguración a finais de 2021 e a instalación progresiva do persoal das súas entidades e institucións residentes —para o que foron realizadas pequenas adaptacións interiores no edificio. Con este último paso, culminan definitivamente os grandes proxectos construtivos do Gaiás para dar inicio a unha nova fase marcada pola expansión da actividade nos eidos da cultura, o patrimonio, a ciencia, a educación, o emprendemento e a tecnoloxía.

Só un ano despois do remate das obras, son xa 130 persoas —entre persoal técnico e investigador— as que traballan nas institucións residentes no Fontán: o Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG), a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario (ACSUG), o Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC) ou o Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Está previsto que este número continúe a medrar ata chegar aos douscentos traballadores.

Máis alá da actividade ordinaria desenvolvida polas institucións residentes no edificio, as instalacións do Fontán —entre as que se conta o maior auditorio da Cidade da Cultura— acolleron un total de 112 eventos (congresos, seminarios, foros...), nos que participaron máis de 11.000 persoas, números que dan conta do grao de actividade desta nova infraestrutura dedicada a impulsar a calidade do sistema universitario galego e os estudos do patrimonio.



Entidades residentes no Fontán

Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit-CSIC)

Organismo dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC) que promove a investigación científica sobre o patrimonio cultural. O Incipit ocupa outra quinta parte do Fontán (2.393 metros cadrados) e, polo uso destas instalacións, o CSIC achegou 2,4 millóns á Cidade da Cultura, ademais de asumir o custo anual dos gastos que xere o Incipit-CSIC polo desenvolvemento da súa actividade.

Nos dez anos transcorridos desde a súa creación, acadou un notable prestixio internacional e converteuse nun centro atractivo para investigadores de todo o mundo. Conta cun equipo cun alto nivel de internacionalización, dunhas sesenta persoas de once nacionalidades diferentes, entre persoal investigador funcionario, técnico, posdoutoral e predoutoral. Ademais de en Galicia e España, o Incipit-CSIC realiza traballos de campo e proxectos de investigación en países como Portugal, Chile, Arxentina, Uruguai, Bolivia, Perú, Guinea, Etiopía, Somalia, Tanzania, Senegal, Reino Unido, Francia, Grecia ou Mongolia.

Consortio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia

O Fontán é sede de servizos transversais das tres universidades galegas ao acoller o Consortio Interuniversitario de Galicia, corazón da xestión conxunta universitaria, que impulsa a colaboración en materia organizativa, económica, técnica e administrativa. É a cristalización dun obxectivo estratéxico para o Sistema Universitario de Galicia: fomentar a cooperación interna das tres institucións

académicas para ser máis fortes e competitivas como sistema. Centraliza os servizos bibliográficos, a organización das probas de acceso á educación superior e o desenvolvemento de programas informáticos que melloren a xestión académica.

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

Ten a misión fundamental de garantir a calidade do Sistema Universitario de Galicia. Para iso leva a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

Centro de Investigación Interuniversitario de Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC)

Primeiro centro universitario de investigación vencellado ás Ciencias Sociais e ás Humanidades. Dependente do SUG, dedícase á investigación e ao coñecemento sobre a paisaxe, os itinerarios culturais e o patrimonio cultural e trátase do primeiro e único centro de investigación de España nestas áreas de coñecemento. Ocupa unha quinta parte do Fontán e funciona como un observatorio permanente do Camiño de Santiago, encargándose de estudar a xestión, promoción, sostibilidade e protección dos camiños e do seu patrimonio cultural.



Centro de Artes Dixitais de Galicia

Co obxectivo de continuar a pór en valor o potencial das nosas industrias culturais e creativas nas contornas virtuais, e na liña dos obxectivos definidos no seu II Plan Estratéxico, a Cidade da Cultura está a traballar na definición do proxecto do primeiro Centro de Artes Dixitais de Galicia, que se instalará nos espazos en desuso dos sotos do Teatro da Música —hoxe edificio Fontán—.

En 2022 comezouse a avanzar na definición do programa de necesidades e elaboración do Proxecto Básico para o desenvolvemento das obras a partir de 2023. Deste xeito, o futuro Centro comezará funcionar na segunda metade do 2025.

O Centro de Artes Dixitais, que será tamén un dos pioneiros en España, ao nivel dos existentes nas grandes capitais, propónse aproveitar a ventá de oportunidade que ofrecen as artes dixitas como motor cultural e económico, en termos de xeración de empresas innovadoras e postos de traballo, así como ferramenta para preservar e divulgar o patrimonio e contribuír a elevar a calidade do sistema educativo.

Este proxecto non esixe a construción dun novo edificio, senón que se aproveitará a oportunidade que ofrece a existencia de sotos en desuso na Cidade da Cultura, un total de 4.400 metros cadrados. Estes espazos, inicialmente construídos como aparcadoiros soterrados do que ía ser o Teatro da Música, un dos edificios paralizados no Gaiás, presentan polas súas características arquitectónicas (espazos pechados sen iluminación exterior) a contorna axeitada para este tipo de infraestruturas tecnolóxicas.

A súa localización permitirá ademais establecer sinerxías con outras infraestruturas tecnolóxicas que se atopan na Cidade da Cultura, como a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou o Polo GaiásTech, así como con espazos culturais como o Museo Centro Gaiás, a Biblioteca e Arquivo de Galicia ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, institucións comprometidas coa estratexia de dixitalización da cultura impulsada polo Goberno galego.





Ampliando espazos para o deporte e o lecer

Posta en servizo dunha pista de BMX

Desde o verán de 2022, o Gaiás conta entre os seus espazos dedicados ao lecer e ao deporte ao aire libre cunha pista deportiva para a práctica do ciclismo BMX. Trátase dun circuíto de 400 metros de lonxitude cun grao de dificultade medio, de xeito que pode resultar atractivo a usuarios e usuarias con distintos niveis de destreza.

A pista está situada na ladeira sur do monte Gaiás, sobre un outeiro artificial. Non se trata dunha pista de carreiras oficial, xa que nin a lonxitude nin o ancho están adaptados á normativa para considerarse como tal, pero si se tiveron en conta para a súa construción as consideracións de seguridade recollidas na Guía de pistas BMX da Unión Ciclista Internacional.

Nos laterais da pista deixouse unha zona de seguridade dun ancho mínimo de 2 metros, libre de obstáculos, cuberta con céspede. Os bordos da pista e a zona de seguridade atópanse ao mesmo nivel para evitar arestas que poidan producir lesións no caso de caídas. As curvas contan cun peralte e un ancho superior aos dos tramos rectos para incrementar a seguridade nos xiros.

O circuíto conta con treitos rectos, curvas, elevacións... O pavimento da pista está formado por balastro artificial estabilizado por cemento, presentando unha superficie rugosa para evitar esvaróns. Ademais, o pavimento conta con pendentes transversais para favorecer a evacuación da auga de choiva cara ao interior e os noiros situados no perímetro do circuíto.

A idade mínima para o uso da pista sitúase nos 14 anos. No caso de que sexa utilizada por persoas de menor idade, estas deben facelo baixo a supervisión dunha persoa responsable.



Construción dun labirinto

Ao sueste das Torres Hejduk sitúase a modo de intervención escultórica un labirinto de 500 metros cadrados asentado nunha depresión artificial, a xeito de cráter, construída nun pequeno outeiro. A área componse de vinte lousas de formigón armado que conformaban a estrutura anterior onde hoxe se asenta o edificio Fontán, dando deste xeito uso aos materiais das distintas intervencións que se realizan no complexo. Os espazos entre as lousas complétanse con muros vexetais, integrándose no espazo.

Ampliación do Bosque de Galicia

Continuaron os traballos de ampliación, coidado e posta en valor do Bosque de Galicia, incorporando no extremo sur do monte novas sendas peonís, árbores, iluminación e moblaxe urbana. Finalizáronse tamén os traballos de acondicionamento de lindes, co tratamento de noiros e a recuperación dos camiños e regatos ocasionais preexistentes.

No seu conxunto, os traballos para crear o Bosque de Galicia leváronse a cabo en tres fases diferentes. Así, as oito hectáreas da ampliación rematadas en 2022 súmanse agora ás 20,8 acondicionadas na primeira fase e ás 9,9 na segunda. O resultado é un bosque con máis de 12.000 árbores de especies autóctonas, unha superficie que se achega ás 40 hectáreas e unha rede de sendeiros de seis quilómetros.



Novos proxectos para un Gaiás máis sostible e accesible

En 2022 redactáronse diferentes proxectos de actuacións encamiñadas a mellorar nos vindeiros exercicios a accesibilidade e xestión sostible do complexo. Nesta liña de traballo, inclúense desde reformas para incrementar as prestacións de instalacións xa existentes, melloras nos accesos do tránsito rodado, actuacións para o aforro de auga ou para acadar unha accesibilidade real tanto dos edificios coma da contorna arquitectónica e a programación a persoas con dificultades de mobilidade, diversidade funcional ou necesidades especiais.

Plan de Accesibilidade Universal

Redacción do proxecto para a mellora da accesibilidade tanto dos propios edificios do complexo arquitectónico, como dos servizos, eventos e programación que ofrece. Con este proxecto procúrase a Certificación de Accesibilidade, segundo o establecido na UNE 17001. A implantación do mesmo realizarase por fases sucesivas, comezando polos espazos exteriores do complexo.

Mellora da contorna da AP-9

Previsión de actuacións complementarias que melloren o límite leste do Monte Gaiás no seu encontro coa autoestrada, mediante o tratamento dos noiros, rotondas e beirarrúas das vías que as conectan, dando continuidade a actuacións xa levadas a cabo en anos anteriores.

Remodelación do Campo do Gaiás

Proxecto para a mellora das prestacións deste espazo multifuncional, situado no extremo sueste do complexo, a carón do acceso á AP-9 e os aparcadoiros. Os traballos proxectados buscan que poida dar resposta dun xeito máis acaído tanto á hora de acoller actividades artísticas e escénicas multitudinarias, como que funcione como ampliación do espazo de aparcadoiro exterior.

Captación de auga para mellora da rede de rego

Inicio dos traballos desta actuación destinada ao aproveitamento da auga de choiva acumulada no Parque do Lago para o rego doutras zonas axardinadas do complexo. Esta acción será complementaria a outras destinadas á mellora da sostibilidade ambiental.

Mellora da eficiencia enerxética

De xeito recorrente e mediante traballos programados a medio e longo prazo, continúan a desenvolverse diferentes investimentos e actuacións xa iniciados en anteriores exercicios. Nesta liña de acción, por exemplo, estase a actuar na substitución de equipos obsoletos por outros de maior eficiencia ou na incorporación de equipamento de regulación máis avanzado que permita afinar e mellorar os consumos enerxéticos.



Iluminación exterior de Nadal

Os espazos exteriores volveron lucir en decembro coa iluminación de Nadal inspirada nun ceo cargado de estrelas, que guía as persoas visitantes a través do complexo. En 2022, a instalación de luminarias incluíu novamente as tres rúas principais do complexo, que discorren entre o Centro de Emprendemento, a Biblioteca de Galicia, o edificio Fontán e o edificio CINC, sumándose á iluminación propia do Museo Centro Gaiás, o Parque da Balea e o Bosque de Galicia e a súa árbore luminosa, que permite contemplar o Gaiás tamén na noite compostelá como unha nova porta iluminada.

02/ ACTIVIDADE CULTURAL

N unha década, a Cidade da Cultura practicamente dobrou o número de persoas que participan nas súas actividades culturais —pasando de 103.000 en 2012 a preto de 200.000 en 2022—, un dato que confirma a fase de expansión de actividade que vive actualmente o Gaiás, deixando atrás un período marcado polos proxectos construtivos para dar paso a unha consolidación do seu programa de usos.

En 2022, a Cidade da Cultura apostou dun xeito moi decidido por fortalecer o seu programa expositivo nun ano no que precisamente o Museo Centro Gaiás cumpría unha década de vida. Máis de 25 exposicións, intervencións artísticas e itinerancias, proxectos dixitais e tecnolóxicos pioneiros, a expansión da actividade cultural do Gaiás a outras cidades e centros culturais e o establecemento de alianzas con destacados museos e institucións de todo o mundo marcaron os fitos deste exercicio.

Tamén o programa de Residencias Artísticas do Gaiás, REGA, recibiu un pulo decidido neste exercicio, cunha vintena de proxectos apoiados e o lanzamento dunha nova liña de axudas á creación destinadas a promover proxectos artísticos nos eidos das artes plásticas, escénicas, na música e no deseño, aproveitando os recursos técnicos e espazos da propia Cidade da Cultura.

Non faltou tampouco unha ampla e diversa programación escénica, musical e familiar que neste ano volveu contar con citas tan consolidadas como o festival Escenas do Cambio e o ciclo de concertos estivais Atardecer no Gaiás, e incorporacións como novos programas de visitas arquitectónicas, espectáculos infantís ou obradoiros de arte destinados a que o público miúdo puidese aprender xogando e favorecer a un tempo a conciliación das familias.



02.1 / EXPOSICIÓNS NO MUSEO CENTRO GAIÁS



Galicia futura. Todo o que imos ser

Do 14 de xullo de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 1

Galicia futura foi o terceiro gran proxecto expositivo da Xunta de Galicia na Cidade da Cultura con motivo do Xacobeo 21-22 e pechou o ciclo iniciado con *Galicia, un relato no mundo e Galicia, de Nós a nós*. Esta exposición artellábase ao redor da pregunta "como imaxinas ti a Galicia futura?", a través dun suxestivo diálogo entre arte e ciencia, entre tecnoloxía e creatividade. A mostra propúxose tomar o pulso do presente para propoñer un percorrido por fitos e ideas innovadoras que xa están a marcar os vieiros do porvir da nosa comunidade en diferentes campos. Exploraba así un futuro desexado e posible, partindo do traballo que están a desenvolver a día de hoxe diferentes profesionais e grupos de vangarda.

Amosar o que se está a facer desde distintas áreas do coñecemento, facer visible como as conexións entre os diferentes campos do saber nos permiten comprender a súa progresión, e procurar as claves e estratexias que están a configurar o porvir de Galicia foron os obxectivos dunha mostra viva, que quixo transcender as paredes do Museo Gaiás e impulsar procesos creativos propios. Por iso, exhibiu pezas artísticas creadas especificamente para este proxecto por destacados nomes das artes plásticas, as letras, o audiovisual, a ciencia, a escena, o deseño ou a música galega, que contribuíron á visión diversa e coral que ofreceu a exposición.

Comisariado

Deborah García Bello, @deborahciencia, é química e divulgadora científica. Investiga ciencia de materiais aplicados á arte contemporánea no Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA) da Universidade da Coruña, dirixe as xornadas Ciencia & Arte de Bilbao e forma parte do equipo de formación e transferencia científica de L'Oréal. Foi galardoada cos premios Prisma, Bitácoras e Tesla á divulgación científica.

Miguel Angel Cajigal Vera, @elbarroquista, é historiador da arte e divulgador cultural. Forma parte do equipo do Servizo de Educación e Mediación da Fundación Cidade da Cultura e dirixe o Máster en Educación en Museos e Espazos Culturais da Universidad Miguel de Cervantes. É membro do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS) e do Consello Internacional de Museos (ICOM).



Datas: Do 14 de xullo de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes e domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Deborah García Bello e Miguel Ángel Cajigal Vera

Consello científico asesor: María D. Mayán Santos, Moisés Canle López, Carlos Salgado, Edita de Lorenzo Rodríguez, María Loureiro García, Carlos Quintáns, María García Alén, Lucía Freitas, Nuria Carballo, Xosé Manuel Núñez Seixas, Sofía (Wöyza) Trigo Piñeiro, Oliver Laxe, Patricia García, Juan Luis Méndez, Cesáreo González Pardo, Marisa Calderón, Ismael Faro e Guillermo López Taboada.

Artistas que elaboraron obra ad hoc para a exposición: Rubén Ramos Balsa, Oliver Laxe, Marta Pazos, Vitor Mejuto, Juan Lesta, Noemí Chantada, Matías Tarrío, María Núñez, Manuel Marcos Martínez, María Gutiérrez, Damián Uceda, Estibaliz Espinosa, Miguel Robledo, Lucía Estévez, María Lado, Lucía Aldao, Giovanna Lopalco, Sofía Trigo (Wöyza), Manuel Vázquez, Xulia Pisón, Clara Cerviño, Xan Sabarís, Rober Amado e Lucía García Rey.

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia presencial: 1.541 persoas en 2022 (37.443 persoas en total entre 2021 e 2022)

Asistencia en liña: 350 persoas

ITINERANCIAS

LUGO

Datas: Do 24 de febreiro a 23 de abril 2022

Espazo: Sala de exposicións sede Afundación Lugo

Horario: De luns a sábado de 17:30 a 20:30 h.

Asistencia: 1.349 persoas.

Colabora: Afundación

A CORUÑA

Datas: Do 17 de xuño ao 30 de xullo 2022

Espazo: Sala de exposicións sede Afundación A Coruña

Horario: De luns a sábado de 17:30 a 20:30 h.

Asistencia: 2.144 persoas

Colabora: Afundación

Asistencia total en todas as sedes:

Presencial: 5.034 persoas en 2022 (40.936 persoas en total)

En liña: 350 persoas no ano 2021

CATÁLOGO

Deseño: Costa.

Textos: Miguel Ángel Cajigal Vera, Deborah García Bello, María Loureiro, Carlos Quintáns, Carlos Salgado, Wöyza, David Barro, Moisés Canle, Juan Luis Méndez, Lucía Freitas, Oliver Laxe, María García Alén, Cesáreo Pardo, María Mayán, Edita de Lorenzo, Nuria Carballo, Patricia García, Guillermo López Taboada, Ismael Faro, Manuel Vázquez, Costa Comunicación, Xosé Manuel Núñez Seixas, Marisa Calderón.

Tirada: 1.000 exemplares. Edición: Galego/castelán/ inglés. Encadernación en rústica con solapas, 320 páxinas, 220 x 250 mm.



Castillo, escultor

Do 20 de outubro de 2021 ao 20 de febreiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 2

A exposición *Castillo, escultor* mergullounos na arte de Jorge Castillo Casalderrey (Pontevedra, 1933) para pór en valor a obra escultórica deste artista galego de relevancia e traxectoria internacional. Malia ser a súa faceta creativa máis descoñecida, a escultura de Jorge Castillo comparte a grandeza da súa obra pictórica e permítenos afondar no seu proceso artístico. Nela estiveron presentes aspectos basilares no conxunto da obra do artista, como a atención á natureza humana e á metafísica do ser como obxecto primordial de estudo. obxecto primordial de estudo.

Foi unha oportunidade única para coñecer a escultura de Jorge Castillo, pois tratouse da súa primeira exposición centrada integramente nesta faceta artística, e que percorreu de xeito retrospectivo toda a traxectoria do autor. A través dunha escolma de 120 obras –na súa meirande parte esculturas, pero tamén relevos, augafortes, acrílicos ou gravados–, a mostra percorreu a súa extensa traxectoria, con máis de seis décadas en activo, e as súas diferentes etapas creativas, incluíndo recentes obras de gran formato e arxilas datadas nos últimos cinco anos.

A exposición estivo comisariada pola historiadora de arte contemporánea Pilar Corredoira, unha das maiores especialistas na obra de Jorge Castillo.

Comisariado

Pilar Corredoira é historiadora da Arte Contemporánea, comisaria de exposicións, investigadora no eido da arte galega dos séculos XX e XXI e unha das maiores coñecedoras da traxectoria e persoal universo creativo de Jorge Castillo.

Datos: Do 20 de outubro de 2021 ao 20 de febreiro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2

Horario: De martes a domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Pilar Corredoira

Asistencia: 5.004 persoas en 2022 (13.583 persoas en total)

CATÁLOGO

Deseño: Táktika Comunicación

Textos: Pilar Corredoira (Castillo escultor / Castillo escultor)

Yolanda Quirós: (Atopos / Átopos), Jorge Castillo (Lapis e papel / Lápis y papel - Cronología/ Biografía de Jorge Castillo).

Fotografías: Manuel Quirós, Daisuke Kato, Daniel Loewe, José Luis Muncio, Manuel G. Vicente, Taggio Castillo Binetti, Héctor Noguera Castillo, Yolanda Quirós.

Tirada: 600 exemplares. Formato : 29 x 30 cm (pechado).

Edición: Galego/ castelán/ inglés

O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra

Do 27 de outubro de 2021 ao 17 de abril de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 3

O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra foi unha exposición que buscou fomentar o encontro transfronteirizo a través da fotografía. Con material procedente de arquivos fotográficos de Portugal e España, tomou como punto de partida a cidade do Porto, para seguir o itinerario do Camiño Portugués ata Compostela.

A exposición estivo conformada por un total de 120 fotografías, 80 históricas e 40 actuais, na que participaron artistas contemporáneos como Carla Andrade, Tono Arias, Antón Buciños, Vari Caramés, Nicolás Combarro, Eva Díez, Jesús Madriñán, Carmenchu Alemán, Juan Manuel Castro Prieto, Luis Vioque ou José Luis Borges.

As fotografías históricas, asinadas por autores como Nicolás Muller, Artur Pastor, Aurélio Paz dos Reis, José Suárez, ou Otto Wunderlich foron cedidas por coleccións como as do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Pacheco, Arquivo da Deputación Provincial de Pontevedra, Arquivo José Suárez, Arquivo Municipal de Lisboa, Arquivo Municipal do Porto, Fondo Nicolás Muller do Archivo Regional de la Comunidad de Madrid, Bildarchiv Foto Marburg, Centro Portugués de Fotografía, Colección Roisin do IEFC, Fototeca del Patrimonio Histórico, Library of Congress ou o Museo de Pontevedra.

A exposición estivo comisariada pola fotógrafa e documentalista Lucía Laín.

Comisariado

De ampla traxectoria no desenvolvemento de proxectos documentais, editoriais e expositivos, **Lucía Laín** é fotógrafa, documentalista e licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid.

Datas: Do 27 de outubro de 2021 ao 17 de abril de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3

Horario: De martes e domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Lucía Laín

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 13.118 persoas en 2022 (21.051 persoas en total)

En liña: 243 persoas

ITINERANCIAS

VIGO

Datas: Do 20 de maio ao 4 de setembro de 2022

Espazo: Museo do Mar de Galicia, Vigo

Horario: De martes e domingo de 11 a 14 h. e de 16:30 a 20:30 h.

Asistencia: 10.098 persoas

TUI

Datas: Do 1 de decembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023

Espazo: Sala municipal de exposicións, Edificio Francisco Sánchez, Tui

Horario: De luns a venres de 9 a 14 h. e de 16 a 21 h.

Sábados de 9 a 13h.

Asistencia: 647 persoas

Asistencia total en todas as sedes:

Presencial: 23.863 en 2022 (31.796 en total)

En liña: 243 persoas

CATÁLOGO

Deseño: Numax

Textos: Lucía Laín

Tirada: 1.000 exemplares.

Edición: Galego / castelán / inglés / portugués. Extensión : 230 páxinas. Formato 210x225mm. Encadernación en tapa dura con lombo.





Xacobeo. As pegadas do Camiño

Do 11 de marzo ao 29 de maio de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 1

Xacobeo. As pegadas do Camiño é un proxecto expositivo realizado en colaboración coa Biblioteca Nacional de España e Acción Cultural Española e baixo o comisariado de Darío Villanueva. Nesta exposición explóuse a riqueza dos testemuños que o Camiño de Santiago deixou desde a Idade Media tanto nas coleccións da Biblioteca Nacional como noutras institucións culturais españolas e de fóra de España. O obxectivo da mostra foi subliñar a vocación europeísta que distinguiu desde o principio o fenómeno xacobeo, verdadeira columna vertebral que sustentou ao longo dos tempos a diversidade e pluralidade dos distintos pobos europeos cunha cultura compartida, e que levou a que o Camiño de Santiago fose no 2004 merecedor do premio Príncipe de Asturias da Concordia.

A exposición amosa unha selección de pezas significativas das diferentes facetas do Camiño: histórica, cultural, artística, literaria, sociolóxica, política, antropolóxica, xeográfica, paisaxística e vivencial. Todas estas son as diferentes pegadas que o Camiño produce sobre as persoas que o transitan. Logo da súa exhibición en Madrid estivo aberta ao público no Museo Centro Gaiás entre o 11 de marzo e o 29 de maio de 2022.

Comisariado

Darío Villanueva é crítico literario e catedrático da Universidade de Santiago de Compostela, da que foi reitor entre 1994 e 2002. Entre os anos 2014 e 2018 dirixiu a Real Academia Española.

Datos: Do 11 de marzo ao 29 de maio de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes e domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Darío Villanueva

Comité científico: Carmen Manso, Juan Monterroso, Paolo Caucci von Sauken e Xosé Luis Barreiro

Deseño museográfico: Anne Alcubierre, Espai e

Colabora: Biblioteca Nacional de España e Acción Cultural Española

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 13.029 persoas en 2022

ITINERANCIA

Madrid

Datos: Do 10 de novembro de 2021 ao 6 de febreiro de 2022

Espazo: Biblioteca Nacional de España, sala Recoletos Madrid

Horario: De luns a sábado de 10 a 20 h. Domingos de 10 a 14 h.

Asistencia: 7.619 persoas en 2022 (18.934 persoas en total)

Asistencia total en todas as sedes: 20.648 persoas en 2022
(31.963 persoas en total)

CATÁLOGO

Editado por Biblioteca Nacional de España e Xunta de Galicia.

Textos: Darío Villanueva, Xosé Luis Barreiro Rivas, Paolo Caucci von Sauken, Carmen Manso Porto, Juan Manuel Monterroso, Klaus Herbers, Mario Crecente, Andrés Torres Queiruga, Xosé Manuel Villanueva Prieto, Rocío Sánchez Ameijeiras, Ramón Yzquierdo Perrín, Francisco Singul Lorenzo e Carlos Villanueva Abelairas.

Edición de textos, tradución, fotomecánica, deseño e maquetación: Alejandra Yadira Rodríguez Puente. Acción gráfica XPO&ED

Impresión: Mangraf

Edición: Castelán/ Galego. Tamaño: 21, 5 x 27, 5 cm.



María Casares – Pedro Soler. Collioure 1989

Do 5 de maio ao 28 de agosto de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 0

Para conmemorar a figura de Antonio Machado no 50 aniversario da súa morte, Pedro Soler, guitarrista de flamenco nado en Toulouse, convidou á actriz galega exiliada en Francia, María Casares a poñer voz aos versos do poeta nun recital homenaxe ao escritor falecido. Da comunión entre os textos de Machado, a voz de Casares e a guitarra de Soler naceu un recital inesquecible.

Trinta e tres anos despois dese evento, e coincidindo co centenario do nacemento da actriz, o Festival *Escenas do cambio* quixo lembrar ese concerto inaugurando a súa oitava edición coa exposición *María Casares – Pedro Soler, Collioure, 1989*. O festival comezaba así a súa andaina do ano 2022 reivindicando a María Casares como figura chave da vangarda escénica e conectando a súa herdanza coa creación contemporánea galega.

Na mostra podíanse atopar obxectos e pezas inéditas das súas últimas xiras por Francia, nas cales foi acompañada por artistas como o guitarrista Pedro Soler e Enrique Morente, entre outros. Incluía tamén elementos como programas de man, carteis, artigos de prensa, revistas da época, fotografías, discos ou manuscritos da actriz.

Comisariado

Carlota Ojea deu os seus primeiros pasos no eido cultural traballando no Palacio da Ópera da Coruña, a súa cidade natal. Xestionou a xira española de Chavela Vargas, foi xefa de produción dos premios Max, e produciu o Festival Empower Music en Fuenlabrada. Actualmente dirixe a empresa de produción e distribución de eventos Que Arte.

Datas: Do 5 de maio ao 28 de agosto de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 0

Horario: De luns a domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Carlota Ojea

[Programación do festival Escenas do cambio]



Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)

Do 27 de setembro ao 18 de decembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 3

Tomando o título dunha sobranceira obra de Laxeiro dos anos sesenta —*Foi un home* (1963)—, a exposición formulaba unha nova perspectiva sobre a obra de plena madurez de José Otero Abeledo, aquela que o artista máis coñecido como Laxeiro realizou durante a súa longa estadía en Arxentina entre 1950 e 1970. Nese período, o artista movíase nun ambiente cosmopolita e galego ao tempo, aberto a todo tipo de influencias e contactos, mais cunha fidelidade intensa aos temas de tradición galega.

O obxectivo principal desta exposición foi difundir o legado dun dos grandes renovadores da pintura galega dentro e fóra de Galicia, co gallo da celebración do “Día das Artes Galegas”. Por esta razón a exposición inaugurouse na súa vila natal (Lalín), aínda que tamén contou con itinerancias en Madrid, Santiago de Compostela (na Cidade da Cultura) e París.

Comisariado

Carlos L. Bernárdez desenvolve o seu traballo no ámbito da análise cultural en dúas liñas fundamentais: os estudos da literatura galega do século vinte —con especial atención aos movementos de vangarda—, e a descentralización dos relatos na historia da arte, especialmente a galega.

Datos: Do 27 de setembro ao 18 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3

Horario: De martes e domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Carlos L. Bernárdez

Coorganiza: Concello de Lalín

Colaboran: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando, Instituto Cervantes París. Embaixada de España en Francia

Asistencia: 11.374 persoas

ITINERANCIA

Lalín

Datos: Do 6 de abril ao 5 de xuño de 2022

Espazo: Museo Municipal Ramón María Aller

Horario: De luns a venres de 10 a 14h e de 17:30 a 20 h. Sábados de 11 a 14 h.

Asistencia: 2.052 persoas

MADRID

Datos: Do 22 de xuño ao 24 de xullo de 2022

Espazo: Real Academia de Bellas Artes de San Fernando

Horario: De martes a sábado de 11 a 20 h. Domingos e festivos de 10 a 15 h.

Asistencia: 1.948 persoas

Asistencia total en todas as sedes : 15.374 persoas (en 2022)

CATÁLOGO

Textos: Carlos L. Bernárdez; Javier Pérez Buján

Deseño e maquetación: Eva Prado Pichel

Edición: Galego/ castelán/ inglés

Tirada: 1000 exemplares. 176 páxinas. 185 mm (ancho) x 240 mm (alto) (pechado).





Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020

Do 7 de abril ao 28 de agosto de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 2

Desde os seus inicios, o surrealismo inspirouse no deseño e nos obxectos cotiáns e alterounos para facelos máis fantasiosos, oníricos, irónicos, terroríficos ou emocionais. Desde que fora presentada oficialmente en 1924 co Manifesto do Surrealismo de André Breton, esta corrente artística impulsou a deseñadores e deseñadoras críticos co racionalismo a cuestionar a realidade que se agocha tras o visible, a deseñar obxectos que rompen coa rutina. A súa influencia estendeuse por todos os ámbitos do deseño do último século: desde o mobiliario e o interiorismo ata a moda, o cinema, a fotografía ou o deseño gráfico.

Co obxectivo de explorar a frutífera relación de intercambio e diálogo entre surrealismo e deseño, a exposición *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020* xustapoñía obras de arte surrealista e destacadas pezas de deseño dos últimos cen anos. Nela foron incluídas pinturas, esculturas, obxectos de colección, carteis, revistas, libros e fotografías, así como películas históricas. Entre os artistas e deseñadores expostos podíanse atopar nomes como os de Man Ray, Giorgio de Chirico, Le Corbusier, Salvador Dalí, Leonor Fini, Ray Eames, Carlo Mollino, Gae Aulenti, Achille Castiglioni, Isamu Noguchi ou Meret Oppenheim, entre moitos outros.

As obras exhibidas pertencían na súa maioría ao Vitra Design Museum, pero tamén a coleccións, fundacións e museos de todo o mundo, como a Fondazione Giorgio e Isa de Chirico, o San Diego Museum of Art, o West Dean College, o Museo Casa Mollino, a Fondazione Achille Castiglioni, ou o Design Museum Den Bosch.

Comisariado

Mateo Kries é director do Vitra Design Museum en Basilea desde 2011. Estudou Historia da Arte e Socioloxía na Humboldt-University en Berlín. Ten comisariado numerosas exposicións e publicado libros sobre Le Corbusier, Ludwig Mies van der Rohe, Joe Colombo e Konstantin Grcic, entre outros, ademais de co-editar o Atlas of Furniture Design.

Datas: Do 7 de abril ao 28 de agosto de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2

Horario: De martes a domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Mateo Kries

Coorganizan: Fundación "la Caixa", Vitra Design Museum e Xunta de Galicia

Patrocina: Hugo Boss

Colabora: Art Mentor Foundation Lucerne |

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 28.762 persoas



A Vía da Prata. Aires do Sur

Do 7 de xuño ao 4 de setembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 3

A Vía da Prata. Aires do Sur continuou a serie expositiva iniciada por *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* para adentrarse nas rutas xacobeas a través da ollada fotográfica. Comisariada pola historiadora, guionista e documentalista Lucía Laín, esta segunda mostra reflexionou sobre a diversidade e a interrelación entre tradicións e culturas, sobre a soidade, a distancia e o paso do tempo cunha ollada desde o presente cara ao pasado nun relato único no que as imaxes tomadas por grandes clásicos se sucedían nun interesante diálogo coa mirada actual de fotógrafos e fotógrafas do noso presente.

A mostra amosaba paisaxes, monumentos e escenas cotiás que foron inmortalizadas desde o século XIX ata os nosos días: un total de 140 imaxes de 40 fotógrafos e fotógrafas que convidaban a contemplar a realidade coa ollada curiosa e serena do camiñante.

A exposición amosaba imaxes de artistas que fotografaron os camiños e as xentes da Vía da Prata desde finais do século XIX, e que forman xa parte da nosa memoria, como Antóni Passaporte, Aurélio da Paz dos Reis, Enrique Guinea, J. Lacoste, Jean Poujade, Jean Laurent, José Suárez, Juan Miguel Pando Barrero, Luis Agromayor, Manuel Cuenca, Martínez Hebert, Nicolás Muller, Otto Wunderlich, Jaime Pacheco, R. Onieva, Ramón Parada Justel e Roberto Arranz.

Esa visión histórica estivo completada polos traballos de artistas da fotografía contemporánea como os premios nacionais Cristina García Rodero e Juan Manuel Castro Prieto, e tamén Anna Turbau, Andrés Marín, Antón Bucións, Atín Aya, Brais Lorenzo, Carmenchu Alemán, Fernando Manso, Iñaki Matilla, Javier Berasaluce, José Manuel Navia, Juan Manuel Báez Mezquita, Laura Martínez Lombardía, Luis Vioque, M. Castro Baro, Manuel G. Vicente, Miguel Muñiz, Roberto de la Torre, Tere Fernández, Vicente López Tofiño e Yorgos Karailias.

Comisariado

De ampla traxectoria no desenvolvemento de proxectos documentais, editoriais e expositivos, **Lucía Laín** é fotógrafa, documentalista e licenciada en Ciencias da Información pola Universidad Complutense de Madrid.

Datos: Do 7 de xuño ao 4 de setembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 3

Horario: De martes a domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Lucía Laín

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 16.011 persoas

CATÁLOGO

Textos: Lucía Laín

Deseño e maquetación: Laboratorio Numax

Edición: Galego/ castelán/ inglés. Tamaño: 21 x 25 cm. Extensión: 256 páxinas. Tirada: 1.000 exemplares. Encadernación en tapa dura con lombo.





Cidades no tempo

2022-2024

Cidades no tempo é un gran proxecto expositivo que abrangue as sete principais cidades galegas, converténdose en sete mostras singulares que comparten a mesma estrutura. O seu percorrido daba comezo o 3 de xuño de 2022 na sede de Afundación en Santiago de Compostela para continuar logo polo espazo da entidade en Ferrol e estendéndose a Lugo, A Coruña, Vigo, Pontevedra e Ourense durante 2023 e 2024. É dunha das propostas principais da programación do Xacobeo 21-22 da Xunta de Galicia, que neste caso xurdiu da súa colaboración, a través da Fundación Cidade da Cultura, con Afundación (Obra Social ABANCA). Neste proxecto, as sedes desta entidade en cada cidade galega acubillan as distintas mostras dedicadas a cadansúa evolución urbana, cunha estrutura compartida, pero cun carácter singular que narra a súa propia historia.

A través da combinación entre materiais físicos e tecnoloxías interactivas, con documentos, planos, mapas, fotografías, obras de arte e obxectos históricos e cotiáns, este formato de exposición propón unha experiencia multimedia de descubrimento das orixes das culturas urbanas, sendo un dos proxectos expositivos de maior complexidade técnica impulsados pola Xunta de Galicia nos últimos tempos.

O comisario

Manuel Gago é doutor en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela, director da plataforma de divulgación cultural culturagalega.gal do Consello da Cultura Galega e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC. Especializado na confluencia entre cultura e tecnoloxía, é responsable de numerosas iniciativas de posta en valor do patrimonio cultural, ademais de colaborador dos principais medios de comunicación do país. Como comisario de exposicións, Gago ten traballado con algunhas das máis relevantes institucións do ámbito galego e xestionado pezas dos máis destacados centros internacionais.

Datas: 2022 – 2024

Espazos: Sedes de Afundación nas sete principais cidades galegas

Comisariado: Manuel Gago

Colabora: Afundación

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia total en 2022: 8.103 persoas



Santiago de Compostela no tempo

Do 3 de xuño ao 10 de setembro de 2022 | Sala exposicións sede Afundación, Santiago de Compostela

Santiago de Compostela no tempo foi a primeira exposición en botar a andar das sete mostras que conforman *Cidades no tempo*. A exposición exploraba a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio que conforma a capital de Galicia, abranguendo distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación, a memoria e os imaxinarios locais. Todo isto tendo en conta os grandes polos da cidade como son o Goberno autonómico, a Universidade ou a Catedral, punto final do lendario Camiño e un dos destinos culturais máis relevantes de Europa.

Un dos atractivos das pezas exhibidas en Santiago foi *O libro das horas de Fernando I*, considerado o libro máis antigo conservado en Galicia.

Datos: Do 3 de xuño ao 10 de setembro de 2022

Espazo: Sala exposicións sede Afundación, Santiago de Compostela

Horario: De luns a domingo de 12 a 14 h e de 17 a 21 h.

Coordinador local: Xosé Ramón Lema Bendaña

Asistencia: 4.163 persoas

CATÁLOGO

Textos: Manuel Gago, Miguel Pazos Otón, Xaquín Núñez Sabarís, Cristina Sánchez-Carretero, Xosé Ramón Lema Bendaña.

Deseño e maquetación: Desoños

Edición: Galego / castelán

Tamaño: 23 x 28 cm.

Extensión: 248 páxinas.

Tirada: 500 exemplares. Encadernación en tapa dura á inglesa (lombo curvo solto).



Ferrol no tempo

Do 18 de novembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023 | Sala exposicións sede Afundación, Ferrol

Ferrol no tempo foi a segunda exposición en botar a andar das sete mostras que conforman un proxecto máis amplo, *Cidades no tempo*, que ten como protagonistas as setes principais urbes galegas ao longo dos anos 2022, 2023 e 2024.

Co obxectivo de reivindicar a cultura urbana como compoñente chave da identidade galega en xeral e da área de Ferrol en particular, exploraba a interacción entre o urbanismo, a sociedade e o territorio nunha cidade caracterizada por ser un dos mellores casos de urbanismo ilustrado do país.

Desde distintas perspectivas como son a estética, a economía, a creación artística, a educación e a memoria, a exposición afondaba nunha urbe que foi medrando desde o Ferrol Vello conservado nos símbolos, baixo a presenza dunha das principais bases da Armada Española e importantes estaleiros da mariña militar e mercante. Esta mostra incluía un percorrido pola primeira cidade que deu entrada aos saberes técnicos e tecnolóxicos, cunha poboación obreira cunha demanda de acceso á educación moi relevante, sendo tamén o primeiro núcleo galego onde se inaugurou unha Escola de Artes e Oficios.

Datas: Do 18 de novembro de 2022 ao 28 de xaneiro de 2023

Espazo: Sala exposicións sede Afundación, Ferrol

Horario: De luns a venres de de 11 a 14 h e de 17 a 20 h.

Sábados de 11 a 14 h e de 17 a 19 h.

Coordinador local: Guillermo Llorca Freire

Asistencia: 3.940 persoas

CATÁLOGO

Textos: VV.AA.

Deseño e maquetación: Desoños

Edición: Galego / castelán

Tamaño: 23 x 28 cm.

Extensión: 248 páxinas

Tirada: 500 exemplares. Encadernación en tapa dura á inglesa (lombo curvo solto).



Carne y Arena (Virtualmente presente. Físicamente invisible), de Alejandro G. Iñárritu

Do 1 de xullo ao 18 de setembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 1

Carne y Arena é unha vangardista experiencia inmersiva de realidade virtual dirixida polo director mexicano Alejandro González Iñárritu que permite poñerse na pel das persoas migrantes e refuxiadas mexicanas e centroamericanas que intentan chegar a territorio estadounidense. A peza foi estreada internacionalmente na 70ª edición do Festival de Cinema de Cannes como a primeira curtametraxe de realidade virtual na historia do festival. Ese mesmo ano 2017, Iñárritu recibiu un Oscar especial por ela, sendo recoñecida pola Academia como "unha experiencia narrativa visionaria e poderosa". A súa estancia na Cidade da Cultura foi a primeira e única oportunidade ata o momento para vela na Península Ibérica, tras amosarse en cidades como Los Ángeles, Washington D.C., Dallas, Montreal, Cidade de México, Amsterdam, Milán ou Cannes.

Baseada en relatos reais, as liñas superficiais entre suxeito e espectador esvaécense ata mesturarse, permitindo a quen participa na experiencia pasear por un vasto espazo e experimentar en profundidade un fragmento das viaxes persoais das persoas refuxiadas. Deseñada como unha travesía de quince minutos para unha persoa, xira arredor dunha secuencia de realidade virtual experimentada por tres visitantes simultáneos en salas separadas, con tecnoloxía inmersiva de vangarda para crear un espazo multinarrativo de luz con personaxes humanas.



O director

Alejandro G. Iñárritu (Cidade de México, 1963) é director, guionista, locutor e compositor mexicano, gañador de cinco Premios Oscar. É un dos cineastas máis aclamados a nivel mundial, recoñecido por contar historias conmovedoras sobre a complexidade e profundidade da condición humana. Dirixiu filmes como *Amores perros* (2000), *21 gramos* (2003), *Babel* (2006), *Beautiful* (2010), *Birdman* (2014) o *The Revenant* (2015).

Datas: Do 1 de xullo ao 18 de setembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes a domingo:

- De mañá: de 10:20 a 14:20 h.
- De tarde: de 16 a 19:40 h.

Dirección: Alejandro González Iñárritu

Coorganiza: Legendary Entertainment, Emerson Collective, Fondazione Prada e PHI Studio

Colabora: 90_20

Prezo entrada: 9€/persoa. Venda de entradas en Ataquilla [Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 4.367 persoas



Camiños creativos

Do 11 de novembro de 2022 ao 9 de abril de 2023 | Museo Centro Gaiás, andar 1

Comisariada pola galega Monserrat Pis Marcos, conservadora do Holburne Museum en Bath, a exposición *Camiños creativos* afondaba na relación entre o desprazamento e a arte, concretamente como o desprazamento a pé se integra como axente determinante do proceso artístico: camiñar para crear.

Esta mostra exhibía un centenar de obras procedentes de destacadas coleccións internacionais dos museos máis recoñecidos internacionalmente, como a British Library, Kenwood House e Holburne Museum, Gallerie Degli Uffizi e Palazzo Pitti Museo, Thyssen-Bornemisza Art Contemporary, Musée Fabre Montpellier, Museo Nacional del Prado, ou Museo Nacional de Arte Reina Sofia, entre outros; e tamén de grandes artistas como Turner, John Constable, Gustave Courbet, Carlos de Haes e Joaquín Sorolla, entre outros.

A interacción e o diálogo co público foi un dos piares desta exposición e foron moitas as obras que precisaban da participación das persoas visitantes, procurando a sorpresa, a reacción ou o movemento humano para completar o propio proceso de creación.

Unha aplicación para crear melodías a partir do movemento das mareas realizada pola artista británica Victoria Evans; as pinturas de Irene Grau a partir de pigmentos con cinza da vaga de lumes do 2017; un xogo de mesa arredor das andanzas de peregrinos e turistas creado por Juanma González; audiovisuais de creadoras como Elia Torrecilla, Clara Montoya ou Honi Ryan... son só algúns dos exemplos das instalacións e pezas contemporáneas que sorprenderon ao público da mostra.



A comisaria

Montserrat Pis Marcos é historiadora da arte, profesional de museos e comisaria de exposicións. Máster en Comisariado de Museos de Arte por The Courtauld Institute of Art (Londres) e Máster en Xestión de Bens Culturais (Palazzo Spinelli, Istituto per l'arte e il restauro, Florencia), posúe unha traxectoria profesional de máis dunha década ao servizo de institucións museísticas e culturais nacionais e internacionais.

Datas: Do 11 de novembro de 2022 ao 9 de abril de 2023

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 1

Horario: De martes a domingo de 10 a 20 h.

Comisariado: Montserrat Pis Marcos

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 8.505 persoas no 2022

CÁTALOGO

Textos: Carmen Pena, Francesco Careri, Pilar Montero, Elia Torrecilla, Honi Ryan, Montserrat Pis Marcos.

Deseño e maquetación: Jesús Madriñán

Edición: Galego / Castelán / Inglés

Tirada: 500 exemplares. Tamaño: 21 x 25 cm. Extensión: 300 páxinas.



De lugares e cousas. Colección de Arte Banco Sabadell

Do 21 de outubro de 2022 ao 16 de abril de 2023 | Museo Centro Gaiás, andar 2

Composta por 41 obras pertencentes aos fondos da Colección de Arte Banco Sabadell, a exposición *De lugares e cousas* propoñía unha reflexión, a través da arte contemporánea, sobre os símbolos, significados e sentidos cos que dotamos e construímos os lugares, e tamén sobre a relación da obra artística cos espazos que habita.

A mostra reuniu pezas de tres xeracións de artistas contemporáneos actuais, dos máis relevantes de Galicia, España e Portugal, que percorren a evolución da arte contemporánea desde a segunda metade do século XX ata os nosos días. Nomes como os de Eduardo Chillida, Esther Ferrer, Antoni Tàpies, Isidoro Valcárcel Medina, José Pedro Croft ou Susana Solano, entre outros, están presentes canda pezas de Cristina Iglesias, Jaume Plensa, Dora García, Alicia Framis, Jordi Colomer ou David Bestué. Da parte galega, inclúense obras de Manolo Paz, Ángela de la Cruz, Antón Patiño e Christian García Bello.

A Colección de Arte Banco Sabadell foise ampliando

ao ritmo do crecemento do banco. A meirande parte das obras son actuais e, como é habitual, foron adquiridas pola súa calidade artística, o seu valor innovador e o que poidan supoñer de investimento, ademais do seu valor decorativo. En tal sentido, cómpre lembrar que unha das cuestións que a singularizan é, precisamente, a función de decoración dos espazos de traballo e de relación cos clientes e os accionistas do banco. Daquela, valores e estética conxúganse para se converter nun elemento destacado da imaxe da institución.

Datas: Do 21 de outubro de 2022 ao 16 de abril de 2023

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2

Horario: De martes a domingo de 10 a 20 h.

Coorganiza: Colección de Arte Banco Sabadell

Asistencia: 9.813 persoas en 2022



02.2 / APOIO Á CREACIÓN: INTERVENCIÓNS ARTÍSTICAS

En terra firme VIII Concurso de proxectos artísticos do EAN10

Do 26 de agosto de 2021 ao 9 xaneiro de 2022 | Torres Hejduk

Concibida como un exercicio de inmersión, *En terra firme* mergullaba as persoas visitantes nunha experiencia que aludía á xeometría da luz do faro e ao propio percorrido vital e persoal. Esta proposta creativa de Ana Núñez Rodríguez (Lugo, 1984) e Sebastián Sandoval Quimbayo (Bogotá, 1986) resultou gañadora do VIII Concurso de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocado en 2020 entre os e as participantes do *X Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura (EAN10)*.

Os faros son ao tempo testemuñas de infinidade de historias sobre a peregrinación e sinais do camiño para os viaxeiros ao longo da historia. Esta arquitectura convértese na ferramenta que dá aviso ao fin dunha travesía ou á chegada a terra firme, orientando nas circunstancias máis adversas e permitindo chegar a destino. Do mesmo xeito, a instalación proposta por Ana Núñez e Sebastián Sandoval tiña como obxectivo guiar as persoas visitantes da Cidade da Cultura na súa travesía.

Artistas

Ana Núñez Rodríguez é enxeñeira química industrial da Universidade Autónoma de Madrid con estudos en fotografía documental e creación contemporánea en IDEP Barcelona, posgrao en fotografía da Universidade Nacional de Colombia e Máster en fotografía e sociedade na Academia Real de Belas Artes da Haia, Holanda.

Sebastián Sandoval Quimbayo estudou artes plásticas e visuais na Universidade Distrital de Colombia, Facultade de Artes ASAB-Bogotá, afondando en arte sonora, fotografía, pintura e vídeo. Máster en arte sonora da Universitat de Barcelona. Realizou estudos en sonoloxía no Conservatorio Real da Haia, Holanda.

Datas: Do 26 de agosto de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

Espazo: Torres Hejduk

Artistas: Ana Núñez Rodríguez e Sebastián Sandoval Quimbayo

Colabora: Fundación Banco Sabadell

[Programación Xacobeo 21-22]



2 Torres, 2 Camiños Intervención paisaxística

Do 1 de abril ao 7 de agosto de 2022 | Torres Hejduk

2 Torres, 2 Camiños recuperaba o sentido máis espiritual e simbólico da ruta xacobeá, entretecendo simbolicamente os diferentes camiños, ceos e galaxias coas vidas das persoas que desde hai milenios andan os mesmos pasos camiñando cara a Santiago de Compostela.

O proxecto unía nun mesmo espazo dual o itinerario das estrelas (*Iter Stellarum*) cos itinerarios dos peregrinos (*Iter Humani*). O primeiro manifestábase na torre opaca, escenario da fugacidade das estrelas, convidando ás persoas visitantes a percorrer a Vía Láctea a través dunha proxección inmersiva. Por outra banda, a torre transparente condensaba o enxame de camiños e sendas que levan a Santiago, o *Iter Humani*, materializado nun gran nobelo de cordeis enleados que representan este labirinto de itinerarios e vidas entrecruzadas que enriquecen cada día a esencia espiritual da ruta xacobeá.

Ao igual que as persoas que fan a peregrinación a Santiago, a instalación quería facer pensar sobre o sentido da vida, un dos pensamentos máis comúns entre as persoas que realizan a ruta, e como a través da súa viaxe os camiños celestes e os humanos se entrelazan na peregrinaxe.

Nesta intervención contouse coa participación de Beatriz Tejero na interpretación dunha peza das Cantigas de Santa María de Alfonso X (s. XIII): *Santa María, strela do día* (CSM 100).

Colectivo Citerea

Ana Luengo, Coro Millares, Jaime Luengo, Mariano Redondo e Beatriz Tejero forman un equipo multidisciplinar de arquitectas paisaxistas, historiadoras, deseñadores gráficos e industriais que entende o proxecto de paisaxe nunha dimensión cultural. As súas actuacións abranguen naturalmente proxectos de execución de parques e xardíns públicos e privados, mais tamén a restauración de xardíns históricos, a investigación sobre as paisaxes culturais, as súas dinámicas e evolución, así como as súas dimensións económicas e sociais.

Datas: Do 1 de abril ao 7 de agosto de 2022

Espazo: Torres Hejduk

Artistas: Colectivo Citerea: Ana Luengo, Coro Millares, Jaime Luengo, Mariano Redondo, Beatriz Tejero

Patrocina: VIAQUA

[Programación Xacobeo 21-22]

A porta aberta

IX Concurso de proxectos artísticos do EAN11

Do 1 de setembro de 2022 ao 8 de xaneiro de 2023 | Torres Hejduk

A porta aberta foi un proxecto vivencial para “habitar” as Torres Hejduk e convertelas temporalmente nun estudio artístico aberto ao público e ao diálogo. Nesta proposta plástica e performática, a artista galega Lúa Gándara (O Porriño, 1988), converteu o interior das Hejduk no seu lugar de traballo durante un mes, amosando o seu proceso de creación, agasallando cun debuxo orixinal e ofrecendo a oportunidade de conversar sobre arte e pintura abstracta.

Desde a concepción da arte como disciplina aberta, ultrapasando as barreiras que sitúan o público como axente pasivo, Lúa Gándara convidaba con *A porta aberta* a acceder ao seu particular laboratorio e universo creativo. Nunha analoxía do xeito en que Galicia recibe ás persoas camiñantes, e compartindo o espírito de apertura e convivencia presente na cerna do Xacobeo, a artista acollía o público participante dándolle ademais un agasallo. Este estudio artístico efémero permaneceu aberto para a súa visita semanas despois da estancia física da creadora nas Torres, exhibíndose ata xaneiro o “corpus visual” da obra producida nesta instalación.

A proposta foi a vencedora da IX Convocatoria de Intervencións Artísticas nas Torres Hejduk, convocada en 2021 no marco do *XI Encontro de Artistas Novos, EAN11*.

A artista

Lúa Gándara (O Porriño, 1988) é unha artista multidisciplinar graduada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, cun posgrao de Creación Sonora na Universitat de Barcelona e un mestrado de Profesorado en Educación Secundaria na especialidade de Artes e Debuxo. A súa obra plástica foi seleccionada en diversos certames como a 15ª mostra MAC, Museo de Arte Contemporáneo Fundación Naturgy, o Prémio Artistas do Alto Minho e Galiza 2016 da Fundación Bienal de Cerveira, o VIII Premio para Novos Artistas Auditorio de Galicia ou a X Bienal Internacional Pintor Laxeiro, entre outros. Obtivo o Primeiro Premio Novos talentos luso-galaicos na IX Bienal de Pintura Premio Eixo Atlántico e o Premio Xurado Novo na sección Contemporánea do festival INTERSECCIÓN Contemporary Audiovisual Art Festival (2021). En 2022 estreou a performance *Tú nunca podrás cantar* con La Juan Gallery nos Teatros del Canal de Madrid.

Datas: Do 1 de setembro de 2022 ao 8 de xaneiro de 2023

Espazo: Torres Hejduk

Artista: Lúa Gándara


Horario: Do 1 ao 30 de setembro, coa presenza de Lúa Gándara: de martes a domingo, de 10:30 a 14 h. e de 16 a 19:30 h. (excepto o 17 de setembro, pechado)

Do 1 de outubro ao 8 de xaneiro puido visitarse o estudio artístico e as obras realizadas, sen a presenza de Lúa Gándara: Todos os días, de 10 a 20 h.

Colabora: Fundación Banco Sabadell

[Programación Xacobeo 21-22]

Asistencia: 687 persoas participaron da performance durante a estada da artista nas Torres Hejduk



02.3 / APOIO Á CREACIÓN: PROGRAMA REGA — RESIDENCIAS ARTÍSTICAS DO GAIÁS

REGA | Facendo novos camiños

Do 9 de decembro de 2021 ao 8 de maio de 2022 | Museo Centro Gaiás | Espazos REGA 2 e 3

Dentro das residencias artísticas no Gaiás naceu no 2021 un novo programa para fomentar a nova creación na música, na danza e as artes vivas. Baixo o título de *Facendo novos camiños*, e co apoio da directora do festival *Escenas do cambio*, Lola Correa, puxéronse en marcha tres residencias ás que se convidou a participar a creadores de cada un deses tres eidos para idear unha nova obra que mantivese unha vinculación conceptual co Camiño de Santiago.

Artistas e proxectos seleccionados:

Mercé de Rande | Mu-danza. Unha muller que camiña
Mateo Feijóo | Sons do esquecemento ou A navalla do tempo
Ramón Souto | Nihil

[Programación Xacobeo 21-22]





Mercé de Rande

Mu-danza. Unha muller que camiña

O proxecto seleccionado da coreógrafa Mercé de Rande fixo unha procura do camiño como medio de evolución persoal e iniciación espiritual. A partir dunha reflexión sobre a propia acción de camiñar, dos procesos de creación artísticos e da representación de camiños e camiñantes desde a antropoloxía ata a arte, a artista realizaba unha combinación de movemento e vídeo nunha peza construída especificamente para un espazo no Museo Centro Gaiás. Mercé de Rande facía referencia no título a unha das esculturas máis famosas de A. Giacometti *L'Homme qui marche* (O home que camiña) para elaborar o seu propio relato sobre a experiencia de camiñar e como esta nos conecta coa memoria e o tempo, co espazo e tamén coa natureza.

Dramaturxia: Afonso Becerra

Vídeo-creación: Jesús Andrés Tejada

Co-creación de vídeo e espazo sonoro: Chucho González

Obra gráfica relativa a lugares concretos: Mercé de Rande

Concepto, dirección artística, coreografía e interpretación: Mercé de Rande

Asistencia no desenvolvemento inicial do concepto: Rafa Xaneiro

Asesoría Belas Artes: Silvia García González

Espazo: Espazo REGA 3

Datas: Residencia:

9 e 10 de decembro de 2021

Do 11 ao 14 de xaneiro de 2022

Do 21 ao 23 de febreiro de 2022

Do 5 e 6 de abril de 2022

Do 19 de abril ao 5 de maio de 2022

Estrea:

6 de maio de 2022, 19:30 h



Mateo Feijóo

Sons do esquecemento ou A navalla do tempo

Aludindo a un diálogo coa memoria, cun territorio e cunha herdanza colectiva ao fio do esquecemento, *Sons do esquecemento ou A navalla do tempo* mergullaba ao espectador nunha experiencia sensorial coa que favorecer a reflexión ao redor dun legado ao que cómpre darlle voz. Para dar vida a ese proxecto, o director artístico e coreógrafo Mateo Feijóo trasladouse á poboación ourensá de Vilar, na comarca da Baixa Limia, para construír un relato que tomaba como base as súas lembranzas e vivencias da infancia. Partindo do íntimo, das experiencias vitais e a cotiandade das xentes deste territorio, xeográfica e metaforicamente illado, recollía as sensacións e o saber que residen quedos na memoria, mais magoados polas pegadas do tempo. A fotografía e os rexistros sonoros constituíron os elementos chave dun espazo de encontro e intercambio, onde o espectador debía dialogar coa obra trazando o seu propio percorrido. "Deixarse atravesar polo camiño implica unha escoita sensorial. [...] trazamos un camiño na memoria, no coñecemento e nos valores que están suspendidos no fio da navalla, a punto de desaparecer".

Dirección artística: Mateo Feijóo

Creación espazo sonoro: Txema González de Lozoyo

Fotografía: Ximena Garrigues e Sergio Moya Mesa

Coa colaboración da veciñanza da aldea de Vilar

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Datos: Residencia:

Do 4 ao 17 de abril de 2022

Estrea:

5 de maio de 2022, 18 h



Ramón Souto *Nihil*

O proxecto *Nihil* de Ramón Souto xurdiu da reflexión iniciada por Gunther Anders no seu libro *Die Antiquiert der Menschen* sobre a obsolescencia da figura humana nun mundo no que a omnipotencia dos automatismos técnicos resulta humillante. Unha presenza asfixiante que supera e aniquila a propia intelixencia humana. A obsolescencia expresábase aquí na forma e presentación dunha serie de enxeños acústicos que xeran contexto. Mediante útiles de construción intervidos na súa faceta escultórica, e á vez visual e sonora, establecía un punto de partida para o diálogo entre diversos elementos e formatos sonoros.

Composición musical: Ramón Souto

Textos: Santiago López Petit

Enxeños sonoros: Ramón Souto, Ignacio Barcia, Henrique Fernandes, Gustavo Costa, Mateo Mena

Solistas: Guillermina Gallardo, mezzosoprano; Enrique Martínez, tenor; Pascal Zurek, baixo

Coro performance: Alicia Louzán, soprano; Sara Cayetano Sío, soprano; Remedios Cruz, contralto; Andrea Búa, contralto; Lucas López, baixo; Francisco Pérez Piñón, baixo.

Vertixe sonora: Roberto Alonso, violín; Pablo Coello, saxofón; María Mogas, acordeón; Carlos Méndez, contrabaixo; Nuno Pinto, guitarra eléctrica; Haruna Takebe e David Durán, piano; Diego Ventoso, percusión; Pilar Fontalba, oboe.

Esemble New Music Tallin: Marion Strandberg, frautas; Helena Tuuling, clarinete; Nina Kawaguchi, violín; Talvi Nurgama, viola; Teemu Mastovaara, violonchelo.

Espazo: Campo do Gaiás

Datas: Residencia: Do 10 ao 17 de abril de 2022

Estrea: 8 de maio de 2022, 06:30 h.



REGA | Clásicas desfeitas Vol. 4 e 5

Marzo de 2022 | Espazos REGA e Xardín literario

Clásicas desfeitas é un ciclo coproducido polo Centro Dramático Galego da AGADIC e a Cidade da Cultura que aprofunda en clásicos da literatura revisándoos e renovándoos desde a óptica contemporánea. En 2022, o Gaiás acolleu en residencia os Volumes 4 e 5 do ciclo: *Arte sen guión*, da compañía Galeatro, e *A barca do inferno*, de Nauta Teatro (compañía anteriormente coñecida como Moving Compass). Ambos proxectos traballaron sobre textos clásicos da literatura galega e portuguesa e do teatro medievais para presentarnos dúas anovadoras propostas que parten á procura de novos públicos empregando linguaxes e técnicas actuais do teatro de monicreques e da improvisación. O resultado tivo a súa estrea a finais de marzo na Cidade da Cultura.

Clásicas desfeitas no Festival de Teatro de Almagro
Galicia foi este ano 2022 a Comunidade Autónoma convidada de honra no Festival Internacional de Teatro Clásico de Almagro e dentro dos programas de produción que levan para dar a coñecer o traballo do sector das artes escénicas do festival foron escollidos os dous proxectos que formaron parte desta edición das *Clásicas desfeitas*, representándose en xullo de 2022 no Corral de Comedias de Almagro, cunha asistencia de 367 persoas.



Clásicas desfeitas Vol. 4 | Arte sen guión

Galeatro protagonizou o volume 4 do ciclo *Clásicas desfeitas*, utilizando o seu período de residencia para traballar no proceso creativo e de produción do espectáculo *Arte sen guión*, un proxecto cuxo obxectivo é traer á escena contemporánea as estruturas e técnicas da improvisación propias da Idade Media. O proceso incorpora música en directo con letras creadas no momento, de xeito moi semellante a como se traballaba na tradición galega das regueifas. Durante a súa estada fíxose unha especulación improvisada arredor do patrimonio dramático medieval, unha relectura dun tempo deostado sen perder o carácter festivo do teatro.

A compañía

Galeatro é a primeira compañía de teatro profesional de Carballo. Fundada polos actores Tone Martínez e Alba Bermúdez, ten percorrido gran parte dos centros educativos de Galicia cos seus espectáculos didácticos *De Leria con Castelao*, *O Contador de Contos*, *Contos no Faiado* e *O Xogo das Letras*. No 2017, coproduce xunto co FIOT, o seu primeiro espectáculo de gran formato, *Muiñada*. Esta colaboración afianzouse coa coprodución de *Carabela* no ano 2020.

Á súa vertente artística hai que lle engadir o seu labor de formación teatral, que no último ano chegou a máis de 200 estudantes. Galeatro nace coa intención de achegar as artes escénicas a un público familiar, contando para isto con dramaturgas galegas vivas coma Ana Carreira ou Paula Carballeira.

Con *Arte sen guión*, a compañía deu un paso máis achegándose ao público xuvenil e adulto sen esquecer as súas raíces.

Datas: Residencia: do 7 ao 18 de marzo de 2022

Representación: 19 e 20 de marzo de 2022

Lugar: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 3 e espazos exteriores

Compañía: Galeatro

Colabora: Centro Dramático Galego

Asistencia: 54 persoas

EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO

- Miguel Canalejo — Actor / Director
- Alba Bermúdez — Actriz / Espazo escénico
- Tone Martínez — Actor
- Cris Iglesias — Actriz
- Nacho Martín — Espazo sonoro
- Anahí Taraburelli — Deseño de vestiario



Clásicas desfeitas Vol. 5 | A barca do inferno

Conformando o volume 5 das *Clásicas desfeitas* coa peza *A barca do inferno*, a compañía Nauta Teatro explorou durante o seu período de residencia como transformar un espazo natural (neste caso a lagoa do Xardín Literario) nun espazo escénico-teatral, realizando un traballo de actualización da literatura medieval mediante a súa adaptación á sensibilidade dos nosos días. Traballaron para iso co texto do portugués Gil Vicente pertencente á súa 'triloxía das Barcas', *Auto da Barca do Inferno*, tamén coñecida como *Auto da moralidade*, escrito en 1516.

A compañía

Nauta Teatro é unha compañía internacional formada por un grupo de creadoras e creadores que veñen do teatro físico, a música, a danza e os mundos da máscara e a marioneta. Do desexo de afondar, investigar e descubrir a arte escénica do día de hoxe, Nauta Teatro vai cara a un teatro onde os estilos se xuntan para abrir novos espazos, á procura dunha arte dispoñible para un público sen elites e sen preferencias, e a un punto de encontro onde somerxerse no extraordinario.

A compañía nace en 2017 do encontro de Rafael Rey e Mathias Rodriguez en Bruxelas, en l'école internationale de théâtre LASSAAD. No verán do 2018 crean o espectáculo *Nino&Mambrú*, peza que reivindica un espectáculo de rúa, accesible e dispoñible para calquera que pase ao seu lado. A obra suma máis dun centenar de representacións en países

como Bélxica, Francia e España. Séguelle o cabaré para marionetas Titiritada, realizado en colaboración con outros artistas no festival Galicreques 2019. Ese mesmo ano, a compañía crea o seu primeiro espectáculo de sala, GAIA BABA, que marca os primeiros pasos de Moving Compass na investigación sobre as artes do monicreque, a máscara e o teatro físico. Participan xunto coa sala de teatro Ártika de Vigo e o Centro Dramático Galego no proxecto de investigación "Cambio de Foco". En 2021 desenvolven o proxecto Tacão, inspirados no relato "Sapatos de Tacão Alto" do autor mozambiqueño Mia Couto.

Datas: Residencia: do 3 ao 24 de marzo de 2022

Representación: 24 e 25 de marzo de 2022

Lugar: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 4 e Xardín Literario

Compañía: Nauta Teatro (antes Moving Compass)

Colabora: Centro Dramático Galego

Asistencia: 83 persoas

EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO

• **Dirección:** Rafael Rey

• **Elenco:** Pilar Pingarrón, Carlos Gallardo, Mathias Rodriguez
Tomé Mouriño e Rafael Rey

• **Escenografía e marionetas:** Nauta Teatro

• **Instalación:** Lydia Guez

• **Música:** Tomé Mouriño

• **Iluminación:** Carlos Gallardo



REGA | COMTECART

Residencia de creación dixital e videoxogos

Do 5 de marzo ao 3 de abril de 2022 | Museo Centro Gaiás, espazos REGA e en liña

En 2022 incorporouse unha nova residencia ao programa *REGA* dedicada á creación dixital e aos videoxogos. Esta nova proposta naceu da colaboración entre a Universidade de Vigo e a Cidade da Cultura para dar pulo ao talento artístico, narrativo, de deseño e tecnolóxico do alumnado da universidade, que se combinou nun equipo multidisciplinario para crear un proxecto de videoxogo a partir da novela *Arnoia*, *Arnoia*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Un total de 9 estudantes e titulados recentes en Belas Artes, Comunicación Audiovisual, Telecomunicacións, Enxeñaría Informática e Publicidade foron seleccionados pola Universidade de Vigo para participar nesta primeira Residencia COMTECART.

A residencia tivo un carácter intensivo ao longo de cinco fins de semana durante os meses de marzo e abril. Os grupos traballaron catro fins de semana na Cidade da Cultura mais unha xornada de traballo en liña, e estiveron tutelados por profesorado da Universidade de Vigo.

Como resultado deste proxecto, o 14 de xullo presentouse no Gaiás o prototipo de videoxogo *Retorno Arnoia*, cunha demostración comentada en vivo do xogo, realizada polo propio alumnado e aberta tanto ao público asistente ao acto como á audiencia que seguiu a retransmisión en *streaming* a través da canle de Youtube da Cidade da Cultura.

Alumnado participante: Nicolás Juncal, Paula Balea, Yuri Salgado, Sofía Neira, Paula Martínez, Cristina Lavadores, Samuel Rodríguez, Eloi Pena e Paula González.

Datas: 5 e 6 de marzo, 12 e 13 de marzo, 20 de marzo (en liña), 26 e 27 de marzo, 2 e 3 de abril de 2022

Exposición de resultados: 14 de xullo de 2022

Horarios: Sábados de 10 a 14 e de 16 a 20h | Domingos de 10 a 14h

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazos REGA 1 e 3

[Actividade en formato híbrido, presencial e en liña]

Coorganiza: Universidade de Vigo

Asistencia: Integrantes do proxecto: 9 persoas

Asistencia á presentación (presencial e en liña):

105 persoas



REGA | RESIS en residencia The Selector

Do 22 de abril ao 1 de maio de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 0

Dentro do programa *REGA* estableceuse de novo unha estreita colaboración coa organización do Festival de Música Contemporánea RESIS. Para esta ocasión propúxose unha instalación sonora e visual que somerxía o público asistente nun cuarto onde a información, seleccionada en vivo de Internet e actualizada de maneira constante, fluía a través de dúas pantallas e que, como espectadores, podíase controlar ao desprazarse a través do espazo.

Nesta instalación, inspirada na loita contra as *fake news* e a manipulación mediática, os sensores captaban os movementos do público na sala para construír un titular aleatorio que se confrontaba na imaxe coas noticias do día. A música que acompañaba esta instalación foi especificamente composta por Igor C. Silva e Arxis Ensemble.

O compositor

Nado en Porto e residente en Amsterdam, Igor C. Silva dedícase á electrónica e á música dos novos medios. Foi Novo Compositor Residente na Casa da Música en 2012 e nos Miso Music Studios en 2015. Durante os anos 2018 e 2019 foi compositor residente de Drumming GP.

Datas: Residencia: do 13 ao 17 de abril de 2022

Presentación no festival RESIS na Coruña: 21 de abril de 2022

Exhibición no Museo Gaiás: do 22 de abril ao 1 de maio de 2022

Horarios: De luns a domingo de 10 a 20 h.

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 0 (sala de proxeccións)

Colabora: Asociación Cultural AÍS



REGA | Residencia literaria

Do 3 ao 16 de xullo 2022 | Museo Centro Gaiás, espazos REGA

Dirixido polo escritor Javier Peña, este formato de residencia está concibido para o desenvolvemento e mellora de proxectos persoais de narrativa de autoras e autores emerxentes. Como tal, as persoas residentes presentaron un proxecto orixinal para o traballo e posta en común durante os días de residencia. O programa aposta polo intercambio de experiencias, dúbidas e coñecementos entre as persoas participantes e con escritoras e escritores convidados de Galicia e de fóra.

O diálogo, a escoita, a análise, a lectura e a posta en común son as bases dunha estadía que conxuga o traballo sobre o proxecto literario propio co estudo dos traballos das compañeiras e compañeiros. Este ano 2022 foron 12 días compartindo inquiredanzas e consellos, críticas e eloxios, para axudar ao crecemento literario e persoal das persoas participantes, nun ambiente distendido de confianza e respecto mutuo. Houbo tamén tempo para conversar con outras autoras e autores, para visitar institucións e participar en eventos vinculados ao mundo do libro e da literatura, e para explorar as conexións das letras con outras disciplinas artísticas. A residencia contou coa participación de dúas escritoras destacadas das letras galegas e españolas, Leticia Costas e Marta Sanz, ademais do portugués Nuno Camarheiro.

Participantes: Sabela de Dios Paz, Andrea Fernández Rodríguez, Brais Lamela Gómez, Elena Martín Lores, Juan Andrés Milleiro Díaz, David Outón Quintás, Laura Porto Crabeiro, Marta Luisa Romero Saco, Uxía Taboada Otero e Raquel Vázquez Díaz.

O director

Escritor, xornalista e profesor de escritura creativa, **Javier Peña** deuse a coñecer coa súa novela de debut, *Infelices*, que foi elixida entre as mellores do ano por críticos de medios de comunicación como a Cadena SER, RNE, La Voz de Galicia ou Zenda. En setembro de 2022 publicou a súa segunda novela, *Agnes*, que tamén se coou entre as mellores obras de narrativa do ano para medios como Esquire ou Forbes. Creador e coordinador das dúas edicións do Obradoiro de Novela Cidade da Cultura, que se celebraron en 2019 e 2020, tamén deseñou o Taller de Novela Casa Blackie, que imparte en liña e celebra na actualidade a súa sétima edición.

Datas: Do 3 ao 16 de xullo de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 1, Biblioteca pública Lúcio Craveiro da Silva (Braga) e Fundación Camilo José Cela (Padrón)

REGA | Residencias Paraíso

Xuño e xullo de 2022 | Museo Centro Gaiás (espazos REGA) e Salón Teatro (Santiago de Compostela)

Residencias Paraíso é un programa impulsado desde o Colectivo RPM que conta co apoio da Xunta de Galicia a través da Axencia Galega das Industrias Culturais para apoiar o desenvolvemento de proxectos relacionados coa danza e as artes vivas. A Cidade da Cultura colabora con esta actividade como parte do seu programa de residencias artísticas REGA, acollendo durante os meses de xuño e xullo, dúas das oito propostas seleccionadas na convocatoria deste ano, nunha residencia compartida co Salón Teatro do Centro Dramático Galego.

Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística galega e a súa conexión con outros territorios. Deste xeito, a edición de 2022 contou coa participación de artistas de Galicia e do resto da Península Ibérica (incluíndo por primeira vez Portugal).



Marcia Vázquez | Vaivén

Un dos proxectos escollidos para esta residencia foi *Vaivén*, unha proposta de investigación da creadora galega Marcia Vázquez a través da que se achega á física cuántica para comprender dun xeito máis honesto os movementos ondulatorios do corpo facendo dialogar a ciencia, a danza e o son, e contando co acompañamento da artista transmedia Acacia Ojea.

Vaivén representaba o desexo de oscilar no plano da física das ondas. O noso corpo é afectado continuamente por ondas (conxunto de partículas en movemento que desprazan enerxía a través da materia) e, á súa vez, transfórmaas. Xunto a Acacia Ojea navegando sobre as ondas sonoras, ambas as dúas artistas conectaron coa paisaxe que as acompañou durante toda a súa vida: o océano Atlántico, nun proxecto que relacionaba danza, física e son.

As artistas

Marcia Vázquez (1994). Bailarina, performer e xestora cultural viguesa. Recibiu dous premios no festival DZM e traballou en proxectos híbridos con variedade de artistas, no audiovisual unha das súas últimas colaboracións foi *Neuronas a ceo aberto*, videopoema de Lucía Estévez creado para a exposición *Galicia futura*.

Acacia Ojea (1994). Logo de estudar piano e percusión, graduarse en Belas Artes e especializarse en cine experimental e composición electroacústica, Ojea desenvolve transversalmente proxectos vinculados ás artes sonoras, á linguaxe fílmica e á xestualidade coma medio a través dun achegamento conceptual.

Datos: Do 27 de xuño ao 10 de xullo de 2022, na Cidade da Cultura. Do 11 ao 17 de xullo de 2022, no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 2
Salón Teatro, Santiago de Compostela

Artistas: Marcia Vázquez, Acacia Ojea

Colabora: Colectivo RPM

Asistencia: 50 persoas



Pura y Fachada | Ser, estar, parecer: tributos del verbo artístico

Esta proposta de investigación das creadoras Eva Antelo (galega) e Sara Gema Domínguez (andaluza) pretendía desenvolver unha serie de accións performáticas, públicas e espontáneas, con moito humor e ganas de gozar: un proxecto que se movía entre o cotián, a democratización da arte, a estética relacional e a hibridación arte-vida, devolvéndoa á nosa rutina.

As artistas

Composto por Eva Antelo e Sara Gema Domínguez, o colectivo **Pura y Fachada** naceu oficialmente en marzo de 2022. Xogando e danzando falan de xénero, relacións interpersonais, ruralidade e arte-precariedade. Fixeron en directo a acción *HablarPaja* (2022) na exposición *Mujeres artistas* coa galería ArtTazgona, en Antequera; faláron delas en Kaldó Magazine (Ellas son Pura y Fachada, 2021); ademais de iniciar

o proxecto de residencia artística independente TotalArt (2021), xerme deste proxecto compartido. Individualmente, ambas as dúas artistas estudaron o Grao en Belas Artes en Pontevedra (UVigo) e o Máster en Producción Artística Interdisciplinar en Málaga (UMA); e colaboraron e participaron en proxectos tanto nacionais como internacionais, desde Málaga ou Santiago ata Barcelos e Santo Domingo.

Datas: Do 11 ao 24 de xullo de 2022, na Cidade da Cultura.

Do 26 ao 31 de xullo de 2022, no Salón Teatro de Santiago de Compostela

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 2
Salón Teatro, Santiago de Compostela

Artistas: Eva Antelo, Sara Gema Domínguez

Asistencia: 60 persoas

Bolsas REGA 22

Novembro e decembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, espazos REGA

O programa *REGA* ofertou catro bolsas de formación a través de residencias, para materializar outros tantos proxectos vencellados ás artes visuais, escénicas, musicais e ao deseño, valorando positivamente a relación con outras disciplinas e tendo en conta o carácter híbrido da cultura actual. Trátase dunha iniciativa que procura dar apoio á creación contemporánea de persoas que desen-

volver a súa actividade en Galicia cunha residencia de traballo entre tres semanas e mes e medio nos espazos REGA do Museo Centro Gaiás e proporcionándolles 8.000€ para materializar as súas propostas.



Man verde | Noa Rodríguez e Anna Stroe

Man verde é un proxecto emerxente de Noa Rodríguez e Anna Stroe, que entretece as ideas de tecnoloxía e natureza, e a posibilidade de participación directa do público nunha instalación inmersiva, mediante a realidade virtual e os elementos naturais presentes na mesma.

Agrupadas no colectivo artístico Virtual ROOTs, as dúas artistas presentaron ao final da súa residencia unha instalación de realidade virtual formada por unha estrutura física cuberta de plantas e unha animación virtual interactiva. O colectivo traballa na corrente de Arte e Ciencia, daplícan-do metodoloxías da Neurociencia, o Big Data, a Bioloxía, a Intelixencia Artificial ou a Realidade Virtual co obxectivo de desenvolver arte interactiva e performativa.

Datos: Do 7 de novembro ao 18 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 3

Especialidade: Artes visuais

Acompañamento: Semíramis González

Presentación: 10 de decembro de 2022

Asistencia presentación: 20 persoas




Refugallos | Inés Rodríguez

Refugallos é un proxecto emprendido por Inés Rodríguez que procura crear novos deseños con materiais de refugallo obtidos do soro de leite, das follas de millo, das silvas, das algas... fomentando así a idea de sostibilidade e aproveitamento de residuos.

Este traballo de investigación recolle a importancia do téxtil artesán galego, creando novos materiais ecolóxicos e nalgúns casos biodegradables que permiten aproveitar elementos naturais que se desbotan en diferentes sectores produtivos (agricultura, madeira, pesca...). É unha proposta que se desenvolve no rural de Galicia e que fusiona a artesanía e a innovación.

Datas: Do 7 ao 27 de novembro de 2022
Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 4
Especialidade: Deseño
Acompañamento: Uqui Permui
Presentación: 18 de decembro de 2022
Asistencia á presentación: 20 persoas



Compostela In-Audita | Nacho Muñoz

Compostela In-Audita propón un programa multidisciplinario desenvolvido por Nacho Muñoz coa colaboración de Roi Fernández que considera a arquitectura como un elemento sonoro máis. A proposta de Nacho exploraba a nosa relación co territorio a través da súa paisaxe sonora, e de xeito transversal con outras disciplinas como a antropoloxía, o urbanismo, a arquitectura, os espazos públicos, a arte sonora, o videoarte, o *walking art* ou o patrimonio inmaterial e as artes urbanas ou a acústica.

O artista estableceu unha forte conexión entre a cidade de Santiago de Compostela e a innovación presente na Cidade da Cultura. Este proxecto, finalizado o 10 de decembro coa execución dun concerto, foi desenvolvido a través de 4 accións:

- Un traballo de campo no que se escoitou, mapeou e gravou o material audiovisual para conformar un filme.
- A creación e composición do propio filme, na que se editou e organizou a información gravada.
- Unha composición musical, na que se realizou unha creación sonora a partir dos diferentes sons.
- Un concerto para presentar o seu traballo.

Datas: Do 14 de novembro ao 10 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 1

Especialidade: Artes musicais

Acompañamento: Pere Vicent Caselles

Presentación: 10 de decembro de 2022

Asistencia á presentación: 39 persoas

Z29.0 | Miguel Ponce De León

Z29.0 é un proxecto realizado da compañía Teatro et al., integrada por Miguel Ponce de León, Tyler McKechnie e Jose Gregorio Vera. Unha proposta interdisciplinar que procura a visualización da saúde mental a través da escena, incluíndo o uso de técnicas de disciplinas como o teatro inmersivo, a performance, o circo, a danza, a instalación, a música, o ilusionismo, a poesía e a neurociencia dun xeito transversal.

O proxecto quixo explorar a conexión entre o illamento, o trauma e a represión da memoria desde un punto de vista artístico. A partir dun texto dramático previo de Tyler McKechnie, o grupo desenvolveu unha exploración escénica sobre a temática. Da unión destas dúas actividades naceu a peza escénica que amosaron ao remate da residencia.

Datas: Do 7 de novembro ao 18 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo REGA 2

Especialidade: Artes escénicas

Acompañamento: Carlos Álvarez Ossorio

Presentación: 18 de decembro de 2022

Asistencia á presentación: 40 persoas



02.4 / MÚSICA E ESCENA



Matinais musicais de inverno

5 e 12 de febreiro e 5 de marzo de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

O ciclo *Matinais musicais* volveu traer ao Gaiás sons diversos entre o jazz, a canción da autor, a música vocal ou a música contemporánea. Para a edición de inverno foron tres as citas programadas, con autores galegos, convidados estatais e coa intención de dar visibilidade a propostas novas.

Leticia Rey

Leticia Rey foi a cantautora encargada de abrir o ciclo interpretando temas propios entre o jazz, folk e indie. Natural de Vila de Cruces, foi a gañadora no 2020 do certame que convoca Estudios Mans, da Fundación Paideia. No ano seguinte comezou a compaxinar as actuacións en directo coa preparación do seu primeiro EP, que foi estreado no CulturGal 2021 con tres temas en inglés e un en castelán. Durante o ano 2021 puido ser escoitada en varios festivais como Sinsal'21, Momumenta'21 ou Secret Concerts.

Datas: 5 e 12 de febreiro e 5 de marzo de 2022

Lugar: Museo Centro Gaiás, andar -1

Horario: 12 h

Asistencia total: 257 persoas

Datas: 5 de febreiro de 2022

Intérpretes: Iago Mouriño, piano e teclados; Jorge Quesada, baixo eléctrico; Óscar Quintáns, batería; Leticia Rey, voz e guitarra

Asistencia: 71 persoas



UAL•LA!

Un virtuoso dúo barcelonés formado por Modesto Lai e Alba Rubió que cren na diversión con conciencia dando vida a un proxecto que mestura música e humor con orixinalidade e intelixencia. Considéranse os inventores da "tablemusic", termo creado polo grupo para describir o xénero tan particular das súas cancións. Neste concerto interpretaron *PLAY!*, o seu último espectáculo, un convite ao xogo permanente, a poñer en relación elementos dispares sen un sentido concreto para explorar posibilidades creativas sen límites e abrazar formas diversas e belas da realidade que nos rodea cada día.

Data: 12 de febreiro de 2022

Intérpretes: Modesto Lai e Alba Rubió

Asistencia: 110 persoas

Multiplensemble. Perspectivas

O colectivo vigués Multiplensemble presentou unha proposta de vangarda na que experimentaron cos sons, abordando novas linguaxes sonoras. *Perspectivas* abrangueu unha serie de pezas musicais de introdución no mundo da música actual a través dun itinerario polos continentes europeo, asiático e americano no que o ritmo e a melodía caracterizan cada unha das propostas, todas elas composicións escritas no presente século. A diversidade, eclecticismo e variedade argumental coa nos achegaban ao mundo sonoro convidaba a unha viaxe na que gozar da música como a arte dos sons sen máis.

Data: 5 de marzo de 2022

Intérpretes: Rafael Yebra, saxofóns; Brenda Vidal, piano; David Rodríguez, percusión.

Asistencia: 76 persoas



Escenas do cambio. En homenaxe a María Casares

Do 5 ao 8 de maio de 2022 | Varios espazos

A oitava edición do festival *Escenas do Cambio*, coa dirección artística da dramaturga Lola Correa, procurou avanzar na experiencia escénica propiciando a convivencia do artístico en novos espazos, acrecentando así a idea de cambio e intercambio.

Para materializar este concepto, o corpo e a palabra foron os motores principais da comunicación e das novas linguaxes a través de 15 pezas artísticas —oito delas estreos absolutas—, procedentes de España, Portugal e Francia, que transitaron a vangarda do teatro, a música, a danza, as artes visuais e a performance.

A transversalidade (de linguaxes, de corpos, de espazos) marcou unha edición que foi máis aló na procura de novas experiencias para público e artistas, cun concerto na rompena do día, unha proposta de teatro itinerante que trasladou ao público de Santiago de Compostela ata Fisterra ou unha instalación que atravesaba a memoria e o territorio. Co obxectivo de facer fincapé na dramaturxia, contouse con cinco dramaturgas galegas para achegar o público ao lugar no que nacen as ideas e os sonhos a través da peza *Escenas (Con)Textualizadas*.

Na edición de 2022 participaron artistas de todos os eidos, como Voadora, Mateo Feijóo, Mercé de Rande, Miguel Ponce de León, Helen Bertels, Gena Baamonde, Helena Varela, Ana Abad de Larriva, Ana Vallés, Ramón Souto, Tânia Carvalho, Marc Caellas e Esteban Feune de Colombi, Nieves Correa e Abel Loureda, Societat Doctor Alonso, Man Drake x Tomeo Vergés, Teatro La Usina, Sara Molina, Pedro Soler, Anne Plantagenet e Lluís Pasqual.

A directora

Lola Correa é artista escénica, creadora, docente, dramaturga e xestora cultural, está licenciada en Dramaturxia e Dirección de escena pola RESAD (Real Escola Superior de Arte Dramática). Recibiu formación de danza e metodoloxía de artes na escena contemporánea con diferentes profesionais. Durante dezaseis anos dirixiu o Festival das artes escénicas de Vigo ALT (2002-2017).

Datas: Do 5 ao 8 de maio de 2022

Espazo: Na Cidade da Cultura: Museo Centro Gaiás, edificio CINC, Campo do Gaiás e outros espazos exteriores, galería de servizos | En Santiago de Compostela: Igrexa da Universidade, Salón Teatro, Librería Follas Novas | En Fisterra: Cemiterio de César Portela, Praia da Langosteira

Asistencia: 885 persoas

PROGRAMA

Mér 4 mai

· 19 h. / Notas de suicidio / Dos homes que caminan. Marc Caellas e Esteban Feune de Colombi. Presentación de libros. Librería Follas Novas

Xov 5 mai

- María Casares – Pedro Soler. Colliure 1989 Exposición. Museo Centro Gaiás, andar 0 ata o 28 Ago 2022.
- 11:30 h. / Coloquio-recital en homenaxe a María Casares Pedro Soler, Anne Plantagenet e Lluís Pascual Museo Centro Gaiás, andar 0.
- 18 h. / Sons do esquecemento ou A navalla do tempo. Mateo Feijóo. Museo Centro Gaiás, Sala 2. Encontro cos participantes. Exhibición do 10 ao 14 de maio de 10 a 20H.
- 20 h. / Hoax Hamlet. Voadora. Museo Centro Gaiás, Sala 1.

Ven 6 mai

- 18 h. / (Raíz de dos). Nieves Correa e Abel Loureda. Cidade da Cultura. Espazos exteriores.
- 19:30 h. / MU-DANZA (Unha muller que camiña). Mercé de Rande. Espazo REGA 3.
- 21:30 h. / Grasped by Intuition. Tânia Carvalho. Salón Teatro.

Sáb 7 mai

- 17 h. / Veneficio (de lo cotidiano y cómo remediarlo). Miguel Ponce de León / Teatro et al. Igrexa da Universidade.
- 19 h. / Escenas (Con)Textualizadas. Helen Bertels, Gena Baamonde, Helena Varela, Ana Abad de Larriva, Ana Vallés, Museo Centro Gaiás.
- 21:30 h. / Hammamturgia. Societat Doctor Alonso. Museo Centro Gaiás, Sala 1.

Dom 8 mai

- 6:30 h. / NIHIL (concerto á alba). Ramón Souto. Campo do Gaiás.
- 10 h. / ¿Qué es el agua? La Soledad (Marc Caellas y Feune de Colombi). Fisterra (viaxe en autobús desde Santiago de Compostela).
- 17 h. / Que du bonheur (?) / Moi, Antonio M. Compagnie Man Drake / Tomeo Vergés. Museo Centro Gaiás, Sala 1.
- 19 h. / Waterclose (cerca del agua). Teatro La Usina. Galería de servizos do Gaiás.
- 0.30 h. / OUTsideINsideOUTside - Sara Molina. Edificio CINC, Salón de Convencións.



Serán'03. III Encontro Galego de Música Popular Baile e música tradicional: pandeireteiras

Do 10 ao 12 de xuño de 2022 | Museo Centro Gaiás e Praza central

O III Encontro Galego de Cultura Popular encheu o Gaiás de baile e música cunhas protagonistas de excepción: as pandeireteiras. O Serán'03 congregou un milleiro de artistas e intérpretes arredor dun dos instrumentos fundamentais do noso folclore. A pandeireta é en Galicia, xunto coa gaita, unha das iconas da música e o baile tradicional, un instrumento interpretado de forma maioritaria por mulleres, as pandeireteiras, sen as que hoxe en día é imposible entender o folclore e a música galega.

Novamente con Quique Peón como director artístico, o Serán'03 argallou tres días de festa para tocar, bailar e celebrar a nosa cultura, amosando a todo tipo de público a creatividade e riqueza da nosa música e do noso baile.

Datas: Do 10 ao 12 de xuño de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, Praza central

Asistencia: 7.112 persoas

ACTIVIDADES INCLÚIDAS NO PROGRAMA

- Festival folclórico con sete destacados grupos de música e danza tradicional: A Ponte Vella, Donaire, Rebulir, Etnográfico das Mariñas, Trébede, Alxibeira, Ultraia.
- Clases maxistras profesionais de percusión e técnica vocal.
- Gran foliadón con gaiteiros, pandeireteiras e artistas como Fransy e Davide, Faltriqueira, Óscar Ibáñez ou Livia Giaffreda.
- Festival Portas do Camiño, con pandeireteiras de diferentes zonas da Península polas que pasan as rutas xacobeas: Galicia, Portugal, Asturias, León...
- Concerto de Coros históricos, con Cantigas e Agarimos e Cántigas da Terra.
- Obradoiro familiar de serigrafía e estampaxe sobre tea.
- Desfile de traxe tradicional: da vila e da aldea, a cargo da Asociación Etnográfica Sete Espadelas.
- Concerto especial para a cativada con Cé Orquestra Pantasma.
- Espazo de feira con expositores vencellados á cultura popular: artesáns do tecido, da confección, do calzado, da ourivería, de instrumentos tradicionais, asociacións e federacións, organización de festivais... etc.
- Foliadiñas para cantar, tocar e bailar, nas que a cativada foi a gran protagonista.
- Dúas conferencias sobre as Pandeireteiras de Mens e os festivais internacionais do folclore, e unha mesa redonda sobre a revolución das pandeireteiras na música galega.
- Exposición de mantóns antigos *O Pano de Ramo*.





Día da Música: Ortiga e convidados

24 de xuño de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

Para celebrar o Día da Música organizouse un concerto que tivo como protagonista a Ortiga, un dos maiores responsables de renovar o espírito da verbena galega a golpe de *autotune*, guitarra e secuenciadores, que visitou o Gaiás para presentar o seu segundo álbum, *Sabes el camino que elegí*.

Neste concerto, o compostelán Manuel González, «Chicho» –artífice de Ortiga– apostou novamente por ligar os ritmos latinos cos sons da música urbana, na liña do *cumbiatune*, estilo persoal que creou dentro do dúo Esteban & Manuel e perfeccionou no seu debut en solitario *Chicho & sus Chichas* no 2019. Para o evento contou coa colaboración de artistas como Pili Pampín, Boyanka Kostova e Conjunto Amistá.

Datas: 24 de xuño de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Asistencia: 750 persoas



V Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia

9 de xullo de 2022 | Museo Centro Gaiás e Praza central

A Cidade da Cultura acolleu a quinta edición do Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia, no que as 12 formacións participantes, interpretaron cadanseu repertorio. Como é habitual, o Festival rematou cunha emocionante actuación conxunta de todas as agrupacións, que interpretaron na praza central o Himno Galego. O Festival de Bandas Infantís e Xuvenís de Galicia busca dar a coñecer o traballo que fan as formacións máis novas das bandas de música populares galegas, ao tempo que se fomenta unha xornada de convivencia entre os seus compoñentes, provenientes de toda a xeografía galega e co nexo común do seu amor pola música.

Data: 9 de xullo de 2022

Horario: De 11 a 20 h

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1 e Praza central

Colabora: Federación Galega de Bandas de Música Populares

Asistencia: 2.500 persoas

PARTICIPANTES

- Banda Xuvenil da Banda de Música Municipal de Celanova
- Banda Xuvenil da Escola de Música de Salceda
- Banda de Música Xuvenil de Castrelo-Cambados
- Banda de Música Xuvenil de Santa Cruz de Ribadulla
- Banda da Escola da Agrupación Musical do Rosal
- Banda Escola Ateneo Musical de Bembrive
- Unión Musical de Tenorio
- Banda Infantil e Xuvenil de Antas de Ulla
- Banda de Música Xuvenil da Escola da Banda A Unión de Guláns
- Xove Banda de Valga
- Banda Xuvenil de Lalín
- Banda Sinfónica Xuvenil Galega



Atardecer no Gaiás

Do 7 de xullo ao 26 de agosto 2022 | Praza central

Un ano máis, na Cidade da Cultura puexemos banda sonora aos longos solpores do estío co ciclo de concertos *Atardecer no Gaiás*. 16 actuacións en directo, con entrada libre e de balde, que deron forma a un itinerario diverso e actual por diferentes xeografías e estilos. Nos atardeceres tiveron cabida desde o pop ata a canción de autor e o flamenco, a electrónica, o folk experimental e unha boa dose de ritmos urbanos nos que os xéneros se mesturan baixo etiquetas do máis variado: electrocumbia, trap, hip hop...

En *Atardecer no Gaiás 2022* púidose escoitar o último de artistas de Galicia que están a revolucionar a forma de facer música desde o país, partindo de estilos tan diferentes como o hip hop —Mundo Prestigio—, a canción de autor —MJ Pérez—, a delicada mestura de electrónica e canción tradicional de Néboa, a fusión de techno e world music de Terrae ou a orixinal deconstrución e reinterpretación da música tradicional galega de Caldo, mellor proxecto de música folk nos Premios Martín Códax da Música 2020. A representación galega nos atardeceres completouse co pop de Anxo Araújo, o funk e o soul de Carla Green & the Demons, a electrocumbia de Los Jinetes del trópico, a combinación de tradición e vangarda de Nacho·Faia·Lar, o misterioso pop psicodélico de Basanta e os ritmos urbanos xestados a cabalo entre Vigo, Londres e Madrid de Sila Lúa.

Desde outras xeografías, subiron ao escenario da Praza central da Cidade da Cultura artistas emerxentes do panorama nacional como Kimberley Tell, Lusillón, ou Ruiseñora, que comezan a facerse un oco nas salas e festivais de toda España, e tamén propostas para todos os públicos como o cantaor flamenco Alfredo Tejada.

Datas: 7, 8, 14, 15, 21, 22, 28 e 29 de xullo de 2022
7, 4, 5, 11, 12, 18, 19, 25 e 26 de agosto de 2022

Espazo: Praza central

Horario: 21 h

Asistencia: 5.090 persoas

PROGRAMA

- 7 de xullo: Los Jinetes del Trópico
- 8 de xullo: Sila Lúa
- 14 de xullo: Alfredo Tejada
- 15 de xullo: Mj Pérez
- 21 de xullo: Anxo Araújo
- 22 de xullo: Kimberley Tell
- 28 de xullo: Carla Green & The Demons
- 29 de xullo: Mundo Prestigio
- 4 de agosto: Nacho·Faia·Lar
- 5 de agosto: Ruiseñora
- 11 de agosto: Xuventude Crea: Alicia Otero (1º premio no 2021) e Marián Romero (2º premio no 2021) e Xenerason Rock: Rockaína
- 12 de agosto: Lusillón
- 18 de agosto: Terrae
- 19 de agosto: Basanta
- 25 de agosto: Caldo
- 26 de agosto: Néboa





Miniaturas de Granell

19 de xullo de 2022 | Museo Centro Gaiás

Actividade complementaria á exposición *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020* que funcionou para tender pontes entre os contidos da mostra e a obra do autor surrealista máis sobranceiro de Galicia, Eugenio Granell. Internacionalmente recoñecido pola súa obra plástica e polos seus traballos como escritor, cineasta e dramaturgo, tamén compuxo melodías nas que se recoñece a inspiración das formas populares da música galega, ademais de ideas propias do seu universo creativo. A asistencia a este concerto permitiu comprender a dimensión creativa de Granell tamén a través da linguaxe musical.

Para este obxectivo recuperouse o proxecto apoiado pola Cidade da Cultura no 2012 no que se facía unha investigación sobre a faceta máis descoñecida do artista: a súa dimensión como músico. Baixo o título *Miniaturas de Granell. Música Revelada*, partíase das máis de dúascentas anotacións musicais que deixou escritas o autor que se conservan nos fondos do arquivo da Fundación Granell. Este proxecto de investigación estivo dirixido por Ramon Pinheiro e puidemos escoitalo de novo no Gaiás grazas á interpretación de Alejandro Vargas (Teclado), Mónica de Nut (Voz), José Manuel Díaz (Contrabaixo), LAR Legido (Batería) e María José Pámpano (Viola).

Datas: 19 de xullo de 2022

Horario: 21 h

Espazo: Edificio CINC, Salón de Convencións

Asistencia: 158 persoas



Matinais musicais de outono

25 de setembro, 23 de outubro e 27 de novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás e edificio Fontán

A programación de outono das *Matinais musicais* trouxo tres concertos de estilos diversos para gozar nas mañás dos domingos viaxando de Xapón a Galicia, experimentando a calma a través da música e explorando novas sonoridades creadas por compositoras e compositores contemporáneos.

Datas: 25 de setembro, 23 de outubro e 27 de novembro de 2022
Lugar: Museo Centro Gaiás, andar -1 e edificio Fontán, auditorio
Horario: 12 h
Asistencia total: 402 persoas

Aruku - Camiñar

Aruku – Camiñar abriu as *Matinais musicais* de outono da Cidade da Cultura transportando o seu público entre Xapón e Galicia. A engaiolante voz de Ryōko Aoki, artista internacional que se desenvolve nun mundo fundamentalmente masculino, o do teatro Noh, ofreceu a oportunidade de afondar nun estilo de canto único que forma parte dunha das manifestacións máis antigas e destacadas do drama musical xaponés. Ademais, a súa presenza en Galicia deu orixe a unha nova creación musical contemporánea para celebrar o irmandamento das rutas de peregrinación do Camiño de Santiago e o Shikoku Henro. O concerto supuxo a estrea en España da obra *L'oiseau à deux têtes* e a estrea mundial da obra que dá título ao concerto *Aruku*.

Data: 25 de setembro de 2022
Lugar: Museo Centro Gaiás, andar -1
Intérpretes: Ryōko Aoki, voz noh; Haruna Takebe e David Durán, dúo de piano de Vertixe Sonora
Asistencia: 130 persoas



Lucía Martínez Cuarteto

A compositora e multi-instrumentista viguesa Lucía Martínez presentou no Gaiás o seu último traballo acompañada por tres músicos e amigos —João Pedro Brandão, Pedro Neves e Carl Minnemann— cos que forma o Lucía Martínez Cuarteto, un proxecto froito da amizade nacido na escola de Jazz no Porto hai máis de 12 anos.


O repertorio, reunido baixo o título *Calma e algo máis*, foi unha homenaxe ao momento presente, un convite a pechar os ollos e a respirar, buscando ese sosego que enche a vida de luz. Oito pezas orixinais que beben de músicas moi diversas, as mesmas que Lucía Martínez vén explorando ao longo da súa traxectoria: folk, música clásica, flamenco, world-music e, por suposto, jazz, entre outras moitas.

Data: 23 de outubro de 2022

Lugar: Edificio Fontán, auditorio

Intérpretes: Lucía Martínez – Batería, percusión, electrónica e composición; João Pedro Brandão – Saxo alto e frauta traveseira
Pedro Neves – Piano; Carl Minnemann – Contrabaixo

Asistencia: 145 persoas



Arxis Ensemble

ARXIS Ensemble pechou o ciclo de outono 2022 das *Matinais musicais* na Cidade da Cultura con *Sobre a noite*, unha proposta que trazou un percorrido xeográfico e sonoro polos últimos 50 anos da música contemporánea. As obras de Hosokawa (Xapón), Scelsi (Italia), Saunders (Reino Unido-Alemaña), Posadas (España) e do galego Miguel Matamoro constituíron cinco formas de achegarse á comprensión da música de vangarda. En cada unha delas, o son dos instrumentos parecía conxelarse, insinuar que hai corpos que vibran con eles, que o espazo se forma ao redor da vibración dos corpos.

Data: 27 de novembro de 2022

Lugar: Edificio Fontán, auditorio

Intérpretes: Iñigo Setuaín – Saxofón; Anna Grenzner – Violoncello; Nikola Tanaskovic – Acordeón; Noè Rodrigo – Percusión; Sergio Sande – Electrónica; Aitor Vázquez – Dirección

Asistencia: 127 persoas



02.5 / EN FAMILIA

Nadal no Gaiás 2021-2022

Do 17 de decembro de 2021 ao 6 xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes e andar -1

O maravilloso Camiño de Inverno

O Hall de Tirantes converteuse no Nadal 2021-2022 nun paraíso de inverno, onde a maxia propia desas datas e o Camiño de Santiago foron da man. Así, podíanse atopar globos de neve a escala humana con varios elementos representativos do Camiño de Inverno no seu interior, nos que xogar a descubrir as cidades, monumentos e paisaxes emblemáticas da Ruta Xacobeana. Esta instalación, pola que puideron pasear as persoas visitantes como quen se somerxe nun bosque, recreou un camiño invernal cunha paisaxe máxica, ambientada tamén con bólas de luz. A árbore de Nadal, elemento principal do espazo, contou cunha decoración na mesma liña da instalación, con bólas transparentes que agochaban no seu interior diferentes lugares e imaxes do Camiño. As familias que se achegaron ao museo puideron xogar a identificar as etapas do Camiño de Inverno que gardaban no seu interior os globos de neve e trazar a ruta correcta a seguir, como se fosen peregrinos dentro desta paisaxe máxica.

Datas: Do 17 de decembro de 2021 ao 6 xaneiro de 2022
Espazo: Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes
Concepto e deseño: Ana Inés Jabares Pita
Deseño de iluminación: Octavio Mas Ibáñez
Asistente de deseño: Alicia Martínez Núñez
Deseño vídeo-arte: Masako Hattori
[Programación Xacobeo 21-22]
Asistencia: 943 persoas en 2022 (3.377 persoas en total)

Circo de Nadal

La Fiesta Escénica volveu ao Gaiás para dar a benvida ao 2022 cun dos seus espectáculos de máis éxito e de prestixio e sona internacionais: o *Circo de Nadal*, peza de coidada escenografía especialmente deseñada e construída para levar a maxia dos circos de inverno e do Nadal ao espazo escénico. Entre outras grandes sorpresas, o espectáculo contou cos seus famosos osos polares animatrónicos, animais artificiais coa aparencia e o movemento realista, ademais doutras moitas especialidades circenses como acrobacias ou malabares.

A compañía

A compañía La Fiesta Escénica foi creada en Arxentina pero asentada en Galicia, en Baiona, desde o 2001. Ao grupo súmanse desde entón artistas locais e internacionais. A súa aposta pola creación de animais de gran realismo recibiu recoñecemento internacional.

Datas: 3 de xaneiro de 2022, 18:30 h
Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1
Compañía: La Fiesta Escénica
Asistencia: 324 persoas



Pequefilmes 2022

29 e 30 de xaneiro de 2022 | Edificio CINC, auditorios 1 e 2

O Festival infantil de curtametraxes do Gaiás chegou en 2022 á súa sexta edición proxectando unha ampla escolma de filmes de animación e imaxe real de todo tipo de xéneros e estilos estreados nos dous últimos anos, moitos deles premiados ou seleccionados nos festivais de cinema infantil, xuvenil e de animación máis importantes do mundo, como Annecy, Clermont-Ferrand, Chicago ICF, Animamundi ou Animafest.

Mantívose o formato híbrido con proxeccións en sala e en liña, que permitiron a nenas e nenos de todo o país gozar da programación do festival. En canto á programación, superou as 80 curtametraxes procedentes dunha vintena de países de todo o mundo, distribuídas nas seccións de *Miñocas* (público maior de 3 anos) e *Fanecas* (público maior de 7 anos). Fóra de concurso, *Pequefilmes* ofreceu nesta edición dous programas especiais en colaboración co coñecido Festival Clermont-Ferrand e o Festival Olloboi de Boiro.

Premios do público

Curtametraxe da categoría Miñocas (+3 anos): *Kayak*, dirixida por Solène Bosseboeyf, Flore Dechorgnat, Tiphaine Klein, Auguste Lefort e Antoine Rossi (Francia, 2021). Este premio contou co patrocinio de Gadis.

Premio do Público á Mellor Curtametraxe da categoría Fanecas (+7 anos): *Dennis*, de Carlos Beceiro e Guillermo Garzón (España, 2021).

Datos: 29 e 30 de xaneiro de 2022

Espazo: Presencial: Edificio CINC, auditorios 1 e 2
En liña: Plataforma FestHome

Horario: De 11 a 14 e de 16:30 a 19:30

Dirección: Jorge Rivero

Colaboran: Agadic | Cinética | Festival Clermont-Ferrand | Festival Olloboi | Gadis

Entrada: 3 €/persoa

Actividade en formato híbrido: presencial e en liña

Asistencia: Presencial: 658 persoas

En liña: 325 visualizacións



Entroido no Gaiás | Obradoiro de cubixoguetes

26 de febreiro de 2022 | Museo Centro Gaiás

Con bloques de madeira de diferentes formas e tamaños as familias participantes armaron traxes, sombreiros e carautas dos Cigarróns e dos Xenerais da Ulla, montando divertidas personaxes a través das que coñecer dun xeito diferente algunhas das figuras centrais do Entroido galego e as partes destes disfraces tradicionais, desde pelicas, a charreiteiras, chocas, tricornio, mitra ou zamarra. A partir das diferentes pezas e tirando de creatividade e inventiva, as nenas e nenos puideron construír cadanseu 'cubixogueté' de entroido e personalizalo coas súas cores preferidas.

Datas: 26 de febreiro de 2022, 17 h
Espazo: Museo Centro Gaiás
Imparte: Ana Vidal (WORKHOS)
Idade recomendada: Entre 6 e 10 anos
Asistencia: 24 persoas



Un Camiño propio. Os límites da realidade fotográfica

12 de marzo de 2022 | Museo Centro Gaiás

Coa exposición *O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra* como pano de fondo, este obradoiro familiar tiña como obxectivo aprender sobre o traballo da fotografía de estudio, percorrendo o imaxinario colectivo arredor da peregrinaxe a Compostela, de xeito que as familias participantes podían recrear escenas do Camiño a partir das fotos da exposición, combinando imaxes contemporáneas e históricas.

A actividade afondaba na fotografía como medio de documentación da realidade, pero tamén na composición de escenas ficticias a partir desta, tomando como exemplo fotógrafos e fotógrafas que teñen utilizado esta técnica.

Datas: 12 de marzo de 2022, 17 h
Espazo: Museo Centro Gaiás, sala de proxeccións
Imparte: Alejandro Novoa Domínguez e Xabier Fernández Come-saña (Copias de Autor)
Idade recomendada: Entre 8 e 12 anos
Asistencia: 12 persoas



Verán no Gaiás | Lecer en familia

Do 13 de xullo ao 17 de agosto de 2022 | Varios espazos

Programación de actividades para gozar do bo tempo e do lecer en familia, mesturando creatividade e diversión e fomentando que nenos e nenas explorasen xuntos, e en convivencia coas persoas adultas, aspectos como a creación e as artes plásticas, os contos, a música ou a imaxinación.

Entre o 13 de xullo e o 17 de agosto, o Gaiás acolleu cada mércores unha proposta diferente entre as que non faltaron a maxia, os monicreques, os contacontos, os obradoiros, as actividades para bebés, e sobre todo as gargalladas, da man de diferentes artistas e compañías galegas con espectáculos especialmente pensados para a rapazada.

Ademais, nas seis datas programadas contouse tamén cun espazo de lecer alternativo de acceso libre con diferentes xogos artesanais nos que tanto adultos como cativos puideron demostrar a súa puntería, habelencia e enxeño.

Datas: Mércores 13, 20 e 27 de xullo
Mércores 3, 10 e 17 de agosto

Espazos: Xardín Literario, edificio CINC, Xardín do Teatro, Museo Centro Gaiás

Horario: Desde as 17 h ata as 21 h

Idade recomendada: Todas as idades

Asistencia: 907 persoas

PROGRAMA

- 13 de xullo | Espectáculo de maxia *Ilusionante*. De **Pedro Volta**
- 20 de xullo | Espectáculo de monicreques *Circo Galaico* de **Títeres Alakrán**
- 27 de xullo | Obradoiro de artes experimentais para bebés *Universo Tullet* de **Arkhé**
- 3 de agosto | Contacontos *Camiños de mar, terra e vento* de **Paula Carballeira**
- 10 de agosto | Obradoiro de artes experimentais *Triangulando* de **Creectura**
- 17 de agosto | Concerto familiar *Estamos no verán!!!* de **Xoán Curiel e a Banda do Verán**
- En todas as datas | Espazo de xogos populares e artesanais para todas as idades





Escape room Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño

26 e 27 de xullo e 2 e 3 de agosto de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 2

Actividade encadrada na exposición *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020*, destinada a rapazada adolescente e público familiar na que, a través dunha app para os seus dispositivos móbiles, podían facer unha visita diferente á exposición resolvendo arrevesadas pistas e enigmas coma se fosen exploradores.

Para esta xincana con formato de "escape room" creouse a personaxe de Hugo Flich, protagonista de toda a trama e acompañante do público asistente a través da aplicación do seu móbil. Cada pista levaba á seguinte peza da exposición ata que conseguisen resolver todos os enigmas e saír da exposición como descubridores.

Datas: 26, 27 de xullo e 2, 3 de agosto de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 2

Horario: De 11 a 13 e de 16 a 19 h.

Idade recomendada: A partir de 12 anos

Asistencia: 464 persoas



Corresponsables no Gaiás

De agosto a novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, edificio Fontán e espazos naturais

No marco do *Plan Corresponsables* —posto en marcha pola Xunta para ofrecer alternativas de conciliación nas bibliotecas, arquivos e museos de xestión autonómica, a través do convenio asinado entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e a Secretaría Xeral

de Emprego e Igualdade co financiamento do Ministerio de Igualdade— organizáronse unha serie de actividades destinadas á cativada que conxugasen lecer, cultura e divulgación ofrecendo ao mesmo tempo unha alternativa de conciliación ás familias.

Olladas máxicas: campamento urbano

Do 29 de agosto ao 9 de setembro de 2022 | Museo Centro Gaiás e espazos naturais

O campamento urbano *Olladas máxicas* buscou responder á necesidade de conciliación por parte das familias nas dúas semanas previas ao inicio do curso escolar.

Atendendo ao lugar de realización, propuxéronse unha serie de actividades para traballar as formas, cores e volumes e reflexionar sobre os termos como a igualdade, equidade, corresponsabilidade, ou roles de xénero, promovendo unha análise crítica da realidade que vivimos, sempre desde o xogo, a través de xincanas, xogos de mesa, deportes e actividades de maxia.

Datas: 1ª quenda: do 29 de agosto ao 2 de setembro
2ª quenda: do 5 ao 9 de setembro

Espazo: REGA 1 e 3, Museo Centro Gaiás, e espazos verdes

Horario: De 8 a 15 e de 15:30 a 20:30 h.

Idade recomendada: Dúas quendas para grupos de idade diferenciados: de 4 a 8 anos (1ª quenda) e de 9 a 14 anos (2ª quenda)

Asistencia: 52 persoas



Matinais musicais infantís

25 de setembro, 23 de outubro e 27 de novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás e Edificio Fontán

Co obxectivo de favorecer a conciliación das nais e pais que asistían ás *Matinais Musicais*, a Cidade da Cultura promoveu unha serie de actividades lúdicas e didácticas de carácter gratuito nas que a cativada podía coñecer, a través do xogo, diferentes aspectos relacionados coa música que se escoitou en cada un dos concertos do ciclo. Deste xeito, procurábase que as pequenas e pequenos coñecesen outras músicas e tamén contribuír ao desenvolvemento doutros intereses culturais comúns coas súas familias.

As *Matinais Musicais* infantís estiveron dirixidas a nenas e nenos de 5 a 10 anos de idade. A través de xogos de movemento, expresión vocal e obradoiros creativos e actividades plásticas, a cativada aprendeu a recoñecer os distintos instrumentos musicais, as melodías, as estruturas das composicións e as bases rítmicas que se empregan, así como tamén aspectos das obras, as compositoras e compositores e a época na que se crearon.

Datas: 25 de setembro, 23 de outubro e 27 de novembro

Espazo: REGA 3 e edificio Fontán

Horario: De 11:30 a 14 h.

Idade recomendada: De 5 a 10 anos

Asistencia: 60 persoas

Experimentia: espazo lúdico e didáctico arredor das artes

Do 4 de outubro ao 29 de novembro de 2022 | Edificio Fontán

O espazo *Experimentia* foi concibido como unha actividade onde xogar e crear con liberdade, argallando arredor da arte coas exposicións do Museo Centro Gaiás como pano de fondo. Foron un total de 16 sesións, distribuídas en seis propostas diferentes, vencelladas ás exposicións do museo: *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)*, *De lugares e cousas. Colección de arte Banco Sabadell* e *Camiños creativos*.

PROGRAMA

MÁSCARAS DO TRASMUNDO - 4, 11 e 18 de outubro

Tres estacións de xogo libre para aprofundar en conceptos presentes na obra de Laxeiro, desde o Entroido e o mundo rural ao cromatismo e as formas da súa obra. Na primeira das estacións propoñíase un achegamento a diferentes materiais naturais; na segunda explorábanse as sombras a partir de obxectos presentes na natureza e na última aprofundábase na tradición do Entroido elaborando máscaras propias para logo xogar e fotografarse con elas nun *photocall*.

UN LUGAR MÁIS ALÁ DO MAR - 6 e 13 de outubro

Inspirándose nas formas e paleta cromática de Laxeiro, a cativada que asistiu a estas aulas construíu unha escenografía dun mundo imaxinado. Tratábase dun proceso continuo e colectivo, onde ao longo das diferentes xornadas creábase un escenario a través da intervención pictórica e gráfica de pezas de cartón de distintos tamaños e formas, para rematar construíndo de xeito común unha escena en tres dimensións.

ENTRE ILLAS - 20 e 27 de outubro e 3 de novembro

Tres espazos monocromáticos, a modo de illas, foron intervidos a través de diferentes materiais presentes no lugar, tales como caixas ou tubos. A actividade procuraba que a rapazada protagonista interviñese, transformando e construíndo (ou deconstruíndo) os diferentes espazos, de xeito continuado nas tres sesións, mediante o xogo libre.

Datas: Martes e xoves de outubro e novembro de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Horario: De 16 a 19 h.

Idade recomendada: De 4 a 10 anos

Asistencia: 119 persoas

A CASA QUE MEDRA - 25 de outubro e 8 de novembro

A través de tres escenarios de xogo diferentes, a cativada explorou os modos de habitar. Estes escenarios foron o punto de partida para imaxinar os seus posibles habitantes e as súas historias de vida. A partir de palabras e imaxes puideron descubrir e crear personaxes que viviron un espazo imaxinado e trazado: unha casa inventada feita con cintas sobre o chan.

O CORPO EN ACCIÓN - 10, 17 e 24 de novembro

A partir da relación entre a arte e o movemento que fía a exposición *Camiños creativos*, a cativada participante aprofundou nos conceptos de camiñar e desprazarse como axentes determinantes do proceso de creación. Fíxose un achegamento ao corpo e ao espazo por medio da performance, da expresión corporal e da auto-percepción, indagando nese feito do camiñar e as súas implicacións.

SENDEIROS - 15, 22 e 29 de novembro

A derradeira proposta de actividade deste programa mergullou á rapazada no mesmo espazo da mostra *Camiños creativos*, percorrendo a sala da exposición a través dunha visita didáctica. Propuxéronse unha serie de pequenos xogos que implicaban un percorrido entre espazos ou pezas, ao tempo que se convidaba á reflexión sobre a propia acción de camiñar e a interacción do corpo no espazo.



Outono no Gaiás 2022

8 e 29 de outubro e 19 de novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, Biblioteca e Arquivo de Galicia e espazos exteriores

Programación para gozar do tempo en familia a través da creatividade, a natureza, a arte e a música comprendida por tres actividades que consistiron nunha andaina polos espazos verdes do Gaiás para recoller elementos naturais cos que logo traballar pezas artísticas efémeras; un obradoiro no que descubrir as posibilidades creativas da luz, as formas, as cores e as texturas xunto coa música e a poesía visual; e unha actuación de percusión divertida e contaxiosa complementada cun obradoiro de instrumentos musicais feitos con material de refugallo.

Camiñar, crear, musicar

Un novo xeito de mirar o que nos rodea, observar a vexetación, recoller plantas e flores e tomar fotografías do que se atopa no camiño e que serve como material sobre o que explorar a creatividade visual da rapazada nun obradoiro impartido pola artista multimedia Montse Piñeiro. As familias participantes crearon, con mesas de luz, colaxes translúcidas cos materiais recollidos na andaina. Esta actividade rematou cun concerto do grupo Trilitrate no que a creación visual ao vivo, a partir destas colaxes, formaba parte da mesma experiencia musical.

Horario: A partir das 16:30 h.

Idade recomendada: A partir dos 6 anos

Asistencia total: 90 persoas

Data: 8 de outubro de 2022

Espazo: Auditorio Neira Vilas e Sala 1 da Biblioteca e Arquivo de Galicia

Asistencia: 20 persoas



Terra de arte

Obradoiro de creación para favorecer o xogo simbólico e libre na natureza a partir da reivindicación desta como lugar propicio para a expresión artística. A partir da aproximación teórica ao Land Art, unha corrente de arte contemporánea que aglutina formas moi diversas de traballar e experimentar coa natureza, creáronse pezas artísticas e efémeras mediante o xogo coas texturas e as cores presentes nos elementos naturais (follas, pedras, paus...). Estes materiais de traballo foron colleitados nunha pequena ruta previa polas zonas verdes da Cidade da Cultura.

We Tum Tum

O 19 de novembro estivo protagonizado por Crassh Dúo Circus e a súa peza *We Tum Tum*, un espectáculo de percusión, movemento e comedia visual que, cun certo carácter intimista, traballa os sons insuflándolles unha poderosa enerxía. Empregan desde tubos de PVC a todo tipo de obxectos cotiáns, aguilloando os sentidos do público máis novo da casa e proporcionando experiencias únicas entre as diferentes persoas integrantes das familias. Ao remate do espectáculo o público participante realizou un obradoiro musical para confeccionar diferentes instrumentos con materiais de refugallo.

Data: 29 de outubro de 2022

Lugar: Espazo REGA 3 e zonas verdes e exteriores

Asistencia: 16 persoas

Data: 19 de novembro de 2022

Lugar: Auditorio Neira Vilas e Sala 1 da Biblioteca e Arquivo de Galicia

Asistencia: 54 persoas



Unha noite con Laxeiro

3 de decembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

Como actividade complementaria á exposición *Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires, 1950-1970)* propúxose un espectáculo de monicreques dirixido ao público familiar. Producido por Títeres Natuacasa, este espectáculo foi concibido como unha homenaxe á vida e obra de Laxeiro cunha perspectiva infantil, baseado en diferentes obras do pintor lalinense.

Mediante os monicreques contouse a historia de Pepiño, un neno que realiza unha viaxe onírica converténdose nunha personaxe dun cadro de Laxeiro e vive diferentes experiencias e aventuras relacionadas coas obras do pintor considerado un dos pais da vangarda galega.

Data: 3 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Horario: 17 h

Idade recomendada: A partir dos 3 anos

Asistencia: 50 persoas



Nadal no Gaiás 2022-2023

Do 16 de decembro de 2022 ao 6 xaneiro de 2023 | Museo Centro Gaiás

O bosque de papel

No Nadal 2022-2023, o Hall de Tirantes quedou convertido nun bosque de papel con figuras realizadas mediante a técnica da papiroflexia ou origami, fuxindo da habitual decoración nórdica para centrarse nunha decoración relacionada coa nosa contorna. Con ese obxectivo, colocáronse diferentes figuras de papel e cartón en forma de árbores de cor branca e unhas figuras máis pequenas en forma de flores e pequena fauna autóctona, todas elas iluminadas con focos de cores.

A través deste espazo tamén era posible acceder á árbore de madeira do Gaiás, vestida de diferentes cores grazas ás diferentes figuras de papel de gran tamaño (estrelas, animais, bólas...) e ao "Mural dos desexos", un espazo no que o público asistente podía colocar un corazón de origami cos seus bos desexos para as festas.

Data: Do 16 de decembro de 2022 ao 6 xaneiro de 2023

Espazo: Museo Centro Gaiás, hall de tirantes

Concepto e deseño: Cristina Velasco, Anaquiños de Papel

Asistencia: 2.785 persoas



Factoría de adornos

Factoría de adornos foi un espazo habilitado dentro do Bosque de papel para a celebración de obradoiros dirixidos ao público infantil impartidos por Anaquiños de Papel.

Nestes obradoiros a rapazada participante tiña a oportunidade de crear diferentes adornos de Nadal a través da técnica de origami ou papiroflexia seguindo as indicacións do persoal de apoio cuidadosamente adaptadas á súa idade. Logo do remate dos obradoiros, ofrecíase a posibilidade de colgar os adornos como parte da decoración da árbore do Gaiás ou seren levados polas persoas que os crearon.

Data: 16-18, 22-23, 26-30 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, hall de tirantes

Horario: Catro quendas por día: 17, 17:30, 18 e 18:30 h.

Idade recomendada: A partir dos 6 anos

Prazas: 12 persoas por quenda (6 nenos/as + acompañante)

Asistencia: 171 persoas

Obradoiro de adornos de Nadal

Este obradoiro de adornos de Nadal, pensado para público adolescente e adulto, foi igualmente impartido por Anaquiños de Papel e nel as persoas participantes realizaron diferentes figuras de origami de certa complexidade como estrelas, bólas e árbores de Nadal. Igual que no obradoiro infantil, ofreceuse a posibilidade de colgar os adornos como parte da decoración da árbore do Gaiás ou levarlos para a casa.

Data: 17 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, hall de tirantes

Horario: De 11 a 13 h.

Idade recomendada: A partir dos 14 anos

Asistencia: 15 persoas



Ás para Álex

Obra de teatro de monicreques da compañía Baobab Teatro que pon o foco na importancia da esperanza e o xogo para superar as dificultades vividas por unha enfermidade. Álex é un neno de 8 anos ao que lle encanta correr, xogar, saír cos amigos, ir ao parque... e a súa maior paixón, o fútbol. Un día ten que deixalo todo porque o seu corpo non responde, non é quen de camiñar. Por iso, enfádase co mundo ata que un día aparece Laura no seu camiño e, con moito agarimo, cambia a visión do neno sobre a súa enfermidade e os obstáculos que van xurdindo.

A compañía

Baobab Teatro nace en 2010 da man de Andrea Bayer e Óscar Ferreira, dous novos pero experimentados artistas e creadores escénicos. A día de hoxe é recoñecida como unha das principais compañías de teatro para a infancia de Galicia, conseguindo ao longo da súa traxectoria recoñecementos como o Premio Barriga Verde, o Premio ao mellor espectáculo Infantil na X Feria de Ciudad Rodrigo e varias candidaturas aos Premios María Casares.

Data: 29 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Horario: 18 h.

Idade recomendada: A partir de 5 anos

Asistencia: 173 persoas



02.6 / LETRAS E PENSAMENTO

Día das Letras Galegas: Relecturas Florencio Delgado Gurriarán

17 de maio de 2022 | Museo Centro Gaiás e en liña

Para compartir e dar visibilidade ao legado literario de Florencio Delgado Gurriarán, contribuíndo a que a cidadanía coñeza mellor a persoa homenaxeada nas distintas edicións das Letras Galegas, na Cidade da Cultura continuouse a senda dos últimos anos organizando unha lectura compartida.

Todo o público que se achegou á Cidade da Cultura o sábado 14 de maio foi convidado a sumarse á lectura dun poema de Florencio Delgado Gurriarán a partir dunha escolma realizada por Débora Álvarez, filóloga galega, xestora cultural e promotora do proxecto *As Letras de Florencio*.

Esta lectura participativa foi gravada en vídeo para a difusión dunha peza audiovisual o 17 de maio, coa que dun xeito inclusivo, dinámico e colaborativo, se achegou a vida e obra do poeta á cidadanía.

Datos: Gravación: 14 de maio de 2022
Emisión en liña: 17 de maio de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás

Escolma de textos: Débora Álvarez

Participantes: Participaron na gravación 31 persoas

Seguimento en liña: 118 visualizacións

Faladoiros ao redor de CARNE Y ARENA

8 e 15 de setembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 0

Ao fío da instalación inmersiva *CARNE y ARENA* que se puido ver no verán na Cidade da Cultura programáronse dúas sesións de debate e reflexión arredor das liñas de pensamento e acción artística derivadas desta experiencia: a problemática das migracións por unha banda e as novas linguaxes audiovisuais pola outra. Posteriormente, ambos faladoiros foron publicados en liña para que puidesen ser seguidos a través da rede por calquera persoa interesada.

Datas: 8 e 15 de setembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 0

Horario: De 16:30 a 18:30 h.

Colabora: Equipo de Investigacións das Sociedades en Movemento (ESOMI), Universidade da Coruña

Asistencia: Presencial: 44 persoas | En liña: 61 persoas



Imaxinarios e narrativas migrantes nas fronteiras | 8 SET

Neste faladoiro convidouse á conversa a dúas grandes coñecedoras dos procesos de migración, asilo e dos espazos fronteira no contexto do Estado español. Por unha banda, a catedrática de Socioloxía Laura Oso, coordinadora do Equipo de Investigación Sociedades en Movemento (ESOMI) da Universidade da Coruña e directora adxunta do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). Ten ampla experiencia investigadora en migracións internacionais, con enfoque de xénero, así como no vencello entre os movementos de poboación e o desenvolvemento. Foi ademais consultora de organizacións internacionais como a OCDE, a Unión Europea, ou

INSTRAW-ONU. Estivo acompañada da cineasta e investigadora Keina Espiñeira, integrante do ESOMI e especialista na análise de políticas e tecnoloxías nos eidos de fronteira-migración-asilo na Unión Europea, cun traballo empírico baseado no Mediterráneo occidental. As dúas expertas conversaron sobre temas como a construción social e política da imaxe da persoa emigrante/inmigrante en España desde mediados do século XX ata a actualidade e das transformacións da fronteira hispano-marroquí, analizada a partir das narrativas migrantes da experiencia do cruce e da espera.

Linguaxes transmedia na creación contemporánea | 15 SET

Partindo do vencello de *CARNE y ARENA* con outras experiencias artísticas (fotografía, cinema, performances, instalacións...) e literarias centradas na fronteira e na experiencia migratoria, convidouse a dous especialistas en linguaxes transmedia na creación contemporánea: Anxo Abuín, profesor de Literatura Comparada na USC e investigador especializado en intermedialidade e estudos culturais, e Xosé Nogueira, doutor en Historia da Arte (Historia

do Cinema), profesor titular do Departamento de Historia da Arte da USC e estudoso das mutacións e hibridacións na arte e a disolución das fronteiras na cultura audiovisual. Nun diálogo entre ambos e co público asistente, abriron unha reflexión sobre a viabilidade dun "humanismo tecnolóxico" no que as posibilidades de simulación da realidade propiciadas pola revolución dixital fosen postas ao servizo dun discurso crítico.



EAN12

XII Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura de Galicia

Do 28 de agosto ao 1 de setembro de 2022 | Edificio CINC

Por duodécimo ano consecutivo o Gaiás volveu ser un espazo de encontro no que creadoras e creadores emerxentes tiveron a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater arredor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais.

O Encontro de Artistas Novos, dirixido por Rafael Doctor, procura favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou xornalistas que se suman ao evento como "art followers".

Cada un dos participantes do EAN12 realizou unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións.

Este ano, regresaron como relatores tres artistas que participaron en anteriores edicións cando daban os seus primeiros pasos no mundo da arte: Anna Esmith (máis coñecida como *Miss Beige*), Beatriz Lobo, e Miguel Scheroff, ademais do consolidado fotógrafo galego Tono Arias. Participaron como "art followers" Eduardo Valiña, Nerea Ubieto e Javier Díaz-Guardiola.

O programa completouse coa oportunidade de realizar unha intervención artística efémera nas Torres Hejduk, unha iniciativa coa que a Cidade da Cultura amosa a súa aposta polo talento emerxente, cedéndolle un espazo expositivo non convencional.



Datas: Do 28 de agosto ao 1 de setembro de 2022

Espazo: Edificio CINC, auditorio 2

Colabora: Fundación Banco Sabadell

Asistencia: 40 persoas

SELECCIÓN ARTISTAS PARTICIPANTES NO EAN12

Alba Casas González, Alejandro Vázquez Tomé, Ariane Góes, Martínez Qar (Carlos Dorado Gayo), Catara Rego Abaira, Diego Vidal Míguez, doa oa (Doa Ocampo Álvarez), Iago Fernández Díaz, Joel Blanco Martínez, Macarena Montesinos Fandiño, Olmo Blanco Fuentes, Pablo Agma (Pablo Aguilar Martín), Pablo Otero López, Rita Gutiérrez Rivera, Ruth Vidal Suárez, Vicente Fraga Fernández, Alberto Montes Sánchez, Almaro, Beatriz González Rojo, Daniel Urrea Rebolledo, David Gómez Gómez, EKI, Eléonore Ozanne, Francesc Roselló Bover, Gala Knörr, Hanna Jarzabek, Juanma Cabrera, Madelaine Ekserciyan, Lo Súper, Miguel González Cabezas, Miguel Hache (Miguel Hernández Aguelo), Pedro Rodríguez Trujillo, Raquel Bartolomé Robledo, Ricardo León Cordero, Sara Gema Domínguez Castillo, Tomás González Justicia, Virginia Bersabé, Carlos Bonet, Fran Sabariego Uceda, Cristóbal Ascencio Ramos.

PUBLICACIÓN CONMEMORATIVA DO ENCONTRO DE ARTISTAS NOVOS

Con motivo do EAN12, editouse unha publicación conmemorativa que afonda nos centos de artistas, emerxentes e consolidados/as, que durante os seus doce anos de percorrido amosaron o seu traballo no Gaiás a través deste espazo de convivencia e diálogo que desde o seu nacemento se converteu en sinal de identidade da Cidade da Cultura e nun baluarte da súa actividade cultural.

Os e as artistas que se achegaron a Santiago de Compostela nalgunha destas doce edicións do EAN hoxe exhiben en galerías, museos e centros culturais de todo o mundo. É por iso que xurdiu esta publicación conmemorativa, como recoñecemento ao seu traballo e á traxectoria do que hoxe xa é un dos principais foros da arte contemporánea de España.

- Director editorial: Rafael Doctor Roncero.
- Coordinadora: Laura López Marín.
- Deseño: Desescribir.
- Fotografías EAN: Rocío Cibes, Óscar Corral, Manuel G. Vicente.
- Impresión: Agencia Gráfica.
- Encadernación: Legatoria.
- Tradución e revisión: Linguaserve I.S. S. A.
- Textos: VV.AA.
- Edición: Galego / Castelán. Extensión: 820 páxinas.
- Tirada: 1000 exemplares.



02.7 / PROGRAMA DE VISITAS

Visitas comentadas ás exposicións do Museo Centro Gaiás

De martes a domingo | Museo Centro Gaiás

As grandes exposicións do Museo Centro Gaiás constitúen ao longo do ano un dos piares do programa de visitas comentadas á Cidade da Cultura, nas que da man do noso equipo de guías é posible afondar, dun xeito ameno e divulgativo, nas principais temáticas, obras e conceptos das mostras temporais do Gaiás.

Como vén sendo habitual, en 2022 as visitas foron programadas de xeito regular nas tardes dos días laborables e nas mañás e tardes dos días festivos e fins de semana, con reforzos especiais nas épocas de maior afluencia de público. O programa de visitas regulares destinado a público xeral complementábase con visitas de tipo especializado dirixidas a colectivos como os centros de ensino, ofrecéndose tamén a posibilidade de visitas concertadas para grupos específicos.

Datos: De martes a domingo, durante todo o ano

Espazo: Museo Centro Gaiás

Público: Xeral

Asistencia en visitas regulares: 2.368 persoas

Asistencia en visitas concertadas: 296 persoas

Oferta de visitas regulares e concertadas ás exposicións temporais do Museo en 2022:

- Galicia futura
- Castillo, escultor
- Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra
- Xacobeo. As pegadas do Camiño
- Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020
- A Vía da Prata. Aires do Sur
- Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires 1950-1970)
- De lugares e cousas. Colección de Arte Banco Sabadell
- Camiños creativos



Visitas comentadas á arquitectura e aos espazos naturais

De martes a domingo | Varios espacios

As visitas arquitectónicas e aos espazos naturais supoñen outro xeito de descubrir a Cidade da Cultura e a súa contorna a través dunha breve panorámica guiada. Ofrecen a oportunidade de afondar nas liñas mestras do proxecto, os principais usos e fitos do complexo e as claves do seu funcionamento, achegándose aos seus diversos espazos da man do equipo de guías da Cidade da Cultura, xa sexa dun modo xeral ou centrándose en aspectos concretos.

Visita arquitectónica

Un percorrido comentado para achegarse á arquitectura contemporánea e abraiarse coas liñas e volumes proxectados polo neiorquino Peter Eisenman. Desde admirar a espectacular fachada de cristal de case 43 metros de altura do Museo Centro Gaiás, a entender dunha ollada o xogo de trazos e volumes que compoñen o deseño da Cidade da Cultura, descubrir a monumental praza central, ou un petisco dos espazos verdes do monte Gaiás.

Público: Xeral
Asistencia: 1.057 persoas

Asistencia en visitas regulares: 146 persoas
Asistencia en visitas concertadas: 792 persoas



Visita O Gaiás no Camiño

Coincidindo coa recta final do Xacobeo 21-22 programouse esta descuberta guiada polos vencellos entre a Cidade da Cultura e o Camiño de Santiago, desde os primeiros planos do proxecto arquitectónico —realizado a semellanza do trazado das rúas da cidade vella compostelá—, aos segredos que agochan os seus edificios, como a copia facsimilar do *Códice Calixtino* que posúe a Biblioteca de Galicia, un dos documentos históricos que mellor nos permiten coñecer o valor histórico e cultural da ruta xacobeá. O percorrido permitía ademais contemplar unha vista diferente da cidade de Santiago e da súa Catedral desde o cumio do Gaiás e achegarse á Vía da Prata, ou Calzada Real, que discorre ao carón da aba suroeste do monte Gaiás.

Asistencia: 44 persoas
[Programación Xacobeo 21-22]

Visita aos espazos naturais do Gaiás

Descuberta exprés das máis de 40 hectáreas de zonas verdes do Gaiás, para coñecer a súa fauna e a súa flora, así como os principais aspectos medioambientais asociados a estes espazos naturais ou recuperados: desde o Xardín Literario ao Bosque de Galicia ou tamén as obras de arte que albergan os espazos exteriores, con instalacións escultóricas como *Espellos*, de Manolo Paz, *Zapatos no Camiño*, de Francisco Leiro, ou *Deixa aquí os teus medos*, de Alicia Framis.

Asistencia: 75 persoas
Patrocina: Viaqua



Baixo a pel do Museo. Visitas especiais X Aniversario do Museo Centro Gaiás

Abril, maio e xuño de 2022 | Museo Centro Gaiás

Co gallo dos décimo aniversario da apertura ao público do Museo Centro Gaiás, propúxose un programa especial de visitas centradas neste edificio nas que se abriron ao público espazos ocultos e restrinxidos, aos que non se ten acceso nunha visita ordinaria e aos que normalmente só accede persoal técnico, pero que son imprescindibles para o desenvolvemento da súa actividade e para a comprensión do proxecto global da Cidade da Cultura.

A visita incluía así o acceso a espazos aos que cumpría entrar con medidas específicas de seguridade, como as baixocubertas do edificio, o montacargas, a dársena de acceso de mercadorías ou a central de climatización, así como curiosas e diferentes saídas de emerxencia e portas ocultas nos distintos edificios.

Datas: Semana Santa: días 9, 10 e do 12 ao 17 de abril de 2022
Semana do Día dos Museos: do 18 ao 22 de maio de 2022
Semana do aniversario do Museo: do 14 ao 19 de xuño de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás

Horario: 11:30 ou 18:00 h.

Duración: 90 min

Patrocina: Viaqua

Asistencia: 192 persoas



Gaiás secreto

Visitas arquitectónicas a espazos ocultos

De maio a decembro de 2022 | Varios espazos

O programa de visitas especiais ao Museo completouse co regreso dos percorridos do *Gaiás secreto*, unha actividade que arrincou en 2019 co obxectivo de achegar á cidadanía non só unha panorámica arquitectónica do complexo, senón tamén o seu funcionamento e parte dos seus espazos agochados.

Neste ano 2022, estas visitas guiadas levaban as persoas visitantes a áreas restrinxidas como a galería subterránea, a sala de climatización ou o baixoteito da Biblioteca de Galicia nun percorrido desde as Torres Hejduk ao Fontán (o primeiro e o último dos edificios erixidos no Monte Gaiás), pasando pola Biblioteca, o Centro de Emprendemento ou a Praza Central.

Datas: 1, 7, 8, 14, 15, 17, 28, 29 de maio
4, 5, 11 e 12 de xuño
2, 3, 10, 16, 17, 23, 24, 25, 30 e 31 de xullo
6, 7, 13, 14, 15, 16, 20, 21, 27 e 28 de agosto
3, 4, 10, 11, 17, 18, 24 e 25 de setembro
1, 2, 8, 9, 12, 15, 16, 22, 23, 29 e 30 de outubro
1, 5, 6, 12, 13, 19, 20, 26 e 27 de novembro
3, 4, 6, 8, 10, 11, 17 e 18 de decembro

Espazo: Varios espazos

Horario: Ás 11:30 e 17 h en setembro. Ás 11:30 h no resto de datas

Duración: 90 min

Patrocina: Viaqua

Asistencia: 433 persoas



Visitas didácticas ás exposicións

De martes a venres lectivos | Museo Centro Gaiás

As saídas didácticas son unha extraordinaria ferramenta de aprendizaxe para os centros de ensino e, por iso, durante o curso escolar, a Cidade da Cultura oferta un completo programa de visitas didácticas para coñecer as grandes exposicións temporais do Museo Centro Gaiás dun xeito especialmente adaptado aos contidos curriculares dos diferentes niveis educativos.

Datas: De martes a venres lectivos

Espazo: Museo Centro Gaiás

Horario: Quendas dispoñibles ás 10, 12, 12:30, 13 e 16 h.

Público: Alumnado de centros de ensino de Galicia de todos os niveis educativos (Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato, FP e Universidade)

Asistencia total: Presencial: 3.282 persoas / En liña: 243 persoas

Visitas ás exposicións ofertadas dentro do programa didáctico do Gaiás en 2022:

- Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra
Asistencia presencial: 685 persoas / asistencia en liña: 243 persoas
- Castillo, escultor
Asistencia: 40 persoas
- Xacobeo. As pegadas do Camiño
Asistencia: 136 persoas
- Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020
Asistencia: 1.162 persoas
- A Vía da Prata. Aires do Sur
Asistencia: 142 persoas
- Foi un home. Laxeiro en América (Buenos Aires 1950-1970) Asistencia: 593 persoas
- De lugares e cousas. Colección de Arte Banco Sabadell
Asistencia: 22 persoas
- Camiños creativos
Asistencia: 502 persoas



Visitas didácticas á arquitectura e natureza

De martes a venres lectivos | Museo Centro Gaiás e zonas exteriores

Familiarizar á comunidade educativa co apaixonante mundo da arquitectura é o obxectivo principal destas visitas educativas nas que se descifra o código dos edificios do Gaiás a través dun percorrido ideado para profundar no proxecto construtivo de Peter Eisenman e a súa relación coa contorna paisaxística e natural na que se atopa. Unha visita que incluíu a análise das maquetas da Cidade da Cultura, o vestíbulo do Museo Centro Gaiás, o Xardín Literario coas súas vistas sobre a cidade de Santiago, o edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia e as Torres Hejduk desde o exterior.

Datas: De martes a venres lectivos

Espazo: Museo Centro Gaiás e espazos exteriores

Horario: Quendas dispoñibles ás 10, 12, 12:30, 13 e 16 h

Público: Alumnado de centros de ensino de Galicia de todos os niveis educativos (Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato, FP e Universidade)

Asistencia: 1.872 persoas

Programa didáctico de verán: Campamentos do Sar

Do 26 ao 28 de xullo de 2022 | Museo Centro Gaiás

Estas visitas foron pensadas para que a rapazada participante nos campamentos urbanos de verán realizados nas instalacións do Multiusos Fontes do Sar se aproximasen á arquitectura da Cidade da Cultura e ás exposicións que se atopaban nese momento no Museo e que incluían *Obxectos de desexo. Surrealismo e deseño, 1924-2020* e *A Vía da Prata. Aires do Sur*.

Datas: Do 26 ao 28 de xullo de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás

Horario: 2 quendas: ás 10 e 12 h

Asistencia: 200 persoas



Programa de visitas familiares do Nadal

Do 27 de decembro de 2022 ao 7 de xaneiro de 2023

Atendendo á demanda de programación familiar durante os días de Nadal que conxugue cultura e lecer, programáronse dous novos formatos de visitas especiais á Cidade da Cultura. Por unha banda, unha xincana arquitectónica na que coñecer os diferentes espazos do Gaiás a través de probas de exploración, curiosidades e un concurso de preguntas. Por outra, realizáronse visitas especiais á mostra *De lugares e cousas. Colección de Arte Banco Sabadell* nas que, partindo de seis obras concretas, convidouse as familias a introducirse no traballo de destacados representantes da arte contemporánea actual.

Datas: Do 27 ao 30 de decembro de 2022 e o 3, 4, 5 e 7 de xaneiro de 2023

Espazo: Museo Centro Gaiás

Horario: Quendas ás 11:30, 12:30 e 16:30 h.

Idade recomendada: A partir dos 6 anos

Asistencia: 148 persoas

02.7 / ACTIVIDADES DIVULGATIVAS

Campus Galicia. Urbanismo e arquitectura nas universidades galegas

Do 5 de outubro de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022 | Edificio Fontán

A exposición *Campus Galicia* tivo como obxectivo realzar a valía do patrimonio universitario galego abrindo miradas á súa arquitectura. A mostra estivo centrada na dimensión histórica, urbanística e arquitectónica dos campus galegos, pero incorporando tamén a visión vivencial e a contextual. Por unha banda, escolmose para cada recinto galego un conxunto de referencias tipolóxicas, extraídas do panorama universitario nacional e internacional. Pola outra, a descrición de cada campus incorporou referencias poético-vivenciais, ofrecendo así unha interpretación emocional, coherente co sólido vencello que o feito educativo posúe coa dimensión humana. Mediante textos, planos e fotografías, despregouse un itinerario vivido ao pé do terreo, impulsado polo afán de enxalzar o galano patrimonial que nos brindan os 14 recintos universitarios de Galicia.

Comisariado

Pablo Campos Calvo-Sotelo é doutor arquitecto, doutor en Educación, catedrático de Composición Arquitectónica (Universidade San Pablo CEU) e académico da Real Academia de Doutores de España. Desde 1989 proxecta e investiga a arquitectura das universidades. Escribiu 16 libros e máis de 80 artigos sobre a materia e ten impartido conferencias en prestixiosas institucións internacionais. Autor do concepto "Campus didáctico", é deseñador de numerosos plans directores para recintos universitarios, dentro e fóra de España.

Co proxecto do Campus de Villamayor (Universidad de Salamanca) obtivo o 1º premio Internacional de Arquitectura Educativa Designshare (Nova York). En 2021 e 2020, respectivamente recibiu os premios Educatio Leadership Award, outorgado polo World Education Congress, e International Innovative Research Award in Architecture of Education, outorgado pola International Society for Scientific Network, pola súa contribución á investigación en educación a escala internacional.


Datas: Do 5 de outubro de 2021 ao 9 de xaneiro de 2022

Espazo: Edificio Fontán. Vestíbulo

Horario: De luns a domingo de 10 a 20 h

Comisariado: Pablo Campos Calvo-Sotelo

Colaboran: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo





Xuventude Crea, máis dunha década. Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro

Do 14 de decembro de 2021 ao 23 de xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes

Xuventude Crea, máis dunha década. Unha mirada ao pasado, unha mirada ao futuro foi un proxecto expositivo retrospectivo con motivo da celebración dos 12 anos da existencia deste certame. A exposición reuniu unha selección de 29 pezas dos creadores e creadoras que presentaron os seus proxectos ao abeiro de Xuventude Crea, unha escolma que abrangueu seis das 14 especialidades que forman parte do programa: moda, graffiti, banda deseñada, artes plásticas (pintura e escultura), fotografía e deseño de xoias.

Datas: Do 14 de decembro de 2021 ao 23 de xaneiro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, Hall de tirantes

Horario: De Luns a domingo de 10 a 20 h.

Organiza: Dirección Xeral de Xuventude

Comisariado: Alexandra Rodríguez Rey

De pel a pel. Achegas ás obras e aos seus creadores

Na última fin de semana de apertura da exposición programáronse catro visitas comentadas por parte da comisaria da exposición nas que, desde a súa particular visión multidisciplinar e multixeracional, teceu unha liña do tempo a través de 29 obras dos creadores e creadoras que pasaron polo programa desde o seu arranque en 2010.

Datas: 22 e 23 de xaneiro de 2022

Horario: Sábado 22 ás 16:30 e ás 18 h | Domingo 23 ás 11:30 e 13 h.

Asistencia: 25 persoas



Día da Muller e a Nena na Ciencia Christiane. Un bio-musical científico

11 de febreiro de 2022 | Biblioteca e Arquivo de Galicia

Para conmemorar o Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia, a Cidade da Cultura acolleu a obra de teatro musical *Christiane. Un bio-musical científico*, un exercicio de inmersión na vida de Christiane Dosne Pasqualini, científica e personalidade fundamental na investigación da leucemia. A protagonista deste monólogo é a súa neta, Belén Pascualini, que realizou a obra a modo de homenaxe á súa avoa, pero tamén a tantas outras mulleres invisibilizadas en laboratorios e universidades de todo o mundo. A actividade estivo dirixida a cursos de segundo ciclo de secundaria e Bacharelato.

O Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia foi proclamado no 2015 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas co fin de lograr o acceso e a participación plena e equitativa na ciencia para as mulleres e as nenas. Cada 11 de febreiro é así unha lembranza de que as mulleres e as nenas desempeñan un papel fundamental nas comunidades de ciencia e tecnoloxía e de que a súa participación debe fortalecerse. A celebración deste día está promovida pola UNESCO e ONU-Mulleres, en colaboración con institucións e socios da sociedade civil que impulsan o acceso e a participación de mulleres e nenas no eido científico.

Datas: 11 de febreiro de 2022

Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, auditorio Xosé Neira Vilas

Horario: 10h e 12 h.

Organiza: Instituto Galego de Física e Altas Enerxías, USC

Intérprete: Belén Pascualini

Asistencia: 162 alumnos e alumnas de 6 centros educativos diferentes



8M | Día Internacional da Muller Conversas na balea: Videopodcast sobre a muller na produción musical

7 de marzo de 2022 | En liña

Concibido como un novo espazo de faladoiro en formato videopodcast, *Conversas na balea* quixo abrir unha xanela virtual na que tomaron a palabra profesionais das artes e da cultura, coa actriz, creadora escénica e comunicadora Diana Sieira no temón do programa.

Precisamente na semana na que se conmemorou o Día Internacional da Muller, achegámonos ao ámbito da promoción e produción musical desde a óptica de dúas mulleres como Raquel Seijo e Andrea González, profesionais de peso no sector.

Diana Sieira. Presentadora, actriz e creadora escénica, diplomada en Interpretación e técnico superior de Produción. Comezou a súa carreira como actriz en 2005, percorrendo os escenarios galegos en solitario e con compañías como Carfax Teatro, Coro da Rá, Manicómicos, Niñas de la Risa ou Paso de Valverde.

Raquel Seijo. Xornalista de formación, é unha das poucas mulleres en España que exerce como promotora musical. Desde entón, acumula máis de 15 anos de experiencia na organización de grandes eventos musicais. É tamén unha das impulsoras da AGEM, Asociación Galega de Empresas Musicais, e presidiu entre 2020 e 2022 o colectivo Festivais de Galicia.

Andrea González. Pianista, xestora musical e directora do Festival IKFEM. É directora e fundadora do International Keyboard Festival & Masterclass da Eurocidade Tui-Valença, vicepresidenta de Juventudes Musicales de España e docente de Xestión e Produción de Música e Artes Escénicas no Conservatorio Superior de Vigo.

Actividade en liña

Espazo: En liña, a través das canles de Youtube, Google podcast, Spotify e Ivoox

Condutora: Diana Sieira

Participantes: Raquel Seijo e Andrea González

Asistencia en liña: 173 espectadores únicos na canle de Youtube da Fundación Cidade da Cultura



Día do Libro Emisión en liña de Clásicas Desfeitas

Do 23 de abril ao 1 de maio de 2022

Coincidindo coa conmemoración do Día do Libro, e como forma de achegar a celebración deste día ao público usuario das nosas redes sociais, puideron verse en liña e por tempo limitado as representacións dos volumes IV e V do ciclo *Clásicas Desfeitas*, unha proposta escénica que realiza unha relectura de textos clásicos desde unha perspectiva contemporánea. Neste caso, representouse *A barca do inferno*, peza inspirada no *Auto da barca* de Gil Vicente, obra fundamental para entender a literatura portuguesa do século XVI, a partir dunha proposta de monicreques da compañía Nauta Teatro; e *Arte sen guión*, peza coa que a compañía Galeatro reflexionaba sobre as posibilidades dun teatro clásico galego do que non existen obras escritas.

Actividade en liña

Espazo: Canle de Youtube e redes sociais da Cidade da Cultura de Galicia

Compañías: Nauta Teatro e Galeatro

Colabora: Centro Dramático Galego

Asistencia en liña: 90 visualizacións únicas



Día do Medio Ambiente Holi Gaiás 2022

4 de xuño de 2022 | Praza central e Bosque de Galicia

A proposta da Cidade da Cultura para festexar o Día do Medio Ambiente foi novamente a carreira familiar e colorida na que pasar unha xornada divertida ao aire libre practicando unha actividade saudable. O espírito da carreira é máis lúdico que competitivo e propón un percorrido de 5 km e dúas modalidades —infantil e persoas adultas— finalizando coa realización dunha coreografía. Está concibida para promover un estilo de vida saudable e celebrar en grupo, nun espazo tan vistoso e singular como o monte Gaiás, as últimas semanas da primavera cunha explosión de música e poeira de cores que atopa a súa inspiración no Festival Holi da India.

Data: 4 de xuño de 2022

Espazo: Praza central e espazos verdes da Cidade da Cultura

Horario: De 11 a 13 h

Patrocina: Viaqua

Colabora: Federación Galega de Atletismo, Coca-Cola, Gadis

Asistencia: 463 persoas

Apertura do labirinto e pista de BMX

Exhibición deportiva

2 de agosto de 2022 | Bosque de Galicia

O martes 2 de agosto o Gaiás abriu ao público a nova pista deportiva de BMX na zona sur do Bosque de Galicia, a carón da AP-9, cunha exhibición en colaboración co festival Rompetiño. Nesta demostración, *riders* das modalidades de BMX, Dirt Jump e DH, tanto de categoría masculina como feminina, amosaron as potencialidades desta instalación deportiva.

Nesta xornada festiva contouse ademais cun grupo de música itinerante de fanfarra e pernilongos para animar a tarde cun percorrido desde o parque da Balea, a través do Xardín Literario, as Torres Hejduk e o novo Labirinto.

Data: 2 de agosto de 2022

Espazo: Bosque de Galicia: Pista deportiva BMX e labirinto

Horario: De 17 a 19 h.

Asistencia: 40 persoas





O segredo de Julio Verne Camiño Escena Norte

9 de outubro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

El secreto de Julio Verne contaba a historia de Valérie na noite en que coñeceu un ourizo cacho paroleiro que lle desvelou o segredo do seu avó que, ademais de escritor, fora tamén un aventureiro que viviu todas as historias que contaba nos seus libros e que mesmo enviou un foguete tripulado á lúa que quedou orbitando aorredor dela. Valérie propónse axudar ao foguete a aterrar na lúa e, para iso, precisará da axuda de distintos personaxes das novelas de Jules Verne.

Esta peza da compañía asturiana Fantastique Company integra as novas tecnoloxías para achegar a un público infantil e familiar o universo do inmortal autor de obras como *Da terra á lúa* ou *20.000 leguas de viaxe submarina*. Encadrouse na programación de *Camiño Escena Norte*, unha iniciativa das asociacións Escena Galega, EscenAsturias, Acepae e Eskena, artellada como un itinerario de intercambio cultural que toma a ruta histórica dos Camiños de Santiago como referencia para unha intensa programación escénica, expandida nos campos das sinerxías sectoriais, a relación co público ou a reflexión.

Ao remate do espectáculo realizouse un encontro entre o público e Fantastique Company, coa mediación de Alba Bermúdez e Tone Martínez (Galeatro), xerando un espazo de debate e unión entre a compañía en xira e as persoas asistentes onde compartir e reflexionar sobre o espectáculo.

Data: 9 de outubro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Horario: 18:30 h.

Público: Familiar

Idade recomendada: A partir dos 6 anos

Compañía: Fantastique Company (Asturias)

Dramaturxia: Irene Santos

Organiza: Camiño Escena Norte e Escena Galega

Colabora: Xunta de Galicia e Axencia Galega das Industriais Culturais,

Asistencia: 203 persoas

O Galiverso empeza aquí

A partir do 20 de outubro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar 0

O proxecto *O Galiverso empeza aquí* emprega as tecnoloxías inmersivas e de realidade virtual co obxectivo de amosar o noso patrimonio artístico, industrial, arquitectónico, ou natural dun xeito diferente. Sen saír da Cidade da Cultura, durante o ano 2022 foi posible viaxar en globo polo escarpado Canón do Sil, ollar A Coruña desde o alto da lanterna da Torre de Hércules, descubrir o templo romano de Santa Baia de Bóveda, entrar na cripta do Apóstolo ou subir aos tellados da Catedral de Tui.

A través desta experiencia de realidade virtual púidose gozar de 12 experiencias diferentes polas catro provincias galegas, dun xeito único, accesible a persoas con mobilidade reducida e respectuoso coa conservación dos sitios patrimoniais.

Experiencias do Galiverso empeza aquí

- O solpor desde o Faro de Fisterra.
- O interior da lanterna da Torre de Hércules, na Coruña.
- A cripta de Santiago Apóstolo, na Catedral de Santiago de Compostela.
- A muralla romana de Lugo.
- A torre de Xiá en San Paio de Narla, en Lugo.
- O templo romano soterrado de Santa Baia de Bóveda en Mera, en Lugo.
- O interior dunha palloza do Cebreiro, en Lugo.
- O Mosteiro de Santa María a Real de Oseira en San Cristovo de Cea, en Ourense.
- O canón do Sil entre as provincias de Ourense e Lugo.
- O Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, en Ourense.
- Os tellados da Catedral de Tui, en Pontevedra.

Tratouse dun proxecto pioneiro, nacido coa previsión de incorporar novas experiencias vencelladas ao patrimonio, ao turismo, á ciencia e á experimentación e de percorrer outros museos e bibliotecas de Galicia, e os Polos Creativos dos centros educativos galegos.

Data: De martes a domingo, a partir do 20 de outubro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, espazo audiovisual do andar 0

Horario: Fins de semana e festivos (agás luns), de 11 a 14:30 e de 16 a 20 h. | De martes a venres, de 16 a 20 h.

Colabora: Servizo de Coordinación Estratéxica e Innovación da Secretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades

Asistencia: 1.653 persoas





25N | Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller

22, 25 e 26 de novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás e Biblioteca de Galicia

A Cidade da Cultura sumouse ás reivindicacións do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o 25 de novembro, cunha programación dirixida a todos os públicos e pensada para rachar cos roles de xénero, favorecer a construción de relacións sas en igualdade, e axudar a detectar e combater as violencias que sofren as mulleres en todo o mundo.

Coincidindo coa semana do 25N, programáronse tres actividades destinadas a afondar na loita do feminismo a favor da igualdade, desmontar mitos e falsas crenzas normalizadas e sensibilizar a poboación sobre a prevención da violencia de xénero, facendo especial fincapé na detección dos machismos que nos acompañan no día a día.

Seguridade Violeta

Obradoiro dirixido a alumnado de ensino secundario co obxectivo de reflexionar sobre a maneira na que nos relacionamos con outras persoas, tomando conciencia sobre comportamentos, actitudes e expresións que en moitos casos agochan violencias ou posturas machistas non sempre fáciles de detectar.

Mediante esta actividade procurouse o debate e a participación activa, contribuíndo á construción de vínculos sans entre a rapazada adolescente, desbotando condutas nocivas e prexuizos e participando en actividades como xogos de rol e interacción.

Tamén se deseñaron carteis reivindicativos ao redor de temáticas como a igualdade, a corresponsabilidade nas tarefas cotiás, a fenda salarial de xénero, o machismo invisible, etc.

Datas: 22 de novembro de 2022

Espazo: Biblioteca e Arquivo de Galicia, aula 1 e espazo Off

Horario: De 10 a 14 h.

Asistencia: 82 persoas



Punto de información

Emprazamento dun punto informativo dirixido a divulgar e concienciar sobre as violencias machistas e pensado como un lugar para dialogar e compartir experiencias, pero tamén para coñecer o impacto de todas aquelas accións que menoscaban a dignidade, a estima e a integridade física e mental das mulleres e nenas.

Alén do seu labor informativo, tamén contou con diferentes actividades, de acceso libre e de balde, enfocadas na sensibilización da cidadanía en relación á eliminación da violencia contra a muller.

Ademais de difundir todo tipo de información para sensibilizar e concienciar o público, puidéronse compartir xogos para favorecer a igualdade de xénero, realizar chapas personalizadas e tomarse fotografías nun *photocall* en contra da violencia machista.

Datas: 25 de novembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar 0

Horario: De 16 a 20 h.

Asistencia: 30 persoas

Festexando a igualdade

Xincana familiar na que descubrir as contribucións da loita feminista para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria, concienciando sobre aspectos de igualdade, corresponsabilidade e coeducación. Para a realización da actividade, as persoas participantes organizáronse en diferentes equipos para superar un conxunto de probas repartidas nun percorrido e completar cada un dos retos desta xincana, promovendo de xeito diferente e divertido os valores de sororidade e corresponsabilidade.

Datas: 26 de novembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Horario: De 17 a 20 h.

Asistencia: 26 persoas

03/ EMPRENDER NO GAIÁS

O Centro de Emprendemento (CEM) do Gaiás é un espazo destinado a potenciar a creación e consolidación de empresas culturais, creativas e tecnolóxicas. O CEM está ao servizo das persoas emprendedoras, ofrecéndolles un espazo de traballo, apoiándoas na materialización das súas ideas de negocio e procurando contribuír á creación en Galicia de empresas dinámicas, competitivas e innovadoras.

Para isto, desde a súa posta en marcha en 2013, desenvolve un programa de tutoría e acompañamento aos emprendedores residentes que ofrece formación e asesoramento para madurar os seus proxectos empresariais e, como obxectivo último, estimular e apoiar o talento e crear cultura emprendedora en Galicia.

GAIÁS
CENTRO DA
I.E.T.I.M.

CENTRO DE
EMPREENDE-
MENTO
DO GAIÁS

XUNTA D



Promovendo o emprendemento innovador

Xunto coa cultura e a tecnoloxía, a promoción do emprendemento innovador en Galicia é un dos eixos nos que se asenta o traballo da Cidade da Cultura desde a súa creación, e que converten o complexo do Gaiás nun dos motores de Galicia no impulso a proxectos innovadores no campo da cultura, o emprendemento e a tecnoloxía.

Con este propósito púxose en marcha o Centro de Emprendemento Creativo e actualmente, na liña dos obxectivos do II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia 2022-2027, estase a apostar por afianzar o programa de

emprendemento mediante o desenvolvemento de actividades que amplíen os servizos que actualmente se prestan, optando por unha óptica que supere o enfoque espacial engadindo servizos de valor.

Así, nesta nova etapa, as actividades céntranse en fomentar a creación artística, o desenvolvemento de programas verticais e a introdución da tecnoloxía nos proxectos e empresas do sector.

Espazo de traballo

O Centro de Emprendemento do Gaiás estrutúrase actualmente en dous espazos diferenciados:

Viveiro Gaiás

Un espazo independente e modular á medida de cada proxecto, no que as empresas e proxectos emprendedores poidan desenvolverse e medrar. Con acceso ilimitado no horario de apertura do espazo, mesa de traballo, mobiliario, e posibilidade de uso de zonas comúns como salas de reunións, espazo de escaparate/showroom, etc.

Espazo de cotraballo

Destinado a iniciativas emprendedoras, con 16 postos de traballo individuais dotados de mobiliario, conexións, e a posibilidade de empregar salas de reunións privadas, espazo de formación, caixas de correo para a correspondencia postal ordinaria, destrutora de papel e unha zona común de descanso.

Novas alianzas

No plan de actividades do Centro de Emprendemento indícase como piar estratéxico:

“O fomento da colaboración con proxectos comúns con entidades presentes na Cidade da Cultura: aproveitar a oportunidade única que se dá no Gaiás, coa presenza de entidades e institucións vinculadas á promoción das Industrias Culturais, ao emprendemento creativo, ao desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, investigación e a educación para elaborar proxectos conxuntos, a través da hibridación de estratexias e eixes de actuación comúns. Unha fortaleza única na Cidade da Cultura, que non se dá noutros centros de referencia e ten a potencialidade para converterse en elemento de identidade diferencial”.



En consonancia coa estratexia definida, en 2022 deuse unha nova redacción ao Regulamento Interno do Centro de Emprendemento, configurándose o espazo atendendo a tres tipoloxías de potenciais usuarios:

- A) **Entidades non lucrativas para fins de utilidade pública ou representativas de intereses colectivos concorrentes coa Fundación Cidade da Cultura.**
- B) **Entidades lucrativas con fins/programas concorrentes coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia;** dentro dalgún dos seguintes ámbitos dentro das industrias culturais e tecnolóxicas: deseñadores, ilustradores, profesionais da comunicación, escritores, guionistas, editores, representantes e promotores artísticos, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e proxectos culturais na internet, e aqueles outros con vinculación en proxectos que fomenten innovación cultural e as novas tecnoloxías.
- C) **Iniciativas culturais emprendedoras;** dalgún dos seguintes ámbitos dentro das industrias culturais e tecnolóxicas: deseñadores, ilustradores, profesionais da comunicación, escritores, guionistas, editores, representantes e promotores artísticos, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e proxectos culturais na internet, e aqueles outros con vinculación en proxectos que fomenten innovación cultural e as novas tecnoloxías.

Convocatoria de iniciativas culturais emprendedoras e desenvolvemento de proxectos

O Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura abriu as portas en 2022 a novas iniciativas culturais emprendedoras e proxectos á procura dun espazo dinámico e creativo no que desenvolverse. Tanto no Viveiro Gaiás como no Espazo de cotraballo do CEM ofrecen un lugar no que traballar, dar forma a novas propostas e crear sinerxías nunha contorna dinámica e colaborativa.

A convocatoria, publicada en outubro, estivo dirixida a:

- Iniciativas non lucrativas que a nivel local, rexional, nacional ou comunitario presenten un claro carácter social, cultural ou tecnolóxico.
- Entidades lucrativas pertencentes ao ámbito das industrias culturais, creativas e tecnolóxicas.
- Iniciativas culturais e tecnolóxicas emprendedoras. Empresas ou proxectos empresariais en fase de inicio ou consolidación, pertencentes ao ámbito das industrias culturais, creativas e tecnolóxicas.

A esta primeira convocatoria presentáronse un total de **25 solicitudes**.



Formación e asesoramento para empresas e profesionais culturais

Cámara de Comercio de Santiago de Compostela

No marco desta liña de traballo de apoio ao emprendemento —e ao sector das industrias culturais e creativas en particular— en 2022 renovouse a colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela para o desenvolvemento dun servizo de formación e asesoramento dirixido a empresas e profesionais culturais.

Esta alianza, que arrancara en 2020 co fin de asesorar, apoiar e mellorar a competitividade do sector nun momento especialmente delicado pola crise da covid-19, viuse reforzado nos dous seguintes exercicios cun programa formativo de temáticas variadas.

Servizo de asesoramento

Con atención en liña e presencial na Cidade da Cultura os xoves e os venres, o servizo resolveu dúbidas de carácter laboral, fiscal ou mercantil, facendo fincapé en:

Procura de financiamento: Información para o acceso ás liñas de financiamento mais adecuadas ás características do seu proxecto empresarial e ás necesidades que se pretendan cubrir: axudas, subvencións, préstamos ICO, Igape e demais instrumentos financeiros articulados desde o Goberno, outros organismos e administracións, desde entidades financeiras ou Business Angels.

Plan de negocio e apertura de novos mercados. Información sobre ferramentas axeitadas para a reformulación de liñas de traballo e posibilidades de desenvolvemento da empresa. Titorización no proceso de reorientar e desenvolver o plan económico-financeiro.

Internacionalización: posibilidades de internacionalizarse e asesoría na elaboración dun Plan de acción a curto prazo con accións e unha análise dos distintos programas e axudas de apoio á internacionalización. Tamén se resolverán de xeito rápido consultas puntuais sobre operacións de comercio exterior nas que a empresa teña dúbidas ou falta de información (como aranceis, documentos aduaneiros, fiscalidade, transporte internacional, misións comerciais...).

Medidas covid-19: Consultoría sobre cuestións laborais, fiscais e mercantís no contexto da covid-19.



Programa de formación 2022

Programa Formativo en Drons e Emprendemento

Programa formativo de sete semanas destinado a persoas menores de 30 anos, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, ben sexan emprendedoras ou profesionais que desexen iniciarse no sector dos Drons, que está a ter un crecemento exponencial nos últimos anos, existindo importantes posibilidades de actividade e negocio en ámbitos tan dispares como a agricultura, o medio ambiente, a vixilancia e as reparacións industriais, entre outras.

Datas: marzo - abril

Formato híbrido: presencial e en liña

Entrada: De balde

Financiado polo FSE e Fundación INCYDE

Asistentes: 22 mozas e mozos menores de 30 anos

Programa Formativo 'Emprende enRealidade Aumentada'

Programa formativo de seis semanas dirixido a persoas menores de 30 anos, inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, ben sexan emprendedoras ou profesionais que desexen formarse no eido das tecnoloxías inmersivas e a realidade aumentada: aquelas que permiten usar capas de elementos virtuais sobre imaxes reais, ofrecendo experiencias interactivas a partir dunha combinación da dimensión virtual e a física.

Datas: maio - xuño

Formato híbrido: presencial e en liña

Entrada: De balde

Financiado polo FSE e Fundación INCYDE

Asistentes: 25 mozas e mozos menores de 30 anos

Xornada 'Estratexias de Marketing Online e Redes Sociais nas Industrias Culturais'

Datas: 10 de novembro de 2022

Formato: En liña

Entrada: De balde

Asistentes: 29 persoas



Apoio á materialización da iniciativa emprendedora Coworking Igape-EOI

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Escuela de Organización Industrial (EOI), iniciou en marzo na Cidade da Cultura de Galicia a actividade da sexta edición dos Coworking IGAPE-EOI. Neste espazo de coworking do Gaiás, unha vintena de iniciativas de emprendemento recibiron formación, asesoramento e titoría durante cinco meses na posta en marcha das súas iniciativas empresariais.

A aceleradora centrouse no sector cultural e das TIC, áreas nas que se especializa precisamente o Centro de Emprendemento do Gaiás. Durante a súa estancia, as persoas participantes formáronse en temáticas como

lean startup, marketing dixital, branding creativo e marca persoal, ferramentas de venda, vías de financiamento ou optimización da comunicación, a través de 12 obradoiros específicos.

Contaron, ademais, con 40 horas de titorías individualizadas, enfocadas no desenvolvemento de cada unha das súas propostas, e tiveron a oportunidade de amosar os seus produtos no demoday que puxo fin a esta experiencia formativa. A participación foi gratuíta e o programa contou co cofinanciamento da Xunta e do Fondo Social Europeo.



Colaboracións e convenios

Co fin de impulsar os apoios e a formación que reciben os emprendedores, o Centro de Emprendemento do Gaiás ten

chegado ademais a acordos de colaboración cas seguintes entidades públicas e privadas:

- Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)
- PEN CLUBE
- Axencia para a modernización tecnoloxía de Galicia (AMTEGA)
- Rede de Cooperativas Eusumo
- AJE- Asociacións de Jóvenes empresarios
- Escola de Organización Industrial (EOI)
- INGAVI
- Cámara Oficial Comercio, Industria, Servizos e Navegación de Santiago de Compostela.



Programación de actividades e eventos

Para converter o Centro de Emprendemento nun espazo de referencia, ademais do programa de Titorización de empresas, o CEM traballa na organización de eventos de

proxección nacional e internacional. Entre os máis destacables de 2022 atopamos a celebración da Maker Faire Galicia:

Maker Faire Galicia 2022


O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura foi o lugar elixido para albergar unha nova edición da Maker Faire Galicia, o evento de referencia do «movemento maker», que pula pola innovación a nivel educativo, empresarial e social. Na súa 8ª edición a Maker Faire estreou formato híbrido, tras dúas edicións celebradas de xeito integramente online. Deste modo a organización apostou con forza por un encontro físico, co programa máis completo das súas oito edicións.

A comunidade Maker gozou do 1 ao 5 de xuño gozar de cinco xornadas nas que participaron preto de 200 makers e nas que se deron a coñecer máis de 60 proxectos e 40 obradoiros que combinaron a presencialidade co formato en liña. Nesta edición o foco situouse no desenvolvemento sostible e no benestar social, cunha programación na que destacaron as intervencións de relatores de referencia a nivel nacional e internacional nos ámbitos das startups, a educación STEAM, a saúde mental, a inclusión ou a innovación social.

1 - 2 xuñ | Xornadas da industria

Pepe Martín, CEO de Minimalism brand, startup referente tanto en emprendemento consciente como en transparencia e sostibilidade, foi o encargado de abrir as xornadas presenciais da industria o 2 de xuño. Na tarde do día 2, o protagonismo recaeu na industria dos videoxogos, destacando a participación dos galegos Rubén López e Silvia Izquierdo coa presentación de Aruma Studios.

Así mesmo, foi durante a primeira xornada profesional cando se revelou a temática da terceira edición da Game Maker Jam, unha competición para crear videoxogos en 48 horas que remataou na xornada do sábado e que o domingo entregou os seus premios.



3 xuñ | Xornada de educación

A xornada educativa contou entre outras coa presenza de Gitanjali Rao, unha referente do mundo Maker e unha defensora da educación STEM, que con tan só 11 anos gañou o Discovery Education 3M Young Scientist Challenge. Esta moza estadounidense foi recoñecida pola revista Forbes na súa lista 30 Under 30, ten tres charlas TED ás súas costas e foi a primeira nena do ano nomeada pola revista Time no ano 2020.

Ademais, escolares de toda a Península competiron por ser os gañadores da súa categoría nos pitch de proxectos educativos.

4 - 5 xuñ | Xornadas abertas

Nestas xornadas para todos os públicos, ademais dunha numerosa oferta de talleres e proxectos, puideron escoitarse relatos como o de Paco Ayala, mexicano fundador de Horto Roma Verde, un proxecto de innovación social referente a nivel mundial.

Entre a oferta de talleres destacaron aqueles vencellados á cultura urbana como os de stencil art, mug paint ou parkour, os talleres STEAM da man de VermisLAB e o proxecto Code Week. Así mesmo, a Maker Faire Galicia 2022 acolleu o primeiro hackathon de tecnoloxías de apoio en colaboración con ONCE, Aspace Coruña e Cogami, un reto encamiñado á conceptualización de proxectos en código aberto para a mellora do día a día de persoas con diversidade funcional.

A 8ª edición da Maker Faire Galicia contou co apoio da Xunta de Galicia, o Concello de Santiago, a Fundación Cidade da Cultura e a Asociación para el Progreso de la Dirección (APD). Realízase coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología (FECYT) - Ministerio de Ciencia e Innovación.

04/ BIBLIOTECA DE GALICIA

A *Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia*, establece que a Biblioteca de Galicia é a biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas. Entre as súas funcións está a de recuperar, recoller, conservar, enriquecer e difundir o patrimonio bibliográfico de Galicia, así como a produción bibliográfica galega actual e tamén a relacionada co ámbito lingüístico e temático galego. Esta misión confírelle un carácter especial e diferente respecto do resto das bibliotecas galegas e fai que sexa un centro orientado de xeito preferente aos investigadores, aos estudosos e a aquelas persoas que están interesadas na cultura e nas letras galegas.

A Biblioteca de Galicia, desde a súa sede na Cidade da Cultura, constitúese como o garante da conservación para as xeracións futuras do patrimonio bibliográfico de todas as galegas e galegos. Un patrimonio que actualmente non pode asociarse só ao que quedou impreso en papel, senón que abrangue unha ampla variedade de formatos, incluído o dixital, no que cada vez máis queda reflectido o saber e a historia dos pobos.





As coleccións físicas da Biblioteca de Galicia

As coleccións da Biblioteca de Galicia, tanto físicas como dixitais, atópanse en continuo crecemento. Na súa parte física a compra, as doazóns e o depósito legal son as vías polas que se produce ese incremento. Todas elas contribúen a que a BdG poida cumprir coa finalidade de conseguir conservar, polo menos, un exemplar de todo o publicado, impreso, producido ou gravado en Galicia ou relacionado con Galicia polo idioma, autoría ou temática.

O depósito legal configúrase como a institución xurídica que permite á Administración competente conservar todo tipo de publicacións, producidas ou editadas no seu territorio, por calquera procedemento de produción, edición ou difusión, e distribuídas ou comunicadas en calquera soporte ou por calquera medio, tanxible ou intanxible. A Xunta de Galicia ten a competencia nesta materia desde o ano 1981 e a Biblioteca de Galicia é o centro de conservación de referencia para todo este material. Nos seus

depósitos custódiase un exemplar de todo o que reciben as cinco oficinas de DL existentes na nosa Comunidade Autónoma (Lugo, Ourense, A Coruña, Pontevedra e Vigo).

A finais do ano 2021, a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), en colaboración co Servizo do Libro e Publicacións e a propia Biblioteca de Galicia, puxo en marcha unha nova aplicación para a xestión electrónica do Depósito Legal. Esta nova ferramenta permite coñecer a trazabilidade dunha publicación para a que se solicitou número de DL, desde a súa data de solicitude ata o momento en que queda depositado nos centros de conservación de referencia, e mellora notablemente a supervisión do cumprimento deste mandato legal.

Durante todo o ano 2022 os editores da nosa comunidade solicitaron o número de DL a través desta nova aplicación. Os resultados para as cinco oficinas existentes foron os seguintes:

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Solicitados	2197	189	333	783	647	4.149

A entrega efectiva dos exemplares que lle corresponden a cada número de DL tivo os seguintes datos para o 2022 nas cinco oficinas galegas:

Nº de DL	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Constituídos	2001	139	220	563	657	3.580



Os exemplares efectivamente constituídos xa se atopan custodiados na Biblioteca de Galicia. A finais de 2022 a colección de DL da BdG ascendía a 76.080 libros, 5.259 revistas e periódicos e 3.487 rexistros de materiais especiais.

No ano 2022 os fondos físicos da Biblioteca de Galicia incrementáronse tamén coa compra de máis de 1.100 novos exemplares vencellados ao noso patrimonio bibliográfico. Entre estas novas adquisicións destaca un lote de máis de 70 obras de fondo antigo que recibiu a aprobación do Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia. Algúns dos títulos dese lote son os seguintes:

- *Constituciones con que se ha de regir, i goveernar la devota cofradía de Nuestra Señora del Rosario, de la ciudad de Santiago...* -- Santiago, Ignacio Aguayo, 1790
- *Saudades gallegas: colección de versos* / de Valentín L. Carbajal. -- Orense. Imp. de la Propaganda Gallega, 1880
- *Rumores de los pinos : poesías* / por Eduardo Pondal. -- Santiago: Tipografía de M. Mirás y Alvarez, 1877
- *Nacimiento y crianza de San Fernando en Galicia: discurso inédito* / de Martín García Sarmiento. Con notas y un apéndice por D.J.M.B. -- Santiago, tipografía de José M. Paredes, [s.d.]
- *La Coruña antigua y moderna* / por Senen Constenla Costa. -- Segunda edición. -- la Coruña: imprenta del Ideal Gallego, 1936
- *Mi romería* / Emilia Pardo Bazán. -- 4ª edición. -- Madrid: Administración, Calle de San Bernardo, 37, [s.a.] (R. Velasco).

Respecto do crecemento das coleccións físicas da BdG queda por destacar un ano máis o papel das doazóns de bibliotecas particulares. No ano 2022 púxose en marcha o proceso técnico para facer accesibles no catálogo da Biblioteca de Galicia as doazóns dos escritores Agustín Fernández Paz, María Xosé Queizán e Luz Pozo Garza.

A catalogación de todo o fondo bibliográfico doado pola poetisa Luz Pozo Garza rematouse a finais de decembro e deu como resultado 4.029 novos rexistros de exemplar. O proceso técnico das coleccións de Agustín Fernández Paz e María Xosé Queizán aínda está en marcha, pero xa se poden consultar 3.004 rexistros da biblioteca do laureado autor de Vilalba e 1.879 da colección da escritora viguesa.



As coleccións dixitais da Biblioteca de Galicia

Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia

Unha das principais funcións da Biblioteca de Galicia é a xestión de Galiciana-BDG. Desde a súa posta en marcha no ano 2008 a biblioteca dixital non deixou de medrar. En 2022 incorporáronse máis de 450.000 novas imaxes.

As novas obras dixitalizadas forman parte tanto das coleccións da Biblioteca de Galicia como doutras institucións da memoria da nosa comunidade. A concepción de Galiciana-BDG como un proxecto colaborativo segue a terse moi en conta á hora de fornecer de contidos o repositorio do patrimonio bibliográfico galego. Como mostra desta vontade, no 2022 incorporáronse fondos de dúas novas institucións. Trátase do Arquivo da Deputación de Lugo, do que se dá acceso a máis de 130.000 imaxes do *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* desde o ano 1834 a 1983; e do Instituto Teolóxico Compostelán, organismo dependente do Arcebispo de Santiago de Compostela, e do que se poden consultar todos os números da revista *Compostellanum* entre 1956 e 2021.

Entre as institucións coas que se vén colaborando desde hai tempo está a Biblioteca da Real Academia Galega, que conta cun micrositio propio en Galiciana-BDG. No 2022 a RAG seguiu enriquecendo coas súas dixitalizacións as coleccións tanto de monografías como de prensa histórica da biblioteca dixital, ata chegar aos 981 títulos e máis de 300.000 páxinas dixitalizadas.

Os fondos patrimoniais do resto das bibliotecas xestionadas pola Xunta de Galicia tamén foron obxecto dos proxectos de dixitalización impulsados desde a Biblioteca de Galicia. Destas institucións dixitalizáronse basicamente números de prensa histórica e carteis ata chegar a preto de 39.000 novas imaxes.

Algúns dos títulos de publicacións periódicas dos que se dixitalizaron novos números no 2022 foron os seguintes:

- Boletín oficial eclesiástico de la Diócesis de Orense
- El Eco de Orense
- Galicia: diario de la mañana
- Heraldo de Galicia
- La Lucha
- Magisterio orensano
- Patria galega: boletín-revista órgano oficial de la Asociación Regionalista
- Patria galega: voceiro da Galiza lídima
- La tierra gallega
- A. C. G: revista mensual del Auto-Aero Club de Galicia
- Almanaque gallego para 1882
- Cristal: revista literaria
- La Coruña en la mano
- La Voz de Mondoñedo
- Sonata gallega
- La Región
- El Correo gallego
- El Ideal gallego

Polo que respecta á dixitalización de monografías, a Biblioteca de Galicia seguiu priorizando a transformación a formato dixital das obras do século XVI do Fondo Bibliográfico ABANCA. En total xa son 232 as obras dixitalizadas deste fondo que suman un total de 90.451 imaxes.

Das dixitalizadas en 2022 merece ser destacada a obra *Estímulo para bien obrar*, do Licenciado Francisco de Lara, impresa en Madrid en casa de Guillermo Drouy en 1579. Aínda que referenciada desde o século XVII en bibliografías e inventarios, na actualidade non se tiña rexistro de ningún



exemplar en bibliotecas españolas. O exemplar da colección ABANCA pertenceu á biblioteca do Colexio Imperial, establecido en Madrid pola Compañía de Xesús a finais do século XVI e que pronto se convertería nun importante centro de ensino onde estudaron escritores tan distinguidos como Lope de Vega, Quevedo ou Calderón de la Barca. A biblioteca do Colexio Imperial foi a máis importante que existiu en Madrid ata o século XVIII, cando se suprime a Compañía de Xesús e os xesuítas son expulsados.

Polo que respecta ao crecemento da biblioteca dixital en 2022, merece destacarse a dixitalización de 542 pezas da colección de materiais especiais da Biblioteca de Galicia

(mapas, postais, ephemera e carteis), exemplo da aposta pola diversificación da tipoloxía documental á que se quere dar acceso desde Galiciana-BDG. Nesa liña de actuación afianzouse o crecemento da colección de "Grandes clásicos da literatura galega en formato ePub". No ano 2022, transformáronse a este formato 12 novos títulos, entre eles *La corredoira y la rúa*, de Pérez Lugín, ou *Los hidalgos de Monforte* de Benito Vicetto. En total o micrositio dedicado a este formato en Galiciana-BDG dá acceso a 57 títulos.

Obxectos dixitais en Biblioteca Dixital de Galicia (datos a 31/12/2021 e a 31/12/2022)

	2021	2022	%
Rexistros bibliográficos (títulos)	7.565	8.463	11,87 %
Imaxes	2.647.222	3.101.642	17,16 %
Grupos de obxectos dixitais	287.255	360.010	25,38 %

Usuarios de Biblioteca Dixital de Galicia (datos a 31/12/2021 e a 31/12/2022)

	2021	2022	%
Usuarios	143.433	124.399	-13,27 %
Sesións	284.725	253.331	-11,03 %
Páxinas vistas	6.109.488	5.424.446	-11,21 %

Tipoloxías documentais máis presentes en Biblioteca Dixital de Galicia a finais de 2022

	Hemeroteca	Monografías	Cartografía	Manuscritos	Ilustracións e fotos
Títulos	722	5.174	264	186	1.212
Imaxe	2.143.097	805.347	367	45.131	3.689
Grupos	354.501	6.121	267	252	1.775



A preservación dos sitios web

A Biblioteca de Galicia, en colaboración coa Biblioteca Nacional de España e da Asociación PuntoGal puxo en marcha no 2022 por sexto ano consecutivo a recolección masiva do dominio **.gal**. As recoleccións masivas supoñen o arquivado xeral dun dominio que, realizándose de maneira anual, dan unha visión panorámica sobre a evolución e crecemento deste ao longo dos anos.

Nesta edición incorporáronse 6.525 dominios fornecidos pola Asociación PuntoGal, responsable do seu mantemento desde a súa creación en 2014. Con respecto ao ano pasado, o número de sitios web **.gal** incrementouse nun 6,62%.

Do total de dominios colleitados, o 33 % deles gardouse completamente, mentres que o resto alcanzou o tope de 150 MB por dominio, límite que a Biblioteca Nacional de España establece para este tipo de recoleccións masivas. Con estes parámetros, gardáronse un total de 285 GB de información. O rastreo dos 6.525 dominios **.gal** programouse o día 26 de outubro, finalizándose en tan só 14 horas. Os avances tecnolóxicos permiten que este proceso se vaia acurtando ao longo dos anos. A primeira recolección do **.gal** en 2017, que se fixo sobre 4.261 dominios, case 2.300 menos que os do ano 2022, tardou tres días en realizarse.

Ano	Número de dominios arquivados
2017	4.261
2018	4.788
2019	5.140
2020	5.540
2021	6.120
2022	6.525

Como centro de conservación de referencia do patrimonio dixital na nosa comunidade, a Biblioteca de Galicia tamén colabora coa Biblioteca Nacional de España na configuración de coleccións web de alcance e temática autonómica e das que se fai unha recolleita selectiva cunha periodicidade inferior á anual. Todo o preservado ata o momento pode consultarse no Arquivo da Web Española: <http://www.dl-e.es/openwayback/wayback/>. Para garantir os dereitos de propiedade intelectual das publicacións en liña, o acceso ao seu contido está limitado á súa consulta en terminais seguros instalados na zona de investigadores da Biblioteca de Galicia.

A difusión na Biblioteca de Galicia

Ademais de identificar, recoller e conservar o patrimonio bibliográfico galego, a Biblioteca de Galicia tamén ten a responsabilidade de dar a coñecer os nosos tesouros bibliográficos e a de promover os produtos culturais que se están a crear vencellados coa nosa cultura impresa. Para cumprir con esta función, a BdG organizou no 2022 unha serie de actividades de dinamización e de mostras bibliográficas destinadas a todo tipo de público coa cultura bibliográfica galega como protagonista. Aínda que a referencia para organizar as actividades de difusión sempre é o *Calendario do libro e da lectura* que impulsa cada ano a Xunta de Galicia, a BdG tamén quixo poñer o foco noutros elementos tan importantes para a nosa identidade como o fenómeno Xacobeo ou a historia da literatura infantil e xuvenil no noso idioma.

Actividades de dinamización

Durante o ano 2022 a Biblioteca de Galicia programou un total de 19 actividades (obradoiros, charlas e espectáculos teatrais) que sumaron máis de 1.200 participantes. Aínda que nos primeiros anos da biblioteca estas actividades estaban pensadas basicamente para o público infantil, co paso do tempo o obxectivo marcouse en tratar de diversificarlas e achegarse así a todo tipo e idade de usuarios con inquiredanzas culturais en torno ao libro e a lectura.



Descubre e colorea os seres máxicos galegos

30 de xaneiro

Con motivo da conmemoración do Día da ilustración, a BdG organizou esta actividade a cargo da ilustradora Paula Mayor e a contacontos "Cuentista trapecionista". Os rapaces que participaron puideron descubrir as lendas dos seres fantásticos que habitan Galicia desde tempos remotos e darlle vida con pinturas a unha serie de personaxes que poboaron o bosque imaxinario que crearon para a actividade.

Rosalía

26 de febreiro

Para celebrar o día de nacemento de Rosalía de Castro, efeméride incluída no *Calendario do libro e da lectura*, a Biblioteca de Galicia, ofertou este espectáculo no que se representa a unha Rosalía sendo aínda unha rapaza nun momento crucial da súa vida. Coas actrices Rocío González e Cris Collazo, dirixidas por Fina Calleja, esta peza teatral pretende transmitirle á rapazada que a infancia é o lugar onde medran as poetisas e os poetas; entre a rebeldía, as lecturas, a curiosidade, o xogo e as cancións con rimas e sen autor.



O Arquivo do chivo

19 de marzo

O Día da narración oral celebrouse na Biblioteca de Galicia con esta fabulación libre arredor do conto clásico dos *7 cabuxos e o lobo*. Un teatriño con múltiples xanelas e espazos que serven de viñetas para contar a xeito de banda deseñada este clásico actualizado empregando monicreques, xoguetes, sombras...

En(t)redados e(n) palabras

20 de marzo

A seguinte efeméride do *Calendario do libro e da lectura* que celebrou a BdG foi o Día da poesía. As nenas e nenos que asistiron a este obradoiro coñeceron a historia de *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, un álbum ilustrado de profundo contido poético e narrativo.

A nena que vivía nunha caixa de mistos

26 de marzo

Este espectáculo, inspirado no conto *A vendedora de mistos* de Hans Christian Andersen, foi o escollido pola Biblioteca de Galicia para celebrar o Día do teatro. Cunha coidada posta en escena e empregando unha linguaxe contemporánea, a obra puxo o foco sobre a pobreza infantil.

Rubicundo

2 de abril

A BdG conmemorou o Día do libro infantil e xuvenil con este espectáculo teatral que conta unha fermosa historia sobre a amizade, a constancia e a poesía, alentando a idea de perseguir os nosos soños sen sentir límites nin distancias.

Lenzo en negro (coñecendo a Laxeiro)

9 de abril

O Día das artes galegas 2022 dedicouse ao artista galego Xosé Otero Abeledo (Laxeiro). Esta conmemoración foi unha oportunidade para dar a coñecer e poñer en valor entre o público máis cativo un nome decisivo para entender a arte galega do século XX. Esta actividade organizada pola Biblioteca de Galicia tentou, dun xeito lúdico, achegarse ao legado artístico de tan emblemática figura. Da man do artista e pintor Borja Guerrero, fíxose un percorrido visual por toda a obra de Laxeiro, tratando de coñecer os seus referentes, descubrir as súas técnicas e reparar nas súas formas e modelos.



Obradoiro de creación de cómic

30 de abril

O *Calendario do libro e da lectura* do ano 2022 marcou o 1 de maio como Día da banda deseñada. A tarde do sábado 30 de abril a Biblioteca de Galicia programou un taller a cargo do ilustrador Yago García para que as persoas intentasen descubrir se é posible crear un cómic nun día.

Polos vieiros de Florencia

14 de maio

Como todos os anos a Biblioteca de Galicia celebrou o Día das letras galegas organizando unha mostra bibliográfica sobre o autor homenaxeado en cada edición. Para completar esa celebración levou ao seu auditorio este espectáculo teatral que presenta a Florencia Delgado Gurriarán como unha especie de Ulises, recordando os momentos da súa vida desde a distancia física e temporal que dá o exilio.

Ópera Breaks

18 de xuño

O Día da música conmemorouse na BdG con este espectáculo que mestura ópera, breakdance, beatbox e DJ nunha única función que nace da conexión da soprano Esperanza Mara e os artistas urbanos do colectivo Vella Escola.

Faladoiros con Ánxela Gracián e Sica Romero

13 e 14 de outubro

No 2022 o *Calendario do libro e da lectura* de Galicia sinalou o 15 de outubro como Día das escritoras. Para esta conmemoración, a Biblioteca de Galicia organizou as tarde do xoves 13 e o venres 14 dous faladoiros con dúas autoras das nosas letras. No primeiro dos faladoiros unha escritora xa consagrada, Ánxela Gracián, presentou o seu último poemario, *Paisaxes de pan*, obra coa que rememora a súa infancia no rural. Eses records de infancia foron só un dos moitos temas que xurdiron na súa charla co investigador e crítico Armando Requeixo. O venres 14 foi a quenda dunha unha escritora novel, Sica Romero, que viña de publicar hai escasos meses a súa novela *Avelaíñas eléctricas*. Unha primeira novela moi visual que tamén é a primeira obra no catálogo unha nova editorial galega, Nêspira Editora. Foi a editora da novela, Vanesa Rodríguez, a que acompañou a Sica Romero na súa charla, permitindo que as persoas asistentes se achegasen a estes novos e emprendedores proxectos do mundo editorial galego con dúas mulleres como protagonistas.

O Espantallo Amigo

30 de outubro

Como anticipo das obras da nosa literatura infantil e xuvenil que se puideron visitar na exposición *Unha árbore de historias*, a Biblioteca de Galicia programou a posta en escena deste clásico de Neira Vilas. A cargo de Quinquilláns Teatro, os asistentes puideron gozar non auditorio Neira Vilas desta historia dun espantallo que, en vez de espantar os merlos, faise amigo dos animais e dos rapaces.

Festival da canción científica CSICvisión

5 de novembro

A conmemoración do Mes da ciencia en galego nas bibliotecas comezou na BdG con este espectáculo no que soaron unhas cancións de Eurovisión un pouco diferentes. Cancións comprometidas co cambio climático, con historias sobre bioloxía, a investigación por satélite ou sobre o estado das rías galegas. Seguindo o exemplo do emblemático festival da canción, esta gala única e incomparable tamén tivo grupos de fans, un trofeo para o intérprete gañador e grandes doses de humor coa ciencia como fío condutor.

Deseñando o noso escudo familiar

12 de novembro

As catro actividades que se desenvolveron na Biblioteca de Galicia para celebrar o Mes da ciencia foron impartidas pola delegación do CSIC en Galicia. Nesta segunda actividade, o obxectivo foi introducir aos nenos e ás nenas de primaria na orixe e significado da heráldica: como xorde, como se foi desenvolvendo co tempo e como podemos deseñar un escudo de armas propio seguindo as regras básicas da heráldica.

E que rico sabe o mar!

19 de novembro

Este obradoiro estivo deseñado para rapazada entre 10 a 12 anos. A actividade baseouse no contacontos interactivo do cómic *E que rico sabe o mar!*, editado polo IIM (Instituto de Investigacións Mariñas) do CSIC. Os participantes tiveron a oportunidade de achegarse, de forma amena e entretida, a contidos rigorosos e adaptados á súa idade, sobre os alimentos de orixe mariña (pesca e acuicultura), sobre como é o seu percorrido do mar á mesa, así como a recomendacións para a súa conservación.



Esta auga está moi fría!

26 de novembro

O último dos obradoiros para conmemorar o Mes da ciencia permitiu que os seus asistentes puidesen responder cuestións tan de actualidade como que é o afloramento costeiro, por que a auga do mar está máis fría nunhas praias ca noutras ou como vai afectar a subida do mar ás nosas costas. A través dunha serie de experimentos sinxelos, empregando materiais que se poden atopar en calquera cociña, os científicos que impartiron este taller tentaron dar resposta a estas preguntas.

Hugo

10 de decembro

Para conmemorar o centenario do nacemento de María Casares, a Biblioteca de Galicia organizou tamén esta actividade a cargo de Náufragos Teatro. Mellor espectáculo para a infancia nos Premios María Casares 2022, a obra fala da empatía, da aceptación do distinto, da necesidade de comunicarnos e da beleza da diferenza.

En Concerto cos Trasnos do Nadal

17 de decembro

Como última actividade do ano e coincidindo co inicio do Nadal, o auditorio Neira Vilas da biblioteca acolleu este concerto didáctico. Cunha escenografía que recrea unha Galicia imaxinaria, presentouse a vida dos Trasnos Galegos ao longo de todo o ano ata chegar ao Nadal, cando teñen que axudar ao Apalpador e ás criaturas míticas desta época do ano.



Mostras bibliográficas

Un ano máis, a Biblioteca de Galicia puxo en marcha un programa de exposicións para achegar a todos os cidadáns o patrimonio bibliográfico que se custodia nos seus depósitos. A planificación deste programa de exposicións sempre ten como referencia as efemérides do *Calendario do libro e da lectura*, pero tamén pretende poñer en valor distintos aspectos e persoeros da nosa cultura.

Diferentes tipos de publicacións que conserva a BdG serviron como fío condutor durante o 2022 para achegar aos seus usuarios as figuras do ilustrador Reimundo Patiño, do escritor Florencio Delgado Gurriarán e da actriz María Casares. Porén as mostras bibliográficas non só tive-

ron nomes propios como protagonistas. A excepción que supuxo continuar a celebración do Ano Santo no 2022 e a historia da literatura infantil e xuvenil en galego foron os outros dous temas sobre os que se artellaron as exposicións da Biblioteca de Galicia.

Como se leva facendo desde o ano 2014, a BdG traslada a formato dixital todas as súas mostras bibliográficas, garantíndose así o acceso a ese contido en calquera momento e lugar. As visitas virtuais a todo o seu catálogo de exposicións está dispoñible na páxina web <https://bibliotecadegalicia.xunta.gal/>



Reimundo Patiño: o desacougo creador

28.01.2022 – 09.05.2022

A Biblioteca de Galicia celebrou o Día da ilustración organizando unha mostra bibliográfica sobre a figura homenaxeada no 2022, o coruñés Reimundo Patiño. Entre as pezas expostas estivo a obra fundacional da actual banda deseñada galega, *2 viaxes*, que Reimundo Patiño publicou xunto a Xaquín Marín en 1975, ou o seu libro póstumo de poemas, *Brétemas neboentas*, editado por Espiral Maior en 1992.

Catálogos sobre as súas exposicións, os seus limiares na revista *Cadernos da Gadaña*, as súas ilustracións en monografías e revistas, ou o seu cómic *O home que falaba arameo*, son algunhas das outras obras que completaron a exposición. Ademais, e grazas á colaboración do Museo Carlos Maside, expuxéronse as reproducións dixitais das doce serigrafías que compoñen o cómic mural que creou Reimundo Patiño, *O home que falaba vegliota*, e que pode definirse como unha das obras máis orixinais da recente arte contemporánea galega.



Letras Galegas 2022: Florencio Delgado Gurriarán na BdG

12.05.2022 – 27.09.2022

A Real Academia Galega resolveu dedicar as Letras Galegas 2022 a Florencio Delgado Gurriarán (Córgomo de Valdeorras, 1903 - Fair Oaks, California, 1987). A Biblioteca de Galicia sumouse a esta conmemoración cunha mostra bibliográfica que permitiu achegarse á obra deste orixinal poeta, comprometido coa súa terra e coa defensa dos valores democráticos.

A exposición contou con arredor de 40 pezas, entre libros, xornais, CD's ou revistas, todas elas pertencentes ás coleccións da Biblioteca de Galicia. Os exemplares da revista *Vieiros*, fundada por Gurriarán en México e xa accesible en Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia; os poemarios *Bebedeira* ou *Galicia infinda*; así como algúns dos máis recentes estudos sobre a súa figura, son un exemplo das obras que seleccionaron os técnicos da Biblioteca de Galicia para contribuír a poñer en valor a figura do que foi un gran activista en prol da identidade cultural de Galicia.



Ano Santo: o rexurdimento dun camiño para todos e todas

30.09.2022 – 16.11.2022

Esta mostra bibliográfica tivo o obxectivo de aproximarse á evolución do fenómeno xacobeo nos últimos setenta anos a través dos documentos que custodia a BdG. Nela expúxose tanto material impreso vencellado á organización e promoción dos anos santos, como diferentes obras de creación xurdidas da vivencia dos homes e mulleres que fixeron o Camiño. Máis de 45 pezas dos fondos da Biblioteca de Galicia, desde libros a periódicos, calendarios ou vídeos, foron as que permitiron achegarse á historia da celebración dos anos xacobeos, un acontecemento determinante nas últimas décadas da historia económica, social e cultural de Galicia.

María Casares: a conquista da existencia

21.11.2022 – 24.01.2023

A última das exposicións programadas pola Biblioteca de Galicia no 2022 foi a que tivo como protagonista a María Casares, da que se celebraba o centenario do seu nacemento. A mostra bibliográfica tentou achegar ao público o percorrido vital desta grande actriz que merece ser moito máis coñecida e recoñecida. Un total de 29 libros, oito revistas, catro DVD's, un vídeo e dous discos LP, todos eles fondos propios da BdG, permitiron que os visitantes se achegasen á figura de María Casares que quedou plasmada no universo bibliográfico.

Como complemento do que se podía visitar fisicamente, os técnicos BdG elaboraron unha bibliografía exhaustiva onde recolleron todo, ou case todo, o escrito sobre María Casares e unha liña temporal cos principais acontecementos da súa vida. Ambos recursos están dispoñibles na páxina web da Biblioteca de Galicia.



Unha árbore de historias. Cen anos de literatura infantil e xuvenil en galego

15.11.2022 – 02.06.2023

Unha das principais funcións da Biblioteca de Galicia é recoller, identificar, conservar e difundir o patrimonio bibliográfico galego, que tamén se reflicte en forma de obras infantís e xuvenís. A literatura infantil e xuvenil dun pobo tamén forma parte da súa memoria cultural, aínda que no caso galego a proxección dese imaxinario na escrita tivo máis dificultades das desexadas. Un dos obxectivos da BdG ao poñer en marcha esta exposición foi precisamente recoñecer o inmenso esforzo de superación da nosa LIX ata converterse nunha das máis potentes a nivel nacional.

O labor de comisariado desta mostra foi realizado pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Montse Pena Presas, quen seleccionou, en colaboración cos técnicos da Biblioteca de Galicia, as preto de cen obras que simbolizan a evolución da literatura infantil e xuvenil galega. Cunha árbore chea de historias como símbolo da exposición, o convite que se fixo neste percorrido polos libros infantís de noso foi de tipo histórico, indo desde os libros pioneiros ata unha selección dos máis actuais, o que tamén permitiu comprobar como evolucionou o concepto de obra infantil co paso do tempo.

O labor de formación da Biblioteca de Galicia

Como biblioteca central do Sistema Galego de Bibliotecas, a BdG ten a función de adoptar e adaptar normas bibliográficas internacionais e outros estándares de xestión da información así como a de coordinar, alentar e elaborar pautas e directrices para o tratamento, a restauración e a dixitalización do patrimonio bibliográfico galego. Para todas estas tarefas é fundamental que os seus técnicos conten cunha formación actualizada e especializada. Pero estes coñecementos non poden quedar só dentro da institución. É fundamental compartir esa formación especializada con outros profesionais que traballan nas institucións da memoria galegas. Con este obxectivo, desde o ano 2017 a Biblioteca de Galicia organiza xornadas técnicas para mellorar as habilidades e coñecementos do resto de compañeiros e compañeiras do sistema bibliotecario galego.

No ano 2022, ante a importancia que está tomando o tratamento masivo dos datos na contorna dixital en todos os ámbitos, incluído o bibliográfico, a Biblioteca de Galicia decidiu programar un curso práctico sobre este tema. O foco púxose en traballar de xeito práctico e directo sobre conxuntos de datos, polo que o número de participantes non podía ser tan grande como o dunha xornada técnica.

Curso de tratamentos masivos de datos bibliográficos

6 – 9 de xuño

Este curso foi programado pola Biblioteca de Galicia co obxectivo de proporcionar ao seu persoal a formación específica que precisan para desenvolver e actualizar as normas e estándares bibliográficos internacionais ao sistema bibliotecario galego. Co obxectivo de obter unha maior eficacia e eficiencia nos resultados, determinouse que os beneficiarios desta formación serían tamén o persoal do Sistema de Bibliotecas de Galicia que ten responsabilidades na xestión dos datos bibliográficos, xa que actualmente o noso sistema bibliotecario artéllase en modelos de catalogación compartidos, ben sexa polo emprego do mesmo sistema integrado de xestión bibliotecaria ou ben a través de protocolos de intercambio de datos como o Z39.50.

As constantes innovacións tecnolóxicas fan necesario que o persoal das bibliotecas coñeza todas as ferramentas que permitan mellorar os datos dos catálogos colectivos que manexan e ofrecer uns mellores resultados aos usuarios que os consultan. Para iso é necesario poñer en marcha proxectos de tratamento masivo de datos bibliográficos destinados á detección de rexistros bibliográficos e de autoridade duplicados, así como á depuración e enriquecemento masivo de todos os elementos das descrições bibliográficas. A formación recibida neste curso centrouse en coñecer de forma práctica os principais programas de uso libre e gratuítos para estas tarefas de tratamento masivo de datos: MarcEdit, Notepad++ e OpenRefine.



Xornada técnica na Biblioteca de Galicia: O patrimonio cultural dixital en Galicia

16 de decembro

A Biblioteca de Galicia organizou esta nova xornada para dar a coñecer, analizar e reflexionar sobre os case 15 anos de proxectos de dixitalización que se levan impulsando desde a Xunta de Galicia. Neste tempo é incuestionable que se enriqueceu e facilitou o acceso ao patrimonio cultural dixital galego pero tamén implicou unha especialización técnica que precisa de certa formación en habilidades tecnolóxicas, tanto para os usuarios e usuarias como para os profesionais das institucións da memoria.

A sesión contou cun relatorio sobre os proxectos de Hispana e Europeana, e tamén deu voz ás iniciativas que se están levando a cabo nas universidades galegas. Ademais na xornada estivo presente o persoal técnico responsable dos tres proxectos vencellados con Galiciana, Biblioteca, Arquivo e Patrimonio Dixital, así como representantes dalgunhas das institucións culturais galegas que destacan polo seu compromiso coa dixitalización dos seus fondos patrimoniais: Museo do Pobo Galego, Real Academia Galega, Fundación Barrié, Biblioteca de Estudos Locais da Coruña e Ateneo Ferrolá.

05/ ARQUIVO DE GALICIA

O Arquivo de Galicia custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia e os órganos e entidades dela dependentes desde a súa creación (1982), así como outros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese formen parte do patrimonio documental da Comunidade. Xoga un papel fundamental na xestión documental da nosa Administración e na preservación e difusión da memoria documental de Galicia.

En relación coa xestión documental, a principal actividade desenvolvida polo Arquivo de Galicia durante o 2022 foi a realización de estudos de identificación e valoración de series documentais, unha tarefa determinante das accións a realizar en relación coa conservación, posible eliminación e acceso aos documentos que custodia.

No ámbito da conservación e difusión, continuou desenvolvendo o proxecto de dixitalización de documentos ligados á actividade de protección do patrimonio cultural de Galicia e divulgando os seus fondos mediante a organización de exposicións e a participación nas redes sociais, fundamentalmente.

Porén, durante o ano 2022, dous acontecementos marcaron a actividade do Arquivo de Galicia: a conmemoración do centenario do nacemento de Luz Pozo Garza (1922-2022) a a aprobación do Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026.





Conmemoración do centenario do nacemento de Luz Pozo Garza

Desde o Arquivo de Galicia coordinouse a organización administrativa de boa parte das iniciativas que se impulsaron desde a Xunta de Galicia para lembrar a esta referente fundamental da poesía galega e promover o seu traballo, afondando na difusión do seu legado.

Para o deseño desta programación do centenario constituíuse un comité científico composto por Carmen Blanco García (directora), Anxo M. Lorenzo Suárez, Valentín García Gómez, Gonzalo Vázquez Pozo, Mónica Vázquez Pozo, Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, M^ª del Carmen Calviño Rodríguez, Antonio Deaño Gamallo, Víctor Fernández Freixanes, Mar García Miraz, Pilar García Negro, Aurora López López, Olga Novo Presa, María Novo Villaverde, Manuela Palacios González, Andrés Pociña Pérez, Fernando Recamán Solla, Armando Requeixo Cuba, Claudio Rodríguez Fer, Olivia Rodríguez González e Darío Villanueva Prieto.

A programación tivo como eixe central unha grande exposición organizada polo Arquivo de Galicia no edificio da Biblioteca e do Arquivo de Galicia no Gaiás, que recolleu información sobre a súa traxectoria e incluíu varias das pezas persoais doadas no seu momento pola propia autora.

Como complemento á mostra, realizaráronse diversas actividades, tendo en conta especialmente que a obra de Luz Pozo Garza foi e segue a ser obxecto de interese para compositores de música clásica e contemporánea. Neste senso, o 21 de xullo, data do seu nacemento, tivo lugar na Cidade da Cultura de Galicia un concerto musical e literario baixo o título "Sol de Medianoche", composto por Gabriel Bussi e inspirado no libro homónimo da poeta.

A interpretación correu a cargo do Quinteto de Cordas Schubert e a mezzosoprano Joana Thomé.

Nos meses de xullo e outubro desenvolvéronse dúas xornadas, con conferencias e mesas redondas, impartidas por membros do Comité científico, para afondar na figura e na obra de Luz Pozo Garza.

Así mesmo, no mes de outubro proxectouse o documental realizado en 2020 por Rosa Taboada *Na procura da Luz*, no que se fai un percorrido pola súa vida e obra e no que se incorporan testemuños das persoas máis próximas a ela.



Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026

Logo da tramitación administrativa correspondente, o 20 de outubro de 2022 foi aprobado o Plan de arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026, mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia.

O citado instrumento vén materializar a execución da disposición transitoria segunda da Lei 7/2014, de 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia dispón que no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta lei a consellería competente en materia de cultura propoñeralle ao Consello da Xunta de Galicia a aprobación dun plan de arquivos, que avaliará as necesidades de persoal e de infraestruturas dos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.

O obxecto deste Plan é a definición das liñas estratéxicas, obxectivos e accións destinadas a configurar unha folla de ruta para a optimización do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia nos próximos anos.

O Plan estruturouse en tres liñas estratéxicas que agrupan sete obxectivos estratéxicos e preto de sesenta individualizadas nas que se implican diversos axentes da Xunta de Galicia, baixo a seguinte visión:

Dispoñer dun sistema de Arquivos eficiente, eficaz e de referencia, optimizando a xestión e coordinación entre os diferentes axentes, potenciando os servizos, a difusión do patrimonio e a accesibilidade universal, e integrando a perspectiva de xénero en todos os procesos.

Liñas estratéxicas

1. Dotar e ordenar os recursos
2. Optimizar a xestión dos arquivos
3. Potenciar a difusión

Novos ingresos documentais

A transferencia documental é o procedemento administrativo en virtude do cal realízase a entrega, ordenada e relacionada por escrito, dos documentos desde as oficinas ou desde un arquivo a outro, así como o traspaso das responsabilidades relativas á súa custodia, conservación e acceso. A transferencia constitúe a forma máis habitual de ingreso de fondos nos arquivos.


Dado o grao de ocupación dos dous depósitos con que conta o Arquivo de Galicia, un no Polígono do Tambre e outro nas súas instalacións da Cidade da Cultura, o número de transferencias levadas a cabo en 2022 foi reducido (5) e de escaso volume. En total recibíronse 1.614 caixas normalizadas de arquivo e 5.465 planos.

Polo que se refire ao seu contido, destacamos a serie de expedientes de contratación de obras transferidos polo Servizo de Obras e Equipamento da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades (en centros educativos) ou pola Axencia Galega de Infraestruturas (acondicionamento de estradas e rede viaria), ou as series transferidas pola Secretaría Xeral de Medios relacionadas coa xestión de axudas para mellorar as infraestruturas para a prestación do servizo de Televisión Dixital Terrestre. Os planos transferidos polo Instituto de Estudos do Territorio conteñen anotacións recollidas no traballo de campo realizado no desenvolvemento do proxecto Toponimia de Galicia, supervisado pola Comisión de Toponimia de Galicia.



Gráfico de ocupación dos depósitos do Arquivo de Galicia

Ocupación depósitos (%)



Cadro de clasificación dos fondos do Arquivo de Galicia a 31 de decembro de 2022

	U.I	Metros	Datas extremas
1. FONDOS PÚBLICOS			
1.4. ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA DE GALICIA			
1.4.1. Ámbito galego			
Xunta de Galicia			
. Alta Dirección da Comunidade Autónoma	6.086	699,89	1978/2012
. Administracións Públicas	6.720	772,80	1950/2017
. Política Económica e Facenda	7.526	865,49	1978/2015
. Comercio e Consumo	4.175	480,12	1975/2014
. Cultura	26.327	3027,60	1942/2021
. Deporte	5.093	585,69	1979/2017
. Educación e Investigación	18.861	2169,01	1914/2020
. Industria, Innovación e Promoción Económica	22.685	2608,77	1926/2019
. Medio Ambiente	12.113	1392,99	1857/2020
. Medio Mariño	6.510	748,65	1925/2017
. Medio Rural	18.398	2115,77	1950/2017
. Política Lingüística	2.441	280,72	1980/2008
. Política Territorial	13.065	1502,47	1843/2017
. Sanidade	5.659	650,78	1885/2017
. Seguridade e Interior	288	33,12	1979/1993
. Servizos Sociais	12.716	1462,34	1968/2017
. Traballo	8.533	981,29	1945/2016
. Turismo	4.778	549,47	1939/2015
Subtotal Administración Autónoma de Galicia	181.974	20.927,01	
1.6. INSTITUCIÓNS DO MOVEMENTO NACIONAL			
. Consello Económico Sindical Interprovincial do Noroeste de España	3	0,34	1963 e 1969
1.7. ADMINISTRACIÓN CORPORATIVA			
1.7.2. Cámaras da propiedade urbana			
. Santiago de Compostela	141	16,20	1927-2000
Subtotal fondos públicos	182.118	20.943,55	
2. FONDOS PRIVADOS			
2.1. PERSOAS E FAMILIAS			
2.1.1. Persoas			
. Clemente González Peón	165	18,9	1901/2003
. Germán Lago Durán	3	0,35	S.XX
. Olga Gallego Domínguez	49	5,6	1941/2010
. Luz Pozo Garza	29	3,33	S.XX-XXI
. María Moreira	26	3	S.XX
1.2. Familias			
. Familia Cervela Lira (Pazo de Valiñas)	13	1,5	1539/1949
. Familia Freire	5	0,5	1598/1875
. Familia González Regueral y Losada	8	1	1539/ 1949
. Familia Pita da Veiga	5	0,5	1428/1847
. Familia Vilariño Pintos	19	2,1	1404/1982
. Pazo de Golmar ou de Pardiñas / Casa de Noceda	12	1,28	S.XVI-XX

	U.I	Metros	Datas extremas
2.2. ASOCIACIÓNS E FUNDACIÓNS			
. Asociación Galega de Compositores	7	0,8	1950/2000
. Asociación O Penedo. Fogar Galego	9	1	1983/2009
. Fundación Ventura Figueroa	502	57,7	1786-1980
. Real Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago de Compostela	186	21,39	1784/1986
2.3. EMPRESAS			
. Banco Gallego	168	19,5	1845/1900
. Casa de Banca e Comercio Bengoechea	405	46,5	1494/1952
. Casa Mar	265	30,4	1939/1994
. Fábrica de conservas Massó Hermanos S.A. (Avilés)	147	16,9	1931/1990
. Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. (FOAT)	1.134 negativos		1961/1992
Subtotal fondos privados	2.011 caixas	230,97	
3. COLECCIÓN			
	UNIDADES DOCUMENTAIS		
. Colección de documentos en pergamino	3		1346-1434
. Colección cartográfica	2		S. XVII
. Colección fotográfica	50.000 fotografías		1926-2005
TOTAIS	183.290 caixas	21.077,43	



A avaliación documental

O Consello de Avaliación Documental de Galicia é o órgano colexiado consultivo e de asesoramento da Administración autonómica de Galicia para o estudo e ditame sobre cuestións relativas á cualificación e utilización dos documentos producidos polas administracións no ámbito do Sistema de Arquivos de Galicia. Isto significa avalialos desde o punto de vista administrativo, xurídico, informativo e histórico para determinar os que deben ser conservados e os que poden ser eliminados, así como o seu réxime de acceso.

Corresponde ao Arquivo de Galicia, segundo establece o seu decreto de creación, programar, coordinar e dirixir a identificación, valoración e selección documental de todos os arquivos do subsistema de arquivos da Xunta de Galicia. O Arquivo forma parte, ademais, do Consello de Avaliación Documental de Galicia.

No ano 2022 foron aprobados 13 estudos de serie e 22 propostas de eliminación documental.



Cadro de clasificación dos fondos do Arquivo de Galicia a 31 de decembro de 2022

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Data de publicación no DOG	Número táboa
23/02/2022	Autonómica	AA0058	Registros de control horario de empregados públicos	11/05/2022	T76
23/02/2022	Autonómica	AA0059	Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias dos empregados públicos	11/05/2022	T77
23/02/2022	Autonómica	AA5706	Guías de orixe e sanidade pecuaria	11/05/2022	T78
23/02/2022	Autonómica	AA4930	Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables	11/05/2022	T79
23/02/2022	Autonómica	AA3134	Expedientes de avaliación para a certificación de competencias clave para o acceso das accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego	11/05/2022	T80
16/06/2022	Autonómica	AA0390	Expedientes de autorización de intervención en bens do patrimonio cultural previa ás licenzas municipais de obra	02/09/2022	T81
16/06/2022	Autonómica	AA5612	Expedientes de contratos administrativos	02/09/2022	T82
16/06/2022	Autonómica	AA5448	Expedientes de contratos privados	02/09/2022	T83
16/06/2022	Autonómica	AA5113	Exames e outros documentos de avaliación académica do alumnado de ensinanzas non universitarias	02/09/2022	T84
24/11/2022	Autonómica	AA0034	Expedientes de convenios e concertos	Sen publicar	
24/11/2022	Autonómica	AA2739	Expedientes de conciliación previa á xurisdición laboral	Sen publicar	
24/11/2022	Autonómica	AA5711	Expedientes de axudas ao fomento da estabilidade laboral	Sen publicar	
24/11/2022	Concello de Pontevedra	AL164	Expedientes de oposicións	Sen publicar	

Táboa de propostas de eliminación aprobadas polo Consello de Avaliación Documental de Galicia no 2022

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
23/02/2022	Universidade de Santiago de Compostela	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T30	1992-2017	616 u.i.
23/02/2022	Universidade de Santiago de Compostela	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio	T32	2014-2015	72 u.i.
23/02/2022	Universidade de Santiago de Compostela	U010	Expedientes de aloxamento en residencias universitarias publicas	T59	1995-2015	543 u.i.
23/02/2022	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (En Santiago)	T46	1996-2009	1.899 u.i.
23/02/2022	Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	AA5110	Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (En Pontevedra)	T46	2010-2013	192 u.i.
23/02/2022	Consellería de Medio Rural	AA1306	Documentos de Identificación Bovina (DIBs)	T43	1998-2008	447 u.i.
23/02/2022	Consellería de Medio Rural	AA5706	Guías de orixe e sanidade pecuaria		1985-2008	56 u.i.
23/02/2022	Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Turismo. Dirección Xeral de Xustiza	AA5063	Expedientes de asistencia xurídica gratuíta	T47	2009-2010	192 u.i.
23/02/2022	Concello de Foz	AL236	Expedientes de obras menores	T22	1987-2004	58 u.i.
23/02/2022	Concello de Foz	AL594	Padróns do imposto sobre circulación de vehículos	T 23	1990-2001	11 u.i.
16/06/2022	Concello de Pontevedra	AL548	Expedientes do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana	T 7	1961-1999	920 u.i.
16/06/2022	Concello de Pontevedra	AL545	Expedientes do imposto sobre circulación de vehículos	T24	1967-2004	520 u.i.
16/06/2022	Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e universidades (Arquivo de Galicia)	AA1307	Expedientes de axudas para actividades de formación do alumnado en linguas estranxeiras	T16	2015-2016	52 u.i.
16/06/2022	Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e universidades (Arquivo de Galicia)	AA4930	Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables	T79	2005-2015	339 u.i.
16/06/2022	Universidade de Vigo	U001	Expedientes de xestión do gasto e do pagamento	T30	2005-2006	552 u.i.
16/06/2022	Universidade de Vigo	U002	Expedientes de modificacións orzamentarias	T31	2005-2006	44 u.i.

Data da reunión	Administración proponente	Cod. Serie	Denominación	Número táboa	Datas extremas	Volume a eliminar
16/06/2022	Universidade de Vigo	U003	Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio	T32	2014-2016	51 u.i.
16/06/2022	Universidade de Vigo	U012	Expedientes de enquisas de avaliación da actividade docente por parte do alumnado	T73	2001-2010	1.777 u.i.
16/06/2022	Consellería de Política Social e Xuventude. Xefatura Territorial de Vigo (ATVigo)	AA1302	Expedientes de recoñecemento de pensión non contributiva	T64	1991-2015	1.574 u.i.
16/06/2022	Instituto Galego do Consumo e da Competencia		Expedientes de reclamacións en materia de consumo	T61	1995-2001	134 u.i.
16/06/2022	Instituto Galego do Consumo e da Competencia		Expedientes sancionadores en materia de consumo	T63	1994-2001	26 u.i.
16/06/2022	Instituto Galego do Consumo e da Competencia		Expedientes de arbitraje en materia de consumo	T62	1997-2001	58 u.i.

A aplicación dos ditames aprobados polo Consello de Avaliación Documental de Galicia permitiulle ao Arquivo de Galicia a eliminación de 2.290 u.i. que representan un 1,25% do volume total dos seus fondos.

Novos rexistros descritivos

Para xestionar a información que custodia, o Arquivo conta con dúas aplicacións: *ARQA* e *Galiciana Arquivo Dixital de Galicia*.

A primeira delas emprégase para a xestión (de espazos, de ingresos e de usuarios). A segunda está fundamentalmente destinada á difusión. Coordinada polo Arquivo de Galicia, *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* é unha plataforma de xestión dos centros integrados no Sistema de Arquivos de Galicia que permite a consulta a través dun punto único.

Integra recursos dixitais procedentes de diversas institucións do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia (Arquivo de Galicia, Arquivo do Reino de Galicia, Arquivo Histórico Provincial de Ourense, Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra) e doutros arquivos do Sistema como son os municipais da Coruña, Ferrol e Tui, o Arquivo da Real Academia Galega ou o Arquivo da Fundación Rosalía de Castro.

Durante o ano 2022, no Arquivo de Galicia foron introducidos un total de 24.999 rexistros descritivos. Unha parte deles, 12.305, foron incorporados a *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*. Trátase de documentos producidos por diversas Comisións de Patrimonio e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia ao longo do tempo.



Os programas de dixitalización

En paralelo ao programa de descrición continuouse co programa de dixitalización de documentos relacionados coa xestión do patrimonio cultural de Galicia que se vén executando nos últimos anos. Neste ano foron dixitalizados 5.557 documentos novos, o que supón un total de 56.346 imaxes correspondentes a planos e fichas do inventario do patrimonio etnográfico de Galicia (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

Ademais da execución do proxecto propio de dixitalización, o Arquivo de Galicia exerce un papel coordinador doutros proxectos integrados en *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*.

Como xa se mencionou, *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*, é unha plataforma creada e desenvolvida pola Administración de Galicia e coordinada polo Arquivo de Galicia, na que se integran recursos dixitais procedentes de diversos arquivos do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia. Isto permite consultar a través dun punto único as descrições dos documentos que estes centros custodian e as imaxes a eles asociadas, así como facilitar que sexan recolectados por outras plataformas a nivel nacional e internacional como Hispana ou Europea.

Memoria Dixital de Galicia

Este proxecto colectivo, promovido pola AMTEGA e financiado con fondos FEDER, permite que os documentos considerados patrimonio documental, que forman parte do patrimonio cultural de cada territorio, sexan conservados, valorizados e difundidos.

Estes traballos de dixitalización corresponden a documentos que están custodiados en institucións arquivísticas tanto de carácter público como privado e están a permitir incrementar o acceso dos cidadáns mediante o uso da internet, divulgar o patrimonio histórico, costumes e tradicións, salvaguardar os documentos orixinais evitando a súa manipulación e preservar materiais únicos e valiosos.

O Arquivo de Galicia prestou apoio no seu desenvolvemento, asesorando e importando rexistros descritivos e imaxes de institucións beneficiarias como a Universidade de Santiago de Compostela, Arquivo capitular e histórico diocesano de Tui-Vigo, Concellos de Vimianzo, Coles, Portomarín, Beariz, Narón, Noia, Ribeira ou Ortigueira; Museo do Pobo Galego; Fundación Clúster de Conservación de Produtos Mariños; Fundación 10 de Marzo. entre outras.



Memoria e Concordia

O proxecto de dixitalización en materia de Memoria democrática ponse en marcha na Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades para identificar, describir, catalogar e dixitalizar fondos documentais custodiados nos arquivos de xestión autonómica e poñelos a disposición das persoas interesadas a través de *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia*.

Son fondos relacionados cos episodios históricos do Golpe de Estado, Guerra civil española e Ditadura franquista ata a Constitución de 1978. Así, dixitalízanse fondos documentais das Institucións do Movemento Nacional instauradas a partir do alzamento militar de 1936, tribunais de responsabilidades políticas, prisións provinciais, gobernos civís e fondos privados de persoas e familias, empresas, asociacións e fundacións.

En 2022 incorpóranse 30.993 novos documentos dixitalizados.

Co obxectivo de dar maior visibilidade a este proxecto e facilitar a busca de información creouse un espazo destacado (micrositio) dentro de Galiciana para:

1. Contribuír ao coñecemento, difusión e promoción da historia da democracia en España.
2. Reunir e recuperar os fondos documentais, testemuños orais e por calquera outro medio relativos ao período histórico comprendido entre 1936 e 1978.
3. Facilitar o acceso aos documentos referidos á Guerra ou á represión política subseguinte que obren en arquivos públicos ou privados, nacionais ou estranxeiros, xa sexan en versión orixinal ou a través de calquera instrumento que permita arquivar, coñecer ou reproducir palabras, datos ou cifras con fidelidade ao orixinal.
4. Promover a recuperación de fondos arquivísticos e documentais, tanto en España como nos países nos que se pescudou a presenza de grupos de exiliados ou personalidades españolas.

Plan de recuperación, transformación e resiliencia

En abril de 2021 o Goberno de España aprobou o Plan de recuperación, transformación e resiliencia cun horizonte temporal previsto ata o ano 2026. O plan, sustentado en catro eixes de transformación (ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero) divídese en dez políticas que a súa vez recollen diversos compoñentes. Un deles é o da revalorización da industria cultural, que inclúe diversos proxectos con participación das comunidades autónomas, entre eles a descrición e dixitalización de fondos documentais de titularidade estatal e xestión autonómica que comezou a súa execución no ano 2021 e continuará ata o 2023. O número de imaxes novas resultantes desta dixitalización a 31 de decembro de 2022 foi de máis de 173.000 que se unen ás 162.611 do ano 2021, correspondentes a documentos do Catastro do Marqués da Ensenada custodiados nos arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra e no Arquivo do Reino de Galicia.



Como resumo, podemos dicir que a 31 de decembro de 2022 *Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia* rexistraba:

- 1.372.556 rexistros descritivos.
- 162.680 documentos dixitalizados
- 5.132.227 imaxes

De todos eles correspondían ao Arquivo de Galicia:

- 95.952 rexistros descritivos
- 15.339 documentos dixitalizados
- 274.851 imaxes, das que 56.346 son novas

Polo que se refire ás cifras de utilización, podemos resumilas da forma seguinte:

Usuarios totais	196.406
Sesións	499.904
Páxinas visitadas	13.310.744

Servizo ás persoas usuarias

Ademais de poñer a disposición da cidadanía información accesible a través da rede, o Arquivo presta tamén outros servizos de forma directa.

Durante o ano 2022 contabilizáronse:

- 257 préstamos administrativos
- 1.124 consultas atendidas en sala
- 440 consultas atendidas por correo electrónico
- 192 copias realizadas

Programa de visitas

O Arquivo recibiu a visita dos alumnos do Máster de Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercados da arte, da Universidade de Santiago de Compostela.

Cursos e prácticas tuteladas

O Arquivo impartiu un curso de dixitalización organizado pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e tutelou a formación práctica en materia de arquivos de tres persoas ligadas aos seguintes programas:

- O programa de bolsas de formación en materia de arquivos convocadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (desde xullo de 2022 ata xuño de 2023).
- O programa de formación do Máster en Museos, Arquivos e Bibliotecas, impartido pola Universidade da Coruña no campus de Ferrol, en desenvolvemento do convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade da Coruña (desde xullo de 2022 ata xuño de 2023).
- O programa de primeira experiencia profesional nas Administracións públicas (de marzo de 2022 a marzo de 2023).

Participou tamén na xornada técnica *O Patrimonio Cultural Dixital en Galicia*, organizadas por la Biblioteca de Galicia, celebrada o 16 de decembro de 2022 no Auditorio Neira Vilas da Cidade da Cultura de Galicia.





Exposicións

Mulleres sobranceiras: entre a Economía doméstica e o mundo empresarial

Coa finalidade de celebrar o Día Internacional da Muller, o Arquivo preparou unha pequena exposición coa mirada posta no papel desenvolvido polas mulleres na economía familiar ao longo da historia, tanto no ámbito doméstico como a través da súa participación no mercado laboral.

Exhibíronse un total de 36 documentos dun abano cronolóxico entre o século XVI e o XX, procedentes de arquivos familiares e empresariais (escrituras de testamento, de compra-venda ou de dote, libros de contas, correspondencia comercial ou familiar) xunto a outros de carácter público (expedientes de autorización de actividades) que amosan que a división do traballo dentro do marco familiar tivo tradicionalmente unha forte componente de xénero e que, incluso a incorporación da muller ao mercado laboral a mantivo por moito tempo nun papel secundario.

Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), poesía, arte e vida

Esta exposición enmarcouse nas actividades organizadas con motivo da conmemoración do centenario do nacemento desta poeta galega que doou o seu arquivo e biblioteca persoal ao Arquivo e á Biblioteca de Galicia.

Coa exhibición de máis dun centenar de pezas entre documentos, libros, revistas, collages, debuxos e outros recursos audiovisuais, pretendeuse contextualizar, interpretar e difundir a traxectoria vital e artística dunha das máis importantes poetas galegas do século XX, unha muller polifacética que foi profesora de lingua e literatura española no ensino secundario, membro da Real Academia Galega, promotora e directora de revistas literarias, que pronunciou conferencias en universidades estranxeiras, participou en seminarios nacionais e internacionais e recibiu múltiples premios e recoñecementos.

Comisariada por Olivia Rodríguez González, profesora titular na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, foi inaugurada o día 9 de xuño con motivo da celebración do Día Internacional dos Arquivos.



Publicacións

Ademais do catálogo da exposición *Constelación Luz. Luz Pozo Garza (1922-2022), Poesía, Arte e Vida* aborouse a difusión de *Galiciana. Arquivo dixital de Galicia* a través dunha publicación divulgativa para fomentar o descubrimento das súas potencialidades polas persoas usuarias.


Como reforzo desta tarefa divulgativa, e para dar a coñecer a potencialidade de uso desta plataforma, elaboráronse tres vídeo-tutoriais que pretenden facilitar os mecanismos de busca, tanto a nivel xeral como en temas concretos como a busca de información catastral e de documentos relacionados co proxecto Memoria e Concordia.

Redes sociais e portal web

O Arquivo continuou durante este ano a súa actividade nas redes sociais, especialmente na páxina de Facebook, que obtivo un alcance de 234.962.

Galiciana. Arquivo dixital de Galicia xestiona outras redes sociais como Instagram, cun alcance de 8.127. E Twitter cun alcance de 10.361 seguidores

Finalmente, non podemos obviar que outro elemento importante da difusión é o mantemento da páxina do Arquivo de Galicia no Portal de Arquivos de Galicia, que foi actualizado este ano.



06/ EVENTOS

En 2022 a Cidade da Cultura de Galicia acolleu un total de 384 eventos organizados por empresas, organizacións sociais ou institucións nos diferentes espazos do Gaiás, cifra que continúa a tendencia do exercicio anterior e consolida a cifra que se mantíña ao longo dos últimos anos, coa excepción do freo que a pandemia provocou en 2020, na contorna dos 400 eventos anuais. O ano péchase tamén cunha cifra de asistentes de 36.320 persoas ao conxunto destes congresos, xuntanzas, foros, presentacións de produto, feiras, ou actos con medios de comunicación.

O ano 2022 supuxo ademais o regreso definitivo da normalidade dos eventos presenciais. Malia que o formato dixital e híbrido chegou para quedar, ofrecendo un complemento idóneo e novas posibilidades en canto a ampliación de públicos e facilidades de acceso, a presencialidade volve ser norma e maioría entre os eventos acollidos no Gaiás.

Por último, salienta un ano máis a capacidade das instalacións do Gaiás para acoller eventos con necesidades loxísticas moi específicas e dar resposta a demandas sociais especiais. Como exemplo, podemos lembrar que foi a localización escollida para acoller o xuízo do Alvia, unha das causas máis complexas da historia xudicial galega en canto ao elevado número de testemuñas, comparecentes, e letrados participantes.





Festival de Xadrez BICAPAWN Xacobeo

Do 19 ao 22 de outubro de 2022 | Museo Centro Gaiás

O Club Internacional de Xadrez BICAPAWN —club de xadrez avalado pola FIDE e auspiciado pola Federación Española de Xadrez (FEDA)— organizou o Festival de Xadrez BICAPAWN Xacobeo, campionato de xadrez internacional celebrado durante catro días, do 19 ao 22 de outubro de 2022 na Cidade da Cultura.

O campionato incluíu cinco torneos diferentes, incluíndo catro torneos de blitz e un de rápidos, abertos a todo tipo de competidores, tanto adultos como categorías Sub, aos que convida a participar co propósito de divertirse, desenvolver habilidades e compartir a súa afección nun encontro internacional que converterá o Museo Centro Gaiás no epicentro do xadrez.

O Festival de Xadrez BICAPAWN Xacobeo preparou un fondo total de premios netos de 70.000 euros, distribuídos entre os premios dos torneos individuais e os do Gran Premio.

Ademais, o campionato celebrou 2022 como o Ano da Muller no Xadrez, tal e como o avala a FIDE, aspirando a un futuro no que as mulleres compitan ao mesmo nivel que os homes no xadrez e contribuíndo a romper as barreiras que frean este avance. Igualmente, a organización quere promover o xadrez entre os nenos e nenas, xa que se trata dun deporte que achega moitos beneficios desde idades temperá: pensamento analítico, estratexia ou capacidade de aprendizaxe.

Datas: Do 19 ao 22 de outubro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás

Asistentes: 500 persoas

Organiza: BICAPAWN

Colabora: Xunta de Galicia



Symposium Chemistry at the Frontier (X Aniversario do CIQUS)

Do 30 de marzo ao 1 de abril de 2022 | Edificio Fontán

O edificio Fontán o Gaiás acolleu o Simposio "Chemistry at the Frontier", un encontro científico organizado para celebrar o décimo aniversario do CiQUS, o centro singular de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, creado co obxectivo de producir ciencia innovadora nas áreas da química molecular, a bioloxía química e a ciencia de materiais.

Esta cita converteu Santiago de Compostela en foco científico internacional grazas a un programa de 15 conferencias científicas de primeiro nivel, entre as que se atopa a do Premio Nobel de Química 2021 David MacMillan.

Os relatores convidados, referentes nas tres áreas estratéxicas de investigación do CiQUS, incluíron nomes como os dos profesores Helma Wennemers da Universidade de Zúric ou Harry Anderson da Universidade de Oxford.

No acto inaugural, xunto a José Luis Mascareñas, director científico do CiQUS, estiveron presentes Antonio Echavarren, presidente da RSEQ; Vicente Pérez Muñuzuri, Vicerreitor da USC; Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade; e Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia.

Datas: Do 30 de marzo ao 1 de abril de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Asistentes: 500 persoas

Organiza: Universidade de Santiago de Compostela



Xuízo Alvia (P.A. 463/2021)

De outubro de 2022 a xullo de 2023 | Edificio CINC

A Cidade da Cultura de Galicia acolle o xuízo oral polo accidente do tren do Alvia ocorrido en xullo de 2013. O xuízo, que comezou o 5 de outubro de 2022, prolongárase por un prazo estimado de 9 meses. No proceso hai 446 persoas prexudicadas que reclaman, as cales están agrupadas en 154 acusacións, asistidas por 110 letrados/as e representadas por 47 procuradores/as. Ademais, hai 53 prexudicados/as que non están representados/as por avogado/a e procurador/a, polo que a acusación a exercerá o Ministerio Fiscal.

O xuízo celébrase no edificio CINC do Gaiás, situándose no primeiro andar a oficina xudicial e sala de vistas, e no andar baixo a sala de prensa e a sala de público. Toda a parte penal do xuízo é retransmitida en aberto, a través de streaming.

Para poder acoller o xuízo, o edificio CINC foi sometido a traballos de organización e equipamento dos espazos, realizados pola Xunta de Galicia, a través dos técnicos da Fundación Cidade da Cultura, de xeito que o proceso se celebre sen afectar ao normal funcionamento das institucións e servizos residentes no Gaiás, así como as actividades previstas no seu programa cultural.

Acoller o Xuízo do Alvia enmárcase na vocación da Cidade da Cultura de ofrecer os seus recursos para participar en proxectos relevantes para Galicia, na liña do que aconteceu coa instalación nos seus espazos dun centro de vacinación contra a Covid-19.

Datos: De outubro de 2022 a xullo de 2023

Espazo: Edificio CINC

Organiza: Tribunal Superior de Xustiza de Galicia



Medallas de Galicia 2022

24 de xullo de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

O 24 de xullo o Museo Centro Gaiás acolleu o acto de entrega das Medallas de Galicia 2022. A Medalla de Galicia é a máxima distinción de honra que concede a Xunta a persoas ou institucións que polos seus méritos ao servizo de Galicia en calquera aspecto da súa realidade social, cultural ou económica, sexan dignas de obter o recoñecemento do pobo galego.

Nesta edición, con motivo do Ano Santo extraordinario, recoñeceuse coa Medalla de Ouro a persoas e entidades vinculadas coa difusión do Camiño de Santiago. Recibiron a distinción o arzobispo de Santiago de Compostela, Julián Barrio Barrio; o profesor e estudoso da ruta xacobeá Paolo Caucci von Saucken; a hospitaleira do albergue de peregrinos de Fisterra, Begoña Valdomar Insua; a Asociación Discamino e, a título póstumo, o primeiro comisario do Xacobeo en 1993, José Carro Otero.

Data: 24 de xullo de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Organiza: Xunta de Galicia



Acto do Día Internacional da Lingua Materna

20 de febreiro de 2022 | Xardín do Teatro

Celebración da lingua materna cun breve acto institucional e cunha actividade de dinamización lingüística que contou coa presenza das Tanxugueiras e do grupo de música infantil Trotaventos.

Este ano, a Xunta de Galicia celebrou no Gaiás o Día Internacional da Lingua Materna cun breve acto institucional e cunha actividade de dinamización lingüística coa presenza das Tanxugueiras e do grupo de música infantil Trotaventos. O acto estivo aberto á participación de todo tipo de público, e especialmente os nenos e nenas e as súas familias

As Tanxugueiras, o grupo revelación que puxo a música galega e en galego nas bocas de nenos e mozos de toda Galicia, foi a escolla deste ano para este festexo. Coa súa reivindicación da tradición e da lingua como ferramentas que nos ligan co pasado, pero que nos proxectan tamén cara ao presente e o futuro e que nos permiten abrírnos ao mundo desde as nosas raíces, representan todos os valores que se queren transmitir coa celebración do Día Internacional da Lingua Materna.

Data: 20 de febreiro de 2022

Espazo: Xardín do Teatro

Asistentes: 760 persoas

Organiza: Secretaría Xeral de Política Lingüística



Desfile Mestre Mateo. Despunte 2022

3 de novembro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

A Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo presentou na Cidade da Cultura un ano máis o seu tradicional desfile de traballos de fin de curso. Nesta 12ª edición amosouse unha mostra dos traballos finais de estudos das promocións 2020/21 e 2021/22, xunto cunha escolma dos traballos dos últimos cursos do Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores en Deseño de Moda e do Ciclo Superior de Xoiaría.

Data: 3 de novembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Asistentes: 500 persoas

Organiza: EASD Mestre Mateo



Final Liga Xunta Break

3 de decembro de 2022 | Edificio Fontán

A Cidade da Cultura acolleu a final da Liga Xunta de Galicia de Break, circuío promovido polo Goberno galego para impulsar esta práctica, que debutará como deporte olímpico nos Xogos de París 2024. A Liga vai dirixida a practican-tes de Break de iniciación e tamén a avanzados, a partir de 6 anos de idade, que poden participar nas correspondentes categorías diferenciadas por nivel técnico, en modalidade individual e parellas. O programa desta xornada incluíu obradoiros formativos, demostracións e competición e entrega de premios.

Data: 3 de decembro de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Organiza: Xunta de Galicia



I Encontro do Persoal Investigador do CISPAC

31 de maio de 2022 | Edificio Fontán

O primeiro encontro do persoal investigador do Centro de Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC) reuniu por vez primeira na sede do Edificio Fontán da Cidade da Cultura o persoal investigador do centro, formado por 73 investigadoras e investigadores, 52 sénior e 21 júnior, procedente das tres universidades galegas. Trátase dun equipo transdisciplinar creado co obxectivo de abordar o estudo da paisaxe e dar respostas aos retos contemporáneos dende ámbitos de investigación diversos como a Historia, a Historia da Arte, a Xeografía, a Arqueoloxía, a Economía, a Socioloxía e outras áreas de ciencias experimentais e tecnolóxicas enxergadas na axenda científica. Este centro de nova xeración estrutúrase arredor de cinco campos de estudo sobre as Paisaxes: Paisaxes que teñen xente, Paisaxes que producen, Paisaxes que se gobernan, Paisaxes que teñen patrimonio e Paisaxes visitadas.

O acto deu comezo ás 9.30 horas, coa benvinda da dirección. Despois realizouse unha visita guiada polas súas instalacións, duns 2600m² dentro do edificio. Ao longo da mañá tamén foi presentado o Plan estratéxico e a axenda científica do centro, así como o plan de acción para 2022. A sesión matinal rematou ás 13 horas co acto institucional no que participaron representantes da Xunta de Galicia e das tres universidades galegas, entidades impulsoras do CISPAC. Pola tarde desenvolvéronse as primeiras sesións de traballo dos cinco campos de coñecemento que estruturan a axenda científica.

A incorporación do persoal investigador foi o fin do traballo de constitución do centro e dou inicio á actividade investigadora, co obxectivo de emerxer como unha referencia internacional no ámbito das Ciencias Sociais e Humanidades.

Datas: 31 de maio de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Asistentes: 78 persoas

Organiza: CISPAC



Cinema en curso | Fotografía en curso

De xaneiro a marzo de 2022 | Biblioteca de Galicia e espazos exteriores

O CGAI coordina en Galicia Cinema en curso e Fotografía en curso, dous programas internacionais de pedagogía da creación fotográfica e cinematográfica destinados a rapazada de escolas e institutos.

Ambos programas teñen como obxectivos prioritarios: formar público sensible, activo e autónomo, con interese e capacidade de gozar de manifestacións culturais, fotográficas e cinematográficas diversas; favorecer a descuberta do patrimonio fotográfico e audiovisual contemporáneo; xerar un retrato do territorio a través dunha proposta de prácticas creativas e desenvolver as potencialidades pedagóxicas da creación cinematográfica na escola e no instituto.

No marco deste programa desenvóléronse na Cidade da Cultura obradoiros dirixidos a docentes de escolas e institutos que se celebrará en diferentes xornadas.

Datas: De xaneiro a marzo de 2022

Espazo: Biblioteca de Galicia e espazos exteriores

Organiza: CGAI



Foro Talentia Summit '22

24 de novembro de 2022 | Edificio Fontán

O auditorio do Edificio Fontán da Cidade da Cultura acolleu o Foro Talentia Summit '22, o encontro anual de talento e broche final da feira virtual de talento e emprego Talentia Summit 2022. O Foro volveu á Cidade da Cultura, onde xa cebrara a pasada edición con grande éxito, complementando a edición presencial cunha retransmisión en liña en tempo real mediante streaming.

Yolanda Vázquez foi a condutora do acto que contou, como en cada edición, coa participación de conferenciantes de prestixio de diversos ámbitos:

- Miriam Blanc – Cofundadora iterem, experta en transformación dixital
- Gemma Ventura Santasusana – Happines hunter – Experta en Procesos de Xestión da Felicidade
- Juan Antonio Báez Morín – Vicepresidente do Consello da Mocidade de España
- Eva Porto – Psicóloga, Recruiter e creadora de contidos
- Luis Gil – Catedrático da ETSI Montes, Forestal do Medio Natural

O broche musical estivo a cargo de Fredi Leis, recoñecido músico e compositor nado en Santiago, que animou unha xornada cargada de innovación e coñecemento.

Data: 24 de novembro de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Organiza: Concello de Santiago de Compostela

Entrega dos Premios Galicia de Innovación e Deseño

24 de xaneiro de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

Acto de entrega dos Premios Galicia de Innovación e Deseño, coa participación do presidente da Xunta de Galicia, as empresas e profesionais gañadores e finalistas dos galardóns, así como as persoas integrantes do xurado. O acto puido seguirse tanto presencialmente en liña a través de streaming.

Os Premios Galicia de Innovación e Deseño están convocados pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación (Gaii), para recoñecer o labor das persoas e empresas que están a contribuír significativamente ao desenvolvemento económico e social en Galicia a través da innovación e o deseño.

Con estes galardóns búscase destacar as mellores prácticas para que sirvan de exemplo a todo o tecido empresarial galego, poñendo de relevo como a innovación e o deseño cumpren un papel esencial para mellorar a competitividade das empresas e, en definitiva, a calidade de vida das persoas.

Data: 24 de xaneiro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Organiza: Xunta de Galicia, Axencia Galega de Innovación



Acto institucional con motivo do Día Internacional da Muller 2022

24 de novembro de 2022 | Edificio Fontán

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, acompañado pola conselleira de Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, participou no acto con motivo da celebración do Día Internacional da Muller baixo o lema Avanza con elas. Tratouse dun acto en formato híbrido que tamén puido seguirse en liña a través de streaming.

Data: 8 de marzo de 2022

Espazo: Edificio CINC

Organiza: Xunta de Galicia



Xornada de exhibición dos Polos creativos

26 de abril de 2022 | Museo Centro Gaiás

A xornada de exhibición dos Polos creativos, con participación do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e do conselleiro de Cultura, Educación e Universidade, Román Rodríguez, reuniu no Gaiás unha mostra deste proxecto que, no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, dota os centros escolares de espazos de creación dixital.

Trátase de espazos de creación deseñados e dotados para fomentar as competencias STEM (Ciencias, Matemáticas e Tecnoloxía), onde primen os novos métodos pedagóxicos de traballo colaborativo, solución de problemas reais e fomento de habilidades creativas. Para o seu deseño, tomouse como referencia a experiencia piloto dos Espazos Maker que se implantaron en 20 centros educativos.

Data: 26 de abril de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás

Organiza: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidades



III Premios Economía Azul

14 e 15 de xuño de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

Acto de entrega dos premios Economía Azul, uns galardóns que pretenden recoñecer o labor de catro proxectos sustentables dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) que contribúen a dinamizar a súa contorna. Dito acto contou coa asistencia das conselleiras do Mar, Rosa Quintana, e de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez.

Ao certame acoden persoas representantes das entidades do sector pesqueiro, sector público, social e empresarial de Galicia para recoñecer e premiar os mellores e máis destacados proxectos presentados, que contribúan á creación de emprego na zona pesqueira, á creación de oportunidades para mulleres e mozos/as no sector pesqueiro ou marítimo, á innovación no contexto local ou ao fomento do patrimonio ambiental ou cultural marítimo-pesqueiro.

Data: 1 de decembro de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, Andar -1

Asistentes: 400 persoas

Organiza: Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica



Premios de creación gráfica e audiovisual do concurso convocado polo 25N

25 de novembro de 2022 | Edificio Fontán

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, fixo entrega nun acto na Cidade da Cultura, dos premios de creación gráfica e audiovisual do concurso convocado polo 25-N, Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero. A titular de Igualdade aplaudiu as propostas individuais e colectivas deste ano, que destacaron pola súa orixinalidade e reflexión acerca dunha problemática que adquire novas caras.

Data: 25 de novembro de 2022

Espazo: Edificio Fontán

Asistentes: 80 persoas

Organiza: Consellería de Promoción do emprego e igualdade

AMU-LED Demo Open Day

28 e 29 de setembro de 2022 | Sala Eisenman, Plaza Central

O proxecto H2020 AMU-LED celebrou unha xornada de demostración e portas abertas na Cidade da Cultura na que se abordaron os retos da xestión do tráfico urbano de vehículos aéreos tripulados e non tripulados; realizando explicacións demostrativas no exterior e no centro de control instalados na Sala Eisenman, sendo habilitadas 11 zonas de despegue de drones, una das cales contou coa exposición dun aerotaxi non tripulado de ao redor de 400 kg.

Datos: 28 e 29 de setembro de 2022

Espazo: Sala Eisenman, Plaza Central

Asistentes: 120 persoas

Organiza: Instituto Tecnolóxico de Galicia





Cásate no Camiño: WeddingPack Solidario

9 e 10 de abril de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

WeddingPack Solidario é un evento que foxe da concepción habitual das feiras de vodas, converténdose no primeiro destas características con fins benéficos e un formato orixinal e innovador, baseado no valor humano, a esencia emocional e o compromiso social.

O evento reuniu a medio cento de profesionais do sector nupcial co propósito de dar visibilidade ás empresas, artesáns e proxectos deste eido e recadou uns 2.000 euros que se destinaron á asociación sen ánimo de lucro Aso-trame (Asociación de Transplantados de Medula Ósea de Galicia), para facer realidade o proxecto Arte & Emocións, que fusiona arte e saúde e busca humanizar a sanidade.

O proxecto está desenvolvido pola especialista en Artes Terapéuticas Rebeca Ponte con pacientes en illamento total por transplante de medula ósea na planta de Hematoloxía do CHUAC e CHUS, sendo o seu propósito levalo a outros hospitais de Galicia e de España.

Datas: 9 e 10 de abril de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Asistentes: 400 persoas

Organiza: Bodaspack

Premios Emprendedor XXI Galicia

24 de marzo de 2022 | Edificio CINC

O 24 de marzo tivo lugar a entrega do Premio Emprendedor XXI Galicia 2022 á empresa gañadora da fase rexional destes galardóns, dirixidos a microempresas e PEMES de base tecnolóxica e innovadora de calquera sector de actividade. O acto celebrouse dentro do DayOne Innovation Summit Galicia, evento organizado por CaixaBank que conxuga relatorios e mesas redondas sobre tendencias en emprendemento en diversas áreas xunto con actividades centradas en fomentar o networking. Ademais, houbo unha mesa redonda con antigos gañadores dos premios que explicaron a súa experiencia emprendedora e o seu crecemento ao longo dos anos no ecosistema de Galicia.

Data: 24 de marzo de 2022

Espazo: Edificio CINC

Organiza: Caixabank

Colabora: IGAPE

D10!

Encontro de Formación e Innovación en Circo

17-29 de novembro de 2022 | Edificio Fontán e Museo Centro Gaiás

Pistacatro celebrou na Cidade da Cultura tres das actividades da sétima edición do D10. Encontro de Formación e Innovación en Circo, un proxecto centrado netamente na produción de coñecemento sobre o circo que reverta na comunidade de artistas vinculados a esta disciplina directa ou indirectamente ou provenientes doutros ámbitos das artes escénicas.

• Laboratorio antípodas.

Do 17 ao 21 de novembro no Edificio Fontán. Actividade relacionada co estudo de posibilidades de empregar as metodoloxías creativas do circo na innovación empresarial de organizacións non vinculadas produtivamente ao sector cultural. Participaron neste laboratorio: cinco empresas galegas, cinco artistas de circo galegos, cinco empresas francesas e cinco artistas de circo franceses baixo a mediación de Roberto Gómez de la Iglesia de C2+i e de Morgan Cosquer.

• Taller de soundpainting circus.

Do 22 ao 25 de novembro no Museo Centro Gaiás. Impartido por Alfonso Medina. Tratouse dun proxecto de mediación e investigación entre as técnicas circenses e a improvisación escénica a través da linguaxe do soundpainting.

• Conversa e improvisación con clavos.

Do 26 ao 29 de novembro. Museo Centro Gaiás. Impartido por Walid El Yafi, malabarista integrante da compañía Nicanor de Elia. O obxectivo foi traballar o malabar dun xeito moi intuitivo, baseado na improvisación e o movemento.

Data: 17-29 de novembro de 2022

Espazo: edificio Fontán e Museo Centro Gaiás

Organiza: Pistacatro



Conexões-Conexións

15 de outubro de 2022 | Biblioteca de Galicia

A Cidade da Cultura acolleu o encontro Conexões-Conexións, un evento en forma de coloquio que reuniu a mozas e mozos de diferentes nacionalidades para debater sobre a proxección e utilidade do galego no marco internacional.

Organizado pola Rede de Dinamização Lingüística en colaboración coa asociación Juventude Unida dos Países de Língua Portuguesa, o encontro pretende mostrar o territorio da lusofonía como un espazo de oportunidades para a xuventude a nivel laboral, formativo, artístico e cultural, ao tempo que presenta o galego como unha ferramenta útil e atractiva para conectar con esta parte do mundo.

Participaron no coloquio Diego Garcia, de Portugal, Denilson Costa, de São Tomé e Príncipe, Manuel Simón Nóvoa, de Galicia e Josianny Furtado, de Cabo Verde, moderados por Charo Lopes. Trátase dunha reflexión colectiva dirixida e liderada pola xuventude e encamiñada a crear pontes coa lusofonía e descubrir as oportunidades que ofrece a integración neste espazo lingüístico do galego e as súas achegas a esta comunidade.

Este proxecto realízase ao amparo da Lei Paz-Andrade, aprobada por unanimidade en 2014 no Parlamento Galego para afondar no uso da lingua portuguesa e nos vínculos coa lusofonía, e conta con financiamento do Fondo TeCe Redes promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Data: 15 de outubro de 2022

Espazo: Biblioteca de Galicia

Organiza: Rede de Dinamização Lingüística

Colabora: Asociación Juventude Unida dos Países de Língua Portuguesa



Encontro Voluntariado Miúdo: Móvete

3 de xuño de 2022 | Biblioteca de Galicia e espazos exteriores

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado puxo en marcha no ano 2016 o proxecto 'Voluntariado Miúdo: Móvete', un novo programa de voluntariado na educación primaria, que xunto cos programas Pasaporte Solidario e Rede de Centros escolares Solidarios completa o ciclo da formación en materia de voluntariado na educación obrigatoria e bacharelato. A Cidade da Cultura foi o lugar elixido para acoller o encontro do voluntariado deste proxecto para o curso 2021-2022, no que participaron os seguintes colexios:

- CPR Plurilingüe Divina Pastora
- CEIP Plurilingüe Os Casais
- CEIP Plurilingüe San Marcos
- CPR Plurilingüe Luís Vives
- CEIP San Tomé
- CRA María Zambrano
- CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal
- CEIP Plurilingüe de Reibón

O programa pretende ser un instrumento para a formación integral do alumnado de educación primaria ao redor dos valores asociados ao voluntariado e á solidariedade. Os obxectivos principais son a inmersión nos valores solidarios e na acción voluntaria dende o comezo da etapa educativa obrigatoria e o traballo dos valores solidarios dende un contexto lúdico empregando a música como un mecanismo motivacional.

Co fin de acadar os obxectivos propostos deseñouse un proxecto en base á canción "Móvete" de Paco Nogueiras, canción que se emprega como instrumento didáctico inspirador dunha parte do proxecto, e que serve de reforzo aos nenos e nenas implicados.

Data: 3 de xuño de 2022

Espazo: Biblioteca de Galicia e espazos exteriores

Organiza: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado



Feira do Viño FEVINO

14 e 15 de xuño de 2022 | Museo Centro Gaiás, andar -1

Quinta edición do salón FEVINO, que contou coa participación de todos os sectores implicados no mundo do viño. Nesta edición presentouse un programa dedicado ao Camiño de Santiago, con traslado e celebración na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Datas: 14 e 15 de xuño de 2022

Espazo: Museo Centro Gaiás, andar -1

Asistentes: 600 persoas

Organiza: DEUVA Vinos y Gestión





FOROVAX Galicia 2022

16 e 17 de xuño de 2022 | Edificio CINC

A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a Asociación Española de Vacunología (AEV), coa colaboración de Sanofi Pasteur, organizou o evento FOROVAX Galicia 2022, un foro destinado a abordar os novos retos e estratexias en relación coa saúde pública e os programas de vacinación.

O foro desenvolveuse na Cidade da Cultura os días 15 e 16 de xuño. Ao longo de dúas xornadas abordáronse cuestións como a investigación en vacinas, a incorporación de vacinas ao calendario ou a evidencia científica en publicacións sobre vacinas, entre outras.

Contouse coa participación de destacados investigadores clínicos e expertos en microbioloxía e farmacéutica, representantes autonómicos con responsabilidades en materia de saúde pública e dos programas e rexistro de vacinacións en España e tamén especialistas en big data e dereito.

Data: 16 e 17 de xuño de 2022

Espazo: edificio CINC

Organiza: Xunta de Galicia, Asociación Española de Vacunología

Campionato Galego Escolar e Universitario de Orientación Deportiva

23 de abril de 2022 | Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

O Campionato Galego de Orientación Deportiva de Escolares e Universitarios, organizado polo club USC da Universidade de Santiago, celebrouse no Monte Gaiás coa participación de preto de 300 corredores/as. Esta especialidade deportiva consiste nunha carreira contrarreloxo onde cada participante, coa axuda simplemente dun mapa e un compás, ten que facer un percorrido pasando por unha serie de controis que figuran no devandito mapa. En cada un deses controis hai unha base electrónica na que o/a corredor/a rexistra o seu paso utilizando unha tarxeta. A persoa gañadora é o corredor ou corredora que emprega menos tempo en facer o percorrido establecido para a súa categoría.

Participaron preto de 100 corredores das tres universidades galegas e máis de 200 corredores/as escolares, de idades entre 12 e 16 anos pertencentes a diferentes centros educativos de Galicia e que se clasificaron nas respectivas probas provinciais.

Data: 23 de abril de 2022

Espazo: Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

Asistentes: 300 persoas

Organiza: USC





VIII Carreira Camiño das Letras

17 de maio de 2022 | Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

Co gallo do Día das Letras Galegas 2022, volveu á Cidade da Cultura a VIII Carreira Camiño das Letras, organizada por Xurdir coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Esta competición deportiva tivo lugar o martes 17 de maio en Santiago de Compostela e Boqueixón co obxectivo de unir a práctica deportiva coa conmemoración do Día das Letras Galegas e co simbolismo do Camiño de Santiago. Celebráronse dúas probas, unha de 15 Km con saída desde o Pico Sacro, seguindo a Vía da Prata ata a Cidade da Cultura, e outra de 5 Km, tamén na contorna da Cidade da Cultura.

Data: 17 de maio de 2022

Espazo: Bosque de Galicia e outros espazos exteriores

Organiza: Xurdir e Xunta de Galicia

07/ AS TORRES HEJDUK: O 'FARO' DO GAIÁS

As Torres Hejduk foron deseñadas en 1992 polo arquitecto John Hejduk (Nova York, 1929-2000) como torres botánicas para o parque compostelán de Belvís, pero non chegarían a ser unha realidade no seu emprazamento orixinal. Tras a morte de Hejduk, Peter Eisenman decidiu recuperar o proxecto do seu amigo e compañeiro no The New York Five –grupo que mellor representa o espírito do neo-racionalismo arquitectónico– e propuxo a súa construción na Cidade da Cultura.

Actualmente, estas torres úsanse como un espazo expositivo non convencional acollendo intervencións artísticas e, ademais, a torre de cristal das Hejduk é iluminada en diferentes cores, a petición de todo tipo de institucións, asociacións ou organizacións sen ánimo de lucro, con motivo de diferentes causas sociais. En 2022, as Hejduk alumearon, entre outras, por efemérides como:

Día Mundial Contra o Cancro

Día Internacional da Muller | 8M

Día Mundial da Concienciación sobre o Autismo

Día Internacional das Urxencias e Emerxencias

Día das Letras Galegas

Día Nacional das Linguas de Signos

Día Mundial da ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica)

Día Internacional do Orgullo LGBTIQ+

Día Mundial contra o Cancro de Mama

Día para a eliminación da violencia machista



08/ COMUNIDADE

O Gaiás na rede

A Cidade da Cultura dispón dunha páxina web, un servizo de envío de newsletter e canles nas principais redes sociais (Facebook, Twitter e Instagram) nas que informa das súas actividades. O Gaiás conta cunha ampla comunidade online que segue puntualmente as actualizacións, publicadas diariamente no caso das redes sociais e con periodicidade variable e adaptada ás necesidades de comunicación da institución no caso da web e a newsletter.

Nº de accesos á páxina web cidadedacultura.gal (1 xaneiro-31 decembro 2022)	354.544 sesións
Nº de seguidores en redes sociais a 31 de decembro de 2022	100.081 seguidores

O Club Gaiás

En decembro de 2014, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha un programa de fidelización de usuarios denominado Club Gaiás. Dende entón, **preto de 5.000 persoas** déronse de alta como socias deste programa.

As persoas inscritas no Club Gaiás, ademais de estar puntualmente informadas de todas as actividades que teñen lugar no complexo, gozan de beneficios exclusivos, que son unha forma de agradecemento por ser parte da Cidade da Cultura:

- Desconto de entre o 10 e o 40% en espectáculos da programación da Cidade da Cultura.
- Desconto do 50% nas audioguías.
- Ofertas de último minuto.
- Acceso a eventos exclusivos.
- Visitas guiadas ás exposicións temporais cun carácter privado e exclusivo.
- Cartón persoal individualizado.
- Descontos en artigos referenciados nas tendas online e do Museo Centro Gaiás.
- Sorteio de invitacións para determinados espectáculos e eventos.



